



PARLAMENTO  
DE GALICIA




## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X leislatura  
Serie Pleno  
Número 75

**Sesión plenaria**  
6 de xuño de 2018

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## Orde do día

---

### Punto 4. Proposicións non de lei

#### 4.5 30476 (10/PNP-002257)

##### Grupo Parlamentario Popular de Galicia

##### Antón Vilasánchez, María Ángeles e nove deputados/as máis

Sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

#### 4.6 30674 (10/PNP-002263)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Torrado Quintela, Julio e Blanco Rodríguez, Noela

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

#### 4.7 30849 (10/PNP-002284)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Rodil Fernández, Olalla e cinco deputados/as máis

Sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 309, do 23.05.2018

### Punto 5. Interpelacións

#### 5.1 18190 (10/INT-000595)

##### Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

##### Vilán Lorenzo, Patricia e tres deputados/as máis

Sobre o tratamento de residuos líquidos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 191, do 11.10.2017

#### 5.2 23550 (10/INT-000783)

##### Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

##### Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado do traballo en Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 247, do 25.01.2018

**5.3 30608 (10/INT-001014)****Grupo Parlamentario de En Marea****Lago Peñas, José Manuel**

Sobre a situación do sistema financeiro galego

Publicación da iniciativa, BOPG nº 305, do 16.05.2018

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 31498 (10/POPX-000094)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o Partido Popular de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**6.2 31499 (10/POPX-000095)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**6.3 31502 (10/POPX-000096)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis**

Sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 31436 (10/PUP-000168)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Losada Álvarez, Abel Martín e dous deputados/as máis**

Sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**7.2 31460 (10/PUP-000169)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis e trece deputados/as máis**

Sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as necesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**7.3 31473 (10/PUP-000170)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Castiñeira Broz, Jaime e sete deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

**7.4 26175 (10/POP-003111)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

Díaz Villoslada, Juan Manuel e dous deputados/as máis

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña

Publicación da iniciativa, BOPG nº 264, do 21.02.2018

**7.5 26702 (10/POP-003179)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 268, do 28.02.2018

**7.6 28710 (10/POP-003377)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Torrado Quintela, Julio e dous deputados/as máis**

Sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

**7.7 29945 (10/POP-003508)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso e oito deputados/as máis**

Sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas

Publicación da iniciativa, BOPG nº 299, do 03.05.2018

**7.8 28622 (10/POP-003367)****Grupo Parlamentario de En Marea****Vázquez Verao, Paula**

Sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 289, do 11.04.2018

**7.9 31430 (10/PUP-000167)**

**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

**Prado Cores, María Montserrat e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminaría nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa

Publicación da iniciativa, BOPG nº 312, do 30.05.2018

## SUMARIO

---

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o Partido Popular de Galicia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 13.)

*O señor presidente ordena a retirada do Diario de Sesións dalgunhas expresións do discurso da señora Pontón Mondelo (BNG) e chámala á orde.* (Páx. 14.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 14.)

Réplica da autora: *Sra. Pontón Mondelo (BNG).* (Páx. 16.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 16.)

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 18.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 20.)

Réplica do autor: *Sr. Fernández Leiceaga (S).* (Páx. 21.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 22.)

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia.** (Punto sexto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 23.)

Contestación do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 25.)

Réplica do autor: *Sr. Villares Naveira (EM).* (Páx. 26.)

Réplica do presidente da Xunta de Galicia: *Sr. Núñez Feijóo.* (Páx. 27.)

*A señora Pontón Mondelo (BNG) solicita a palabra con base no artigo 76.2 do Regulamento para amosar o seu rexeitamento en relación cunha expresión do presidente da Xunta e mantén un diálogo co señor presidente sobre este asunto. (Páx. 29.)*

*O señor presidente concédelle a palabra ao señor Fernández Leiceaga (S), que intervén para facerlle unha solicitude ao señor presidente relacionada coas retiradas de expresións do Diario de Sesións. (Páx. 31.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación. (Punto cuarto da orde do día.)**

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sra. Antón Vilasánchez (P). (Páx. 32.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 34.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 36.) e Sr. Cal Ogando (EM). (Páx. 37.)*

*Nova intervención da señora Antón Vilasánchez (P). (Páx. 39.)*

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 41.)*

*Intervención do grupo autor da proposición non de lei: Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 42.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: Sra. Prado Cores (BNG) (P) (Páx. 46.) e Sra. Solla Fernández (EM). (Páx. 48.)*

*Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: Sr. Núñez Centeno (P). (Páx. 50.)*

*O señor Torrado Quintela (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 52.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente anuncia as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 54.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG)*. (Páx. 54.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Pierres López (S) (P)*. (Páx. 57.)

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quinteiro Araújo (EM)* (Páx. 58.)  
e *Sra. García Míguez (P)*. (Páx. 60.)

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 61.)

### ***Votación das proposicións non de lei***

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción: *aprobado por 69 votos a favor.* (Páx. 63.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente: *aprobada por 38 votos a favor, 17 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial: *aprobado por 49 votos a favor, 14 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 64.)

Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial: *aprobado por 69 votos a favor.* (Páx. 64.)

Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)



Votación do punto 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial: *rexeitado por 31 votos a favor, 38 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 65.)

Votación do punto 6 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial: *aprobado por 69 votos a favor.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autónomas: *rexeitada por 25 votos a favor, 38 en contra e 6 abstencións.* (Páx. 66.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego: *rexeitada por 17 votos a favor, 38 en contra e 14 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación: *aprobada por 38 votos a favor, 11 en contra e 20 abstencións.* (Páx. 67.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán: *rexeitado por 14 votos a favor, 38 en contra e 17 abstencións.* (Páx. 67.)

*A señora Rodil Fernández (BNG) le o texto transaccionado sobre a proposición non de lei que se vai votar a continuación.* (Páx. 68.)

Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orza-

mento necesario para o desenvolvemento da súa actividade: *rexeitado por 29 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención.* (Páx. 68.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tratamento dos residuos líquidos.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 69.)

Resposta da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 71.)

Réplica da autora: *Sra. Vilán Lorenzo (S).* (Páx. 75.)

Réplica da Xunta: *Sra. conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio (Mato Otero).* (Páx. 76.)

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 78.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 81.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG).* (Páx. 83.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López).* (Páx. 85.)

**Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a situación do sistema financeiro galego.** (Punto quinto da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Sánchez García(EM).* (Páx. 87.)

Resposta da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 89.)

Réplica do autor: *Sr. Sánchez García(EM).* (Páx. 92.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Facenda (Martínez García).* (Páx. 93.)

*Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro e corenta minutos da tarde.*

*O señor presidente anuncia o debate acumulado de varias preguntas.* (Páx.)

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui.** (Punto sétimo da orde do día.)

**Pregunta de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as ne-**

**cesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui.** (Punto sétimo da orde do día.)

**Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención dos autores: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 96.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 97.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 98.)

Contestación da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 100.)

Réplica dos autores: *Sr. Losada Álvarez (S)* (Páx. 103.), *Sr. Villares Naveira (EM)* (Páx. 104.) e *Sr. Rodríguez Pérez (P)*. (Páx. 105.)

Réplica da Xunta: *Sr. vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza (Rueda Valenzuela)*. (Páx. 106.)

**Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 109.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 110.)

Réplica do autor: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 111.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía e Industria (Conde López)*. (Páx. 112.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminaría nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 113.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 114.)

Réplica da autora: *Sra. Prado Cores (BNG)*. (Páx. 115.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Economía, Emprego e Industria (Conde López)*. (Páx. 116.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 117.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 118.)

Réplica da autora: *Sra. Presas Bergantiños (BNG)*. (Páx. 120.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 121.)

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 123.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 124.)

Réplica do autor: *Sr. Torrado Quintela (S)*. (Páx. 125.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 126.)

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 128.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 129.)

Réplica do autor: *Sr. Núñez Centeno (P)*. (Páx. 130.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Sanidade (Vázquez Almuíña)*. (Páx. 131.)

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade.** (Punto sétimo da orde do día.)

Intervención da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 132.)

Contestación da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 133.)

Réplica da autora: *Sra. Vázquez Verao (EM)*. (Páx. 134.)

Réplica da Xunta: *Sr. conselleiro de Política Social (Rey Varela)*. (Páx. 135.)

*O señor presidente, antes de pechar a sesión plenaria, anuncia unha xornada que se celebrará en vindeiros días no Parlamento sobre os efectos negativos da exposición solar e a prevención de enfermidades relacionadas.* (Páx. 137.)

*Remata a sesión ás seis e trinta e dous minutos da tarde.*

*Retómase a sesión ás dez e tres minutos da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos coa sesión, pero antes permítanme saudar os alumnos do Programa Universitario para Maiores, de Pontevedra, que hoxe nos acompañan e visitan este Parlamento.

Benvidos a este Parlamento.

Comezamos co punto sexto da orde do día, preguntas para resposta oral do presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D<sup>a</sup> Ana Pontón Mondelo, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a valoración do presidente da Xunta de Galicia relativa á corrupción na trama Gürtel e o Partido Popular de Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Moitas grazas, presidente.

Moi bo día, señor Feijóo.

Desde a última sesión de control ata hoxe levamos vivido un auténtico terremoto político que podemos resumir en dous fitos: o Partido Popular é o único partido de Europa (...) (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retirouse esta expresión do Diario de Sesións.*) e por primeira vez cae un goberno do Estado a través dunha moción de censura.

Ao longo destes dez días que conmocionaron o PP, vostede perdeu a oportunidade de comparecer no Parlamento e impulsar unha investigación sobre a trama galega da Gürtel. Polo contrario, o que preferiu foi dar instrucións para manipular a TVG e recitarnos o argumento de urxencia que se puxera en marcha desde Génova. Así, nega a condena por corrupción do PP, nega que a trama Gürtel nace en Galiza da man de Pablo Crespo, nega que o PP galego gañou as eleccións dopado con diñeiro negro, (*Aplausos.*) nega os 1,8 millóns de donativos opacos ao PPdeG certificados por Bárcenas e os 2.500 contratos asinados pola Xunta en tempos do Partido Popular con 16 empresas da trama, e nega que vostede contratou empresas da trama para as eleccións de 2009 e de 2011.

En todo caso, seguramente no PP hai moita xente que pensa que coa dimisión de Rajoy se pechou o debate sobre a corrupción. Pero estamos só ante a punta do iceberg, quedan outras pezas da Gürtel por xulgar e temos indicios de que no Partido Popular de Galiza tamén había caixa «b».

Por iso o BNG reclama que, como mínimo, eses contratos nos que aparece vinculada a trama Gürtel con Galiza se investiguen polo Consello de Contas. Se non ten nada que agochar, levante o veto a esa investigación.

Pero, ademais, (...) (*Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retirouse esta expresión do Diario de Sesións.*) isto provocou a caída do señor Rajoy e isto deixa

unha incógnita que é necesario despexar: ¿vai seguir como presidente da Xunta até o final da lexislatura?, ¿vai manter a súa palabra de que o primeiro é Galiza ou prefire postularse para presidir este partido (...) *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retireuse esta expresión do Diario de Sesións.)*?

Porque, señor Feijóo, o que sería indecente é que utilice a Galiza como sala de espera VIP mentres agarda polo seu avión para Madrid. O que sería un insulto aos galegos e ás galegas é que vostede cobre como presidente da Xunta e teña a súa cabeza ocupada nos líos do Partido Popular. *(Aplausos.)*

Por iso, non pode rematar esta sesión de control sen que vostede nos aclare estas dúas cuestións: primeiro, se vai dar luz verde a que se investiguen eses 2.500 contratos asinados pola Xunta do Partido Popular coas empresas da trama Gürtel; e, segundo, se vai vostede seguir como presidente de Galiza ou vai postularse para presidir este partido (...) *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, retireuse esta expresión do Diario de Sesións.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

*(Murmurios.)*

Onte á tarde xa falamos desta situación, señora Pontón, onte á tarde falamos desta situación. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¡Por favor, señora Prado! ¡Por favor!

Eu xa expliquei, creo que con bastante claridade, que eu aquí me deixo levar polos informes xurídicos dos letrados, non como noutros parlamentos onde non se teñen en conta os letrados. E neste caso teño un informe no que me din determinadas expresións que non debo consentir e polas que debo chamar á orde. Entre elas figura a que vostede mencionou. Polo tanto, eu pídolle —sabe cales son— que as retire porque, se non, téñoas que retirar eu e consecuentemente chamala á orde. Pídolle que retire esas expresións.

Déanlle voz, por favor.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Eu, señor presidente, con todo o respecto que sabe que lle teño, comprenderá que eu non podo retirar o que di unha sentenza da Audiencia Nacional. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Non di iso.

Queda retirada esa expresión e ten unha chamada á orde a señora Pontón.

Resposta do señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.



Comprendo que ultimamente a señora Pontón non distingue a verdade da mentira. Leva vostede tres intervencións, en tres sesións de control, sorprendentes. A primeira, cando se lle imputaba a este grupo non pedir, non defender e non xestionar a autoestrada do Atlántico e vostede ocultaba que a súa señoría votara en contra da transferencia da autoestrada do Atlántico —primeira falsidade—.

A segunda falsidade, señoría, foi cando vostede, na última sesión antes de agora, dixo que nós fixeramos unha auditoría sobre as caixas e que esa auditoría reflectía que esa fusión non era recomendada pola empresa auditora, ocultando vostede que sempre votou en contra de que a Xunta de Galicia solicitara esa auditoría das caixas, que finalmente fixemos e que o que veñen a acreditar —non unha senón tres— é que esa fusión tecnicamente era viable —segunda mentira—.

E a terceira mentira, a terceira falsidade, acaba de reflectila hoxe. Di que o Partido Popular está condenado por corrupción —terceira mentira—. Señoría, os únicos partidos que están condenados por corrupción son os seus socios aliados nas eleccións europeas e o seu socio que apoiou no Goberno de España. Só eses dous están condenados por corrupción desde o punto de vista do financiamento dos seus partidos políticos.

Señora Pontón, ¿que lle ocorre?, ¿que lle pasa?, ¿por que está tan nerviosa? Realmente esa é a pregunta que todos nos facemos. Incluso ignora que remitimos á Cámara 2.500 contratos en decembro do ano 2013. O que non quere dicir, señoría, é que, deses 2.500 contratos que se referían a 16 empresas —¡que novidade!—, 13 delas recibiran máis recursos durante a lexislatura do Bipartito que durante a lexislatura do Partido Popular. (*Fortes murmurios.*)

Señora Pontón, ¿por que mente tanto vostede aos galegos? Creo que vostede non debería mentir con tanta intensidade. Algo ocorre no BNG. Non é normal que o BNG, partido nacionalista, estea en contra do mantemento dunha entidade financeira en Galicia. Non é normal. Non é normal que un partido nacionalista, simplemente por rirle as grazas á ministra do «Plan Galicia de mer...», votara en contra da transferencia da autoestrada do Atlántico, non é normal. E non é normal, señoría, que vostedes se paseen co señor Puigdemont por Bruxelas e digan que é un home valente.

Señora Pontón, indígname todo tipo de corrupción, afecte a quen afecte; e, por suposto, as que afectan o meu partido, con máis intensidade. Non o digo hoxe, está no *Diario de Sesións* do ano 2010, volve estar no *Diario de Sesións* do ano 2013, segue estando no *Diario de Sesións* do ano 2016 e sigo dicindo no ano 2018. Non vou cambiar de opinión. Nunca o fixen. Lamentablemente, nunca lle escoitei a vostede que lle repugnen as corruptelas descubertas no Bloque Nacionalista Galego. (*Murmurios.*) Eu non teño ningún inconveniente en dicilo. Repúgnanme e lamento as corruptelas descubertas no meu partido. Asumimos os erros, sen ningunha dúbida, e é evidente que no seo do Partido Popular se produciron graves erros de control, sen dúbida, e por iso hai un ex-tesoureiro condenado e varios alcaldes condenados.

O que quero dicirlle, señoría, é que non se debe manipular o que di a sentenza. E o que di a sentenza, nada máis e nada menos, é que non hai ningunha condena ao Partido Popular por corrupción, ningunha. Vostede volve mentir á Cámara por terceira vez consecutiva.

Señora Pontón, con todos os respectos, non hai un só parágrafo desa sentenza que faga referencia...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** ...ao Partido Popular de Galicia, ¡nin un só parágrafo! Polo tanto, cuarta mentira de forma continuada.

O que si lle digo, señora Pontón, é que en política hai que estar sen necesidade de acudir á mentira. E por iso, señora Pontón, lamento que a súa biografía estea pragada de mentiras.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica da señora Pontón.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor Feijóo, a única persoa que sabemos cen por cento que mentiu foi o señor Rajoy cando foi testificar en relación coa corrupción do Partido Popular. *(Aplausos.)* Porque o di, ademais, unha sentenza, claro.

Todos mentimos, todos mentimos menos o PP, que, como se sabe, é o gardián da verdade. *La Voz de Galicia:* «La justicia condena al PP por corrupción». *La Opinión:* «La sentencia de la Gürtel condena al PP». *El País:* «Condenado el PP». O ABC, señor Feijóo: «La condena al PP...». *El Progreso:* «La condena al PP en el caso Gürtel». ¿Quen mente, señor Feijóo, cando nega a corrupción do Partido Popular? *(Aplausos.)*

Pero é que é máis. O que di esta sentenza é que se creou un auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional a través de mecanismos de manipulación da contratación pública central, autonómica e local, señor Feijóo. Isto é o que di a sentenza dun xuíz. E vostede vén aquí a demostrarnos que o único que sabe facer é repetir o argumentario creado por Génova *(Aplausos.)* ante unha situación tan grave na que nin piden perdón nin asumen o grave problema que ten o seu partido.

E claro que hai vínculos co Partido Popular de Galiza. Vostede mantivo a Pablo Crespo no consello de Portos de Galicia e nunca explicou por que. Hai 1,8 millóns de euros de diñeiro opaco, certificados por un xerente do Partido Popular de Galicia, certificados por Bárcenas, e vostede aquí non enviou nin un só documento nin un só expediente deses contratos. Enviounos, si, un listado que non di absolutamente nada. Se non ten nada que ocultar, señor Feijóo, permita que haxa unha investigación sobre esa derivada da trama galega da Gürtel.

E, por último, vén aquí, coma sempre, facer escapismo. Vostede ten que dicirnos se vai cumprir con que Galiza é o primeiro ou simplemente está utilizando Galiza como sala de espera VIP a ver se nalgún momento sae ese avión para Madrid. E eu, efectivamente, creo que vostede ten todo o dereito do mundo a postularse ao que vostede considere. Tamén creo, francamente, que, se a alternativa que ten o Partido Popular á corrupción que aparece na



sentenza da Gürtel é un Feijóo que leva na súa mochila as fotos cun narcotraficante, realmente a situación do Partido Popular é moito peor do que parece.

Pero hoxe vostede non pode seguir facendo escapismo e ten que dicirnos se está na súa cabeza seguir como presidente ou se realmente o que vai facer é postularse para suceder a Rajoy. Porque creo, señor Feijóo, que os galegos e galegas non merecemos ter un presidente que utiliza Galiza como sala de espera e, sobre todo, os galegos e as galegas non merecemos que vostede cobre por presidir a Xunta de Galiza...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ... pero que en realidade exerza só como presidente do PP.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pontón.

Peche desta pregunta polo señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señoría, efectivamente, cada un elixe os seus referentes políticos. Eu teño unha serie de vicios, como vostede me di, unha serie de manías. Efectivamente, eu prefiro ao señor Rajoy que ao señor Carlos Marx, por exemplo; prefiro ao señor Rajoy que ao señor Puigdemont e prefiro ao señor Rajoy que ao señor Otegi. Vostede non, o cal non significa, en consecuencia, que vostede estea equivocada. Siga vostede no ámbito do señor Marx, do señor Puigdemont e do señor Otegi. *(Aplausos.)* Nós imos seguir sen ningunha dúbida no ámbito dun demócrata. *(Aplausos.)*

Señora Pontón, acaba vostede de facer unha intervención que volve constar no *Diario de Sesións* porque vostede non le a sentenza, le os periódicos. E entón chega á conclusión de que está condenado o Partido Popular. Señora Pontón, esa falta de rigor á que nos vén acostumando na súa portavocía eu pensei, dende o principio da lexislatura, que a ía mudar. Pero non, señora Pontón, é que cada quince días vostede segue insistindo na falta de rigor, na frivolidade. E vaille pasar coma a algún outro portavoz dalgún grupo parlamentario na Cámara, que ninguén a vai tomar en serio, señora Pontón.

Mire, o que di a sentenza exactamente é que puido beneficiarse dun delito, sen coñecer nin participar no mesmo —leo textualmente—. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* E por iso o Partido Popular foi multado. *(Murmurios.)* E engado, señora Pontón, que esta sentenza é provisional. Veremos a ver o que di o Tribunal Supremo. Hai un maxistrado desta sentenza que di que entende —ese maxistrado— que para o PP ha de ditarse unha sentenza absoluta, sen necesidade de entrar na prescrición. Dous están en contra desta tese; un, a favor desta tese.

Polo tanto, non hai ningún maxistrado en España que condenara o Partido Popular por corrupción —de momento—, señora Pontón. Se algunha vez o hai, eu serei o primeiro en recoñecelo e en acatalo.

Comprendo, señoría, que para vostedes acatar as sentenzas non forma parte do seu ideario político; para min, si, non teña vostede ningunha dúbida.

Señora Pontón, non lle vou falar dos asuntos que aínda están sen aclarar e que afectan o seu partido e un membro do Goberno do BNG. Aínda non lle vou falar diso porque creo que, honradamente, non merece a pena.

Señora Pontón, se vostede me quere preguntar máis cousas, ten vostede a próxima sesión de control. Volverémonos ver o 20 de xuño e pode preguntarme o que considere oportuno, sen ningunha dúbida. Pero eu propóñolle que abandone vostede a falacia, a mentira, a falsidade, a inxuria, a calumnia. É que iso está moi mal na historia dun partido nacionalista como o BNG. Unha cousa é que vostedes estean equivocados ou trabucados e outra cousa é que se convertan nun partido que mente aos galegos de forma continuada. E dígollo con absoluta cordialidade porque, mire, eu non lle desexo, para nada, que vostede siga no ostracismo político. Pero teñen un problema. Con intervencións así, vostedes están a punto de ser tan irrelevantes como son no Congreso dos Deputados e no Senado. E por iso, señora Pontón, creo que vostedes deberían cambiar e mudar as súas propostas e as súas consideracións. Dígollo con absoluta tranquilidade.

Mire, señora Pontón, dende que coñecín as actividades irregulares de membros do meu partido dixen o que tiña que dicir: avergóñome de determinadas conductas de membros que foron do meu partido. Esa é a miña biografía política. Na súa aínda non escoitei unha soa vez que se avergoñe vostede de determinadas actitudes de membros do seu partido.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** É a gran diferenza, señora Pontón, entre vostede e nós.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta de D. Xoaquín María Fernández Leiceaga, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a valoración polo presidente da Xunta dos efectos para Galicia dos recentes acontecementos que sacudiron a política española**

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Bos días.

Señor Núñez Feijóo, neste tempo acelerado a verdade é que esta pregunta aberta que fixen hai dez días hoxe ten varias posibilidades. Imos empezar polo que se estaba discutindo.

A primeira sentenza do caso Gürtel —quedan bastantes— claramente pecha un ciclo e abre outro na política española. E eu creo que a sentenza —seguramente imos poñernos de acordo— ten catro feitos probados.

O primeiro é que o Partido Popular era responsable a título lucrativo e, por tanto, non está condenado penalmente porque os feitos, como di a propia sentenza, son anteriores á reforma do Código penal de 2010, suxerindo os maxistrados que hoxe si sería condenado penalmente.

En segundo lugar, di a sentenza, como feito probado, que existía un sistema de corrupción institucionalizado onde había un grupo correa empresarial e un conxunto de membros do Partido Popular que estaban nas institucións e no partido que procedían a prácticas que hai que cualificar de corruptas —non creo que a palabra «corrupción» sexa negada polos letrados da Cámara—, con ramificacións múltiples, non só nos concellos, senón en varias comunidades autónomas, Administración central e bastantes administracións municipais no conxunto do territorio de España.

En terceiro lugar, di a sentenza —falta aínda unha peza separada sobre isto— que existía unha caixa «b» no Partido Popular cando menos desde 1989, da que a dirección do Partido Popular cobraba sobresoldos regularmente; caixa «b» que se nutría de achegas empresariais de procedencia ilícita —estou citando textualmente— cun marcado carácter finalista —tamén textual—.

E, cuarto, a sentenza, recollendo as teses do ministerio fiscal, pon en cuestión a veracidade e a credibilidade do anterior presidente do Goberno, entre outros altos responsables do Partido Popular —algúns aínda na política activa—.

Señor Núñez Feijóo, estaremos de acordo seguramente en que precisamos poñer un final a un tempo político de corrupción e impiedade, impulsando a exemplaridade pública nas nosas accións. E claramente eu tamén condeno todas aquelas prácticas deste tipo que foron feitas polos militantes do meu partido ou de calquera outro. Debemos recuperar a confianza nas institucións porque ese é un ben público.

Vostede é presidente da Xunta de Galicia, pero tamén —non sei, desde o ano 2000— militante do Partido Popular. Precisamos —falo desde Galicia— establecer un *firewall*, un muro de separación claro entre as prácticas do Partido Popular e as institucións de Galicia. E precisamos porque o noso autogoberno e a nosa cidadanía así o merecen.

Eu fágolle dúas preguntas. Señor Núñez Feijóo, o señor Rajoy non asumiu responsabilidades políticas. Se vostede estivese na súa situación, ¿tería feito o que el fixo ou asumiría algún tipo de responsabilidades políticas despois de coñecer a sentenza do caso Gürtel? Señor Núñez Feijóo, hai un responsable do seu partido que, en contra do que dicía despois a señora De Cospedal, dixo: «*Lo que nos interesa es el pronunciamiento de la justicia, porque es inapelable*». ¿Está vostede de acordo con esta frase ou non? E iso é o importante porque o vai clarificar a cidadanía de Galicia e hoxe seguramente tamén é relevante para España cal é a súa posición real sobre estes asuntos. Non abonda con pedir perdón, hai que asumir responsabilidades políticas. E hai que corrixir esas prácticas. Sobre a caixa «b» en Galicia, as declaracións de Bárcenas, de Pablo Crespo e dun tesoureiro do Partido Popular dicían que estaba funcionando, cando menos, ata o 2006. E sígolle preguntando: ¿cando acabaron esas prácticas? ¿Como se lles puxo fin a esas prácticas? Sería bo para toda a Cámara e para a cidadanía de Galicia que o souberamos.

E propóñolle que retomemos aquelas iniciativas do noso grupo, entre outros, que foron votadas en contra por vostede e polo seu grupo: a solicitude dunha oficina anticorrupción en Galicia, dunha fiscalía anticorrupción en Galicia; a regulación dos *lobbys*; impulsar a protección dos denunciante internos da Administración, que permite...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...controlar e corraxir as situacións dese tipo. E, se quere, podemos retomar a pechada en falso Comisión de Estudo e Prevención da Corrupción, da anterior lexislatura, e darlle un novo impulso para que Galicia e a súa administración...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** ...se poñan á fronte destas prácticas en toda España.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas.

Señor Leiceaga, agradézolle que diga na Cámara que, efectivamente, o Partido Popular non está condenado por un delito de corrupción, deixando en evidencia a señora Pontón, do BNG. Agradézollo porque é empezar a falar algo en serio sobre este asunto. O que si me sorprende é que vostede fale de «sentenza» e á vez fale de «inapelable», cando vostede sabe que esta sentenza é provisional e, en consecuencia, apelable. Polo tanto, cando teñamos unha sentenza inapelable poderemos dar un xiro correcto, razoable e proporcional aos actos e aos delitos presuntamente cometidos.

Como vostede me acaba de dicir, o importante non é só pedir perdón, por suposto. Hai que facer moitas máis cousas. Por exemplo, señoría, o que fixemos foi tipificar no Código penal o financiamento irregular dos partidos políticos; iso si, co voto en contra do Partido Socialista. O que fixemos foi darlles e exixir responsabilidade penal aos partidos políticos, non só tipificando o delito, co voto en contra do Partido Socialista. O que aumentamos foron os anos de inhabilitación e os anos de prescrición por delitos de cohecho e de tráfico de influencias, co voto en contra do Partido Socialista. O que fixemos foi modificar a Lei de contratos e prohibirlles concorrer ás licitacións a aquelas empresas que foran condenadas por financiar ilegalmente os partidos, co voto en contra do Partido Socialista. E o que fixemos foi reforzar e reformar o funcionamento dos partidos políticos e prohibir as doazóns anónimas, as doazóns das empresas e a condonación —tome nota, señor Leiceaga— dos créditos aos partidos políticos, e sorprendentemente —ou non tan sorprendentemente— co voto en contra do Partido Socialista Obreiro Español.

E o que fixemos nesta Cámara foi non só aceptar, por suposto, as leis do Estado, senón reforzar o control do financiamento, prohibindo tamén as doazóns das empresas e das persoas físicas

cando estean relacionadas con empresas contratistas da Administración, co voto en contra do Partido Socialista. E o que fixemos foi atribuír ao Consello de Contas, por primeira vez, unha función específica de prevención da corrupción, co voto en contra do Partido Socialista.

Polo tanto, señor Leiceaga, por resumir, dende o Partido Popular sentimos vergoña pola actitude e polas actuacións de determinados cargos que foron do Partido Popular, sen dúbida. Agora, sentímonos orgullosos do bloque legal máis amplo que se fixo contra a corrupción dende que hai democracia en España. Iso aprobouno o Partido Popular en Madrid e o Partido Popular de Galicia aquí, co voto en contra do Partido Socialista. *(Aplausos.)*

Señor Leiceaga, como vostede sabe, o importante son as sentenzas inapelables. Se vostede quere falar de sentenzas inapelables sobre financiamento irregular do Partido Socialista ou do Partido Popular, temos aínda este turno de réplica.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Fernández Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Si, o que falaba de que «*lo que nos interesa es el pronunciamiento de la justicia, porque es inapelable*» era vostede nunha entrevista de Europa Press no ano 2015, *(Risos.) (Aplausos.)* era vostede mesmo.

Non, non, é que, fíxense, a xustiza xa se pronunciou, e ese pronunciamento fixo caer un presidente do Goberno de España, que a continuación marcha como presidente do seu partido. Algunha importancia, algunha rotundidade, debe ter isto. Eu esperaba que mantivera esa posición, pero xa vexo que van cambiando as posicións en función do que lle interese a un mesmo.

Tamén vexo que está moi interesado no que se fixo no Congreso, en España. Está ben. Eu supoño que empezará a preguntarse cal vai ser o seu futuro, e tamén a nosa cidadanía. E o seu grupo empeza a preguntarse tamén quen será presidente da Xunta de Galicia no próximo período de sesións. ¿Poderá en novembro vostede cantar, con Marta Sánchez, *El que sigue aquí soy yo?* *(Risos.)* Porque esa sería unha boa pregunta para responder. E hai unha incerteza que se combate con transparencia e con claridade. Temos dereito a saber cal é o seu calendario, porque é un calendario de interese público, non porque a min me preocupe máis ou menos o que vaia facer vostede, senón porque vostede é o presidente da Xunta de Galicia e temos dereito a que eses procesos se resolvan con rapidez. Porque a interinidade prexudica a Galicia.

Vostede, en termos políticos, xa é aquí o que os norteamericanos dirían un «pato coxo», porque ten un tempo político limitado. E iso non é pexorativo, é unha referencia dos politólogos.

En plena recuperación ¿vai impulsar proxectos estratéxicos se o seu horizonte son meses? ¿Vai enfrontarse ás teses do seu partido en Madrid ou en Valencia cando ao mesmo tempo

pode estar pedíndolles aos militantes do seu partido que o respalden cos seus votos e cando podemos discrepar en temas tan importantes como o financiamento autonómico ou as prioridades das infraestruturas? É lexítimo perfectamente querer ser o máximo responsable do PP. Eu deséxolle os mellores éxitos nesa tarefa. Pero ten que cambiar rapidamente de pel, porque non se pode ser ao mesmo tempo militante de Galicia e querer ser o máximo militante do Partido Popular. (*Murmurios.*) E esa diferenza... (*Murmurios.*) constitúe unha tensión razoable, hai que resolvela rápido. Por iso eu lle exixo claridade tamén sobre estes temas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Leiceaga.

Peche da pregunta por parte do señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

Efectivamente, señor Leiceaga, reitero que, cando a xustiza, de forma inapelable, fala, hai que acatar a sentenza, sen dúbida. Incluso, por suposto, temos que acatar todas as sentenzas dos órganos xurisdiccionais aínda que sexan provisionais. Hai unha sentenza definitiva posta polo Tribunal Supremo. Permítame lerlle o décimo segundo parágrafo, como feitos probados: «*A mediados de 1987 se inició lo que poco después iba a ser un conglomerado de sociedades cuyo fin primordial era, de la manera que se dirá, la creación de fondos económicos necesarios para hacer frente a los gastos originados del Partido Socialista Obrero Español para las campañas electorales — elecciones generales y europeas del año 1989—, con lo cual, sin perjuicio de atender también a la financiación ordinaria, se soslayaban los límites...*» (*Murmurios.*) —señor Leiceaga, ¿non lle interesa a sentenza? É que esta é inapelable, señor Leiceaga, esta é inapelable. (*Murmurios.*) Polo tanto, cando me falan vostedes ou os nacionalistas do primeiro partido de Europa condenado por financiamento irregular, señor Leiceaga, agora entendo por que vostedes votaron en contra de que se tipifique o delito de financiamento irregular dos partidos políticos no Código penal. Enténdoo perfectamente, señor Leiceaga. (*Aplausos.*)

Pero, señor Leiceaga, seguro que vostede e mais eu imos ter posibilidade de seguir disfrutando desta sesión de control. Fágame vostede esta pregunta o 20 de xuño e, se quere, acúmúlea coa da señora Pontón.

Pero o que está claro, señor Leiceaga, é que, dende que estou aquí, vin cinco portavoces do Partido Socialista Obreiro Español, cinco. En primeiro lugar, o respectado presidente Touriño; en segundo lugar, o señor Vázquez; en terceiro lugar, o secretario xeral do Partido Socialista, que non estivo aquí, o señor Besteiro; en cuarto lugar, o meu honorable profesor, o señor Leiceaga.

Señor Leiceaga, ¿pode vostede comprometer nesta Cámara que vai seguir sendo portavoz dentro dunhas semanas? (*Risos.*) Pregunto, pregunto dende a cordialidade e dende a amizade que nos profesamos, señor Leiceaga. Eu, dende logo, tamén lle proponho que teña vostede o



mellor dos destinos posibles. Pero que me fale vostede a min de estabilidade dende a súa portavocía, señor Leiceaga, é, cando menos, un sarcasmo.

Pero, señor Leiceaga, vostede e eu sabemos perfectamente que esta moción de censura pouco ten que ver con esa sentenza provisional da Audiencia Nacional. Non, a moción de censura estaba prevista dende o inicio da lexislatura, pero non desde o inicio da lexislatura do ano 2016. Non, dende aquel bloqueo de España durante un ano, o daquel «no es no». Dende se momento, vostedes tomaron a decisión de chegar ao Goberno despois de perder as eleccións. Pensabamos que nas segundas eleccións do ano 2016, dado que perderan con máis intensidade que nas do ano 2015, vostedes xa estaban curados fronte a esa forma de entrar no palacio da Moncloa, e volvémonos equivocar.

Señor Leiceaga, a sentenza é unha desculpa para utilizar, por primeira vez en España, que un partido político governe o país despois de perder sucesivamente dúas eleccións nas últimas eleccións xerais. É unha simple desculpa do Partido Socialista Obreiro Español. (*Aplausos.*) Non teña vostede ningunha dúbida, señor Leiceaga. Dixera o que dixera a sentenza, vostedes querían entrar na Moncloa despois de perder as eleccións, non hai dúbida. Señor Leiceaga, ¡que tempos aqueles!, ¡que tempos aqueles cando Felipe González gañaba as eleccións claramente, contundentemente! ¡Que tempos aqueles nos que en España o presidente que falaba a todos os españois era un presidente referendado polas urnas! ¡Que tempos aqueles do Partido Socialista Obreiro Español, señor Leiceaga!

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Agora, ben, se o que queren vostedes é estar na Moncloa e non poder aprobar nin un só proxecto de lei, ¡nin un só proxecto de lei!, sen os independentistas cataláns, se o que pretenden é iso, señor Leiceaga, parábens por tan pouco. Pero eu creo na democracia, e sería incapaz de asumir a presidencia de calquera goberno despois de perder as eleccións.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

**Pregunta ao Sr. presidente da Xunta de Galicia de D. Luís Villares Naveira, do G. P. de En Marea, sobre a militancia do presidente da Xunta só con Galicia por riba de calquera circunstancia**

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señor presidente.

O que resulta que en inicio era o militante de Galicia, e só de Galicia, agora déixase querer por Génova, déixase querer paseando diante dunha fachada pagada con diñeiro negro, a sede central do Partido Popular. Busca ser o señor Núñez Feijóo un merlo branco para calear a fachada negra, un merlo branco que, non obstante, ten unha historia negra, unha historia negra que seguramente non será contada estes días que foi a Madrid a presentar o seu currículo. Pero, como todo no Partido Popular, o señor Núñez Feijóo tamén ten un currículo en «b» que seguramente non ensinará nese cásting que irá facer estes días a Madrid.

Por iso, hoxe, desde en Marea, gustaríanos dirixirnos non ao señor Feijóo senón ao conxunto da cidadanía española para amosarlle ese currículo en «b» que seguramente algúns deles non coñezan completamente.

Para empezar, no momento en que a sociedade española reclama máis ética na política, resulta que o señor Núñez Feijóo envía un currículo sen foto, sen foto con Marcial Dorado; é dicir, sen dar explicacións das relacións co famoso narcotraficante e moito menos sen dar explicacións de cal era o contacto na Delegación do Goberno que o proveu desas fotografías tan ben caracterizado como narcochofer a bordo dunha lancha dun contrabandista que, naquela altura, xa saíra 63 veces na prensa caracterizado como contrabandista e tamén como narcotraficante. Todo o mundo o sabía en Galicia menos o futuro presidente da Xunta.

Nun momento no que se acaba de desaloxar do Goberno os que foron responsables duns recortes brutais que causaron tanto sufrimento ao conxunto da poboación española, Núñez Feijóo oculta do seu currículo os homicidios do Sergas. Oculta que existen neste momento dous altos cargos do Sergas investigados por homicidio imprudente e por prevaricación en relación con oito persoas, oito pacientes de hepatite C que morreron cando os seus medicamentos estaban situados nas baldas das farmacias de Galicia. E isto é todo por unha política de recortes que, si, en Galicia os recortes mataban, e tiñan un responsable político que aínda segue mantendo os que executaron eses recortes.

Nun momento en que se repudian especialmente os casos de corrupción, tanto nos gobernos como nas direccións dos partidos políticos, Núñez Feijóo oculta do seu currículo persoal que Galicia xa ten os seus propios casos de corrupción condenados —ademais, en firme e inapelables, para que o señor presidente non teña dúbidas xurídicas ao respecto—. Estou falando do «caso campión», que condenou a un compañeiro seu desta bancada xa sendo vostede presidente da Xunta de Galicia por feitos cometidos mentres vostede xa era presidente da Xunta de Galicia —estamos falando do señor Cobián— e, ademais, a dous altos cargos do seu goberno nomeados por vostede mesmo, director e subdirector do Igape.

Pero, por se isto fose pouco, algo que tamén a xente ignorará do seu currículo é que a Xunta de Galicia non fixo nada nin por evitalo nin por perseguilo, porque nin sequera tiveron a decencia de personarse na causa, en primeiro lugar, para obter unha condena penal e, en segundo lugar, para obter a devolución do roubado. Nin esa dignidade tiveron.

Nun momento en que o Partido Popular é especialmente repudiado polo financiamento ilegal, Núñez Feijóo oculta do seu currículo que Galicia ten o seu propio caso de financiamento ilegal do Partido Popular. Estamos falando da «operación Pokemon», na que se sinala directamente a Conde Roa, que foi alcalde de Santiago co Partido Popular, por financiamento ilegal do partido. Por certo, neste caso xa tamén condenado por fraude fiscal.

Nun momento onde a sociedade española está especialmente mobilizada e sensibilizada pola igualdade de xénero, Núñez Feijóo oculta do seu currículo o encubrimento das falcatuadas sexuais do señor Baltar, un señor que non tivo ningún reparo en ofrecer un posto de traballo na Deputación a cambio de sexo a unha muller..., (*Fortes murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!



**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...algo que todos escoitamos. E con independencia de que non fose condenado penalmente por iso, os feitos... *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...a nós parécennos ética e politicamente repudiables. *(Protestas.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Unha repudia que non obtivemos, sen embargo, do señor presidente da Xunta de Galicia.

Se, no caso de que non haxa condena penal, ao señor presidente lle parece que é pouca cousa, falemos de condenas penais. No caso do alcalde de Palas de Rei, condenado por prevaricación e por acoso á secretaria do propio Concello de Palas de Rei, o Partido Popular, con Núñez Feijóo á cabeza, segue mantendo no seu posto a ese alcalde, co apoio do Partido Popular, co apoio do Partido Popular na corporación municipal. Todo isto forma parte dun currículo que se mantén oculto. E seguirei co currículo na réplica.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Xa llo dixen tamén, e non teño que volvelo repetir en varias ocasións. E vostede..., parece mentira, porque vostede vén do mundo xudicial. O caso do señor Baltar está arquivado. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Pero ¡como que bueno! *(Fortes murmurios.)* Eu non podo consentir inexactitudes. *(Fortes murmurios.)*

Perdón, eu son o presidente do Parlamento, pero non podo consentir inexactitudes. Esa tamén é a miña función. ¡Perdón, quede claro iso, señor Villares! Debe documentarse mellor. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Arquivado.

¡Home, por favor! *(Murmurios.)*

Resposta do presidente da Xunta.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Moitas grazas, señor presidente.

A verdade é que me parecía que a señora Pontón estaba moi necesitada. *(Murmurios.)* Díxenlle que non se parecera a vostede, pero, evidentemente, vostede aínda está máis, señor Villares. *(Murmurios.)*

Señora Pontón, retiro o que acabo de dicir. (*Fortes murmurios.*)

Señor Villares, o meu currículo asúmoo con todos os meus erros, con todas as miñas imperfeccións, non teña dúbida. Nunca vou utilizar unha toga para facer política; moito menos para preparar unha campaña electoral e moito menos para preparar a miña candidatura á Presidencia da Xunta de Galicia.

É a primeira vez que un candidato á Xunta de Galicia é elixido candidato ás poucas horas de deixar unha toga. Todos temos dereito a preguntarnos como vostede facía para compatibilizar a independencia do poder xudicial e o seu compromiso político non para ser concelleiro nin para asumir un cargo nun goberno; non, nada máis e nada menos que para ser candidato á Presidencia da Xunta por varios partidos políticos. Ese é o seu currículo, señor Villares.

E por iso creo que debemos volver meditar sobre esa posibilidade automática de entrar na política e, o que é máis grave, de que un xuíz poida volver ditar sentenzas despois de asumir un cargo como o que vostede asumiu. (*Aplausos.*) Eu asumo a miña responsabilidade, sen ningunha dúbida, sen ningunha dúbida. Eu asumo todo, incluso asumo que vostede me chame homicida. Estou acostumado a todo tipo de falsidades, de inxurias e de calumnias. E como a vostede xa non o considero xuíz nin agora nin nunca, entón pode vostede imaxinar que o que vostede me diga dende o punto de vista legal non ten ningún tipo de repercusión para a miña persoa. Ao contrario, que vostede a un deputado que, ademais, foi elixido por este Parlamento, polos galegos, presidente da Xunta o tipifique de homicida é algo que está tamén inscrito na súa biografía. Vostede, señor Villares, non pode volver ditar unha sentenza en Galicia nin en ningún lugar dun Estado de dereito. (*Aplausos.*)

Señor Villares, fáleme vostede de que un deputado que foi deste grupo foi condenado por unha sentenza en Lugo. Ten vostede razón. O único que oculta é que ese deputado dimitiu cando se abriu o sumario, inmediatamente. Vostede ten unha deputada no seu grupo da que vostedes mesmos dixeron que, lendo ese atestado, ten varios delitos, presuntos, tipificados no Código penal. Non o dixen eu, dixérono vostedes. Pedíronlle a esa deputada que deixe a acta. Vostede empeñou a súa palabra de que tiña que deixar a acta. É máis, solicitou á militancia —teórica— diso chamado «En Mareas» que votase. Señoría, é máis fácil que un presidente honorable do Goberno se vaia de presidente do Goberno de España que vostede poida sacar unha deputada desta Cámara do Grupo de En Marea. (*Aplausos.*) Esa é a gran diferenza e a gran grandeza entre un partido político e outro partido político.

Agora ben, señoría, eu non lle vou pedir a dimisión, señor Villares. A vostede a dimisión xa lla piden os seus compañeiros.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

Réplica, señor Villares

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Señor Núñez, ímoslle aclarar unha imprecisión: o señor Rajoy non se foi, o señor Rajoy botámolo (*Aplausos.*), botámolo por corrupto. Botámolo por co-

rrupto, por saquear o público en interese particular del e de todo o seu partido. ¡Non se foi, botámolo entre todas e todos, fartos dos recortes, fartos do sufrimento, fartos da corrupción, fartos da falta de ética, fartos da recentralización, fartos da negación da diversidade. Estamos fartos e fartos das políticas corruptas do Partido Popular, por iso entre todas e todos o botamos. Esa é a diferenza. Polo tanto, fale con máis propiedade. Non foi un feito de grandeza. É verdade que dixo onte que se ía polo ben de España. Xa podía terse ido antes, que tería sido moito mellor para España que o fixese antes. Pero fíxoo cando non lle quedou máis remedio, cando o botaron, cando o botamos entre todas e todos. Polo tanto, foi, efectivamente, unha decisión forzada e un momento feliz.

A categoría de homicidio non a establece este que lle fala, establécea un tribunal, que é o que está investigando os feitos. E é unha categoría, por certo, recollida no Código penal. Así que non se ofenda por eses feitos, non se ofenda, porque están inscritos no sumario; así que deixe actuar tamén a xustiza.

E despois hai outra cousa —que tamén llo debo dicir ao presidente do Parlamento—. Non confundan a responsabilidade penal coa responsabilidade política, porque son cousas diferentes. O que fixo Baltar pode non ser delito, pero é indecente politicamente, é indecente dende o punto de vista da ética. Non podemos aceptar dende un punto de vista político que siga en política unha persoa despois de facer iso. E vostede está perdendo unha vez máis unha fermosa ocasión de condenar eses feitos do señor Baltar, porque, aínda que non sexan delito, son indecentes politicamente. (*Murmurios.*)

Señor Núñez Feijóo, do currículo seu interesa saber que vostede non é un merlo branco, que vostede ten unha historia negra, unha historia negra ben evidente que o seu currículo aparente non evidencia pero que o seu currículo en «b» si deixa ás claras.

Non nos dá tempo aquí a seguir falando dos seus campionatos, porque vostede tamén foi campión. Á parte dos recortes, foi campión da perda de postos de traballo, foi campión do aumento da débeda, foi campión da emigración en Galicia, foi campión... Si, en todas as desigualdades que existen hoxe estamos peor que hai dez anos. E ese campionato, ese currículo en «b» que ten vostede, acompañarao o resto da súa vida profesional. Polo cal nós o que lle recomendamos... E, á parte, non me entendeu a pregunta. A pregunta non é cando se vai a Madrid, ¡home! A pregunta é cando vai dimitir por todos estes casos que forman parte do seu currículo, (*Murmurios.*) cando vai dimitir, como fixo Rajoy onte, e cando vai convocar eleccións.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares. (*Murmurios.*)

¡Silencio, por favor!

Peche desta pregunta por parte do señor presidente.

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Señor presidente, eu lamento que un deputado estea enfangando a Cámara cada vez que fala. Non explica, efec-

tivamente, como se pode pasar dunha toga a capitanear unha candidatura, iso non o explica. Non explica como se pode manter a independencia do poder xudicial e simultaneamente estar preparando a súa candidatura para a Xunta de Galicia, non o explica. Non explica como se pode ditar sentenza sabendo que vai ser candidato para presidir a Comunidade Autónoma ditando sentenzas contra a Xunta de Galicia, iso non o explica. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Pero ese é o seu currículo, señor Villares, ese é o seu currículo. *(Murmurios.)*

Di, señoría, que ao señor presidente do Goberno —refírome ao que gañou as eleccións—, botárono, que había que botalo. E despois fala doutro persoeiro político —que tamén gañou as eleccións— e di que non ten responsabilidade penal pero que é unha indecencia política. Señor Villares, ¿é unha indecencia política adquirir un piso e dúas prazas de garaxe nun concello onde non se vive e despois vendelo e ter unha plusvalía de 19.000 euros? —a mesma persoa que dicía nas manifestacións: «*Sin casa, sin curro, sin pensión, sin miedo. Pasar de concebir la vivienda como una inversión pelotazo a pensarla como derecho*». Non, non lle pregunto polo de Anova, este é de Podemos, *(Risos.)* o portavoz de Podemos no Senado. ¿É unha indecencia política isto? *(Murmurios.)* ¿É unha indecencia política ter unha persoa que coide na casa sen contratala? ¿É unha indecencia política? ¿A ese hai que botalo ou simplemente considerar que é un indecente? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿É unha indecencia política inhabilitar un alto cargo de Podemos na Universidade de Málaga por non acudir nunca á universidade e cobrar da Universidade de Málaga durante meses? *(Murmurios.)* ¿Iso é ilegal ou é unha indecencia política?

Señor Villares, ¿é unha indecencia política que a UDEF diga que hai finanzas de Podemos que teñen que ver co financiamento de Iraq? *(Murmurios.)* ¿É unha indecencia política? ¿É unha indecencia política, señoría, cobrar 425.000 euros e non declaralos a Facenda? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ¿É unha indecencia política? *(Fortes murmurios.)*

*(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio!

Silencio, señor Villares, silencio, por favor.

¡Señor Villares, silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, señor Villares, se simplemente estou facendo unha descrición dos feitos..., *(Fortes murmurios.)* señor Villares. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, silencio, silencio!

**O señor PRESIDENTE DA XUNTA DE GALICIA (Núñez Feijóo):** Pero, mire, señor Villares, o seu papel aquí xa o coñecemos. A señora vicepresidenta da Cámara, que non é calquera monigote, dixo que En Marea realmente é un partido ornamental. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* É fácil imaxinar como cualifican o portavoz dun partido ornamental, señor

Villares. ¡Que pena que xa pasara o mes de maio, que é o mes das flores, señor Villares! Niso do ornamento non van descamiñados. Efectivamente, vostede é un portavoz ornamental.

Señor Villares, todo o noso respecto para o traballo dos xuíces independentes, para o traballo daqueles que non utilizan a toga para facer política. Todo o noso respecto para o poder xudicial. Afortunadamente para a xustiza, vostede xa non emite sentenzas, señor Villares, non emite sentenzas.

Pero ¿de verdade que vostede pide que o tomemos en serio cando nin sequera unha compañeira do seu grupo o toma en serio, cando nin sequera a maioría do seu grupo o toma en serio? Señor Villares, se tiñamos algunha dúbida..., vostede é un portavoz ornamental.

Sobre a estabilidade e o futuro, señor Villares, pídamme, por favor, que non convoque eleccións. Vostede non sería candidato a nada.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor presidente.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Un pouco de tranquilidade, vamos retomar a calma! É bo que nos soseguemos un pouco todos. Xa pasou, xa terminou a sesión de control, vamos ir con calma.

Teño dúas peticións de palabra. En primeiro lugar, a señora Pontón. ¿Para que quere a palabra?

Pediuna vostede primeiro, señora Pontón. ¿Para que quere a palabra?

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente, con base no artigo 76.2.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Cal é exactamente a inexactitude?

**A señora PONTÓN MONDELO:** A inexactitude ou a falta á dignidade dunha persoa.

**O señor PRESIDENTE:** Foi retirada...

**A señora PONTÓN MONDELO:** Cando o señor Feijóo...

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, señora Pontón, estiven atento, non observei nada. *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non observei nada.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente...

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, perdoe. Pero déixoa falar, eu déixoa falar...

**A señora PONTÓN MONDELO:** Dixéronse cousas que son moi serias.

**O señor PRESIDENTE:** Déixoa falar...

**A señora PONTÓN MONDELO:** O señor Feijóo atreveuse aquí a dicir...:

**O señor PRESIDENTE:** Perdoe, perdoe un momento, eu vouna deixar...

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...«A señora Pontón está moi necesitada».

**O señor PRESIDENTE:** Vouna deixar, pero tamén quero que vostede...

**A señora PONTÓN MONDELO:** E iso non queda nunha cuestión menor.

**O señor PRESIDENTE:** ...teña en consideración que o señor presidente retirou todo o que...

**A señora PONTÓN MONDELO:** Si, si, claro. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ...falara sobre vostede na pregunta do señor Villares.

**A señora PONTÓN MONDELO:** Non. A min, señor presidente —vou dicirlllo con honestidade—, paréceme moi grave que o presidente da Xunta se atreva a dicir neste Parlamento, literalmente, «a señora Pontón está moi necesitada». *(Fortes murmurios.)* Non só...

**O señor PRESIDENTE:** Xa está. Non é unha expresión que eu vexa que vaia nese sentido... *(Fortes murmurios.)*

**A señora PONTÓN MONDELO:** Señor presidente, non só porque detrás desa expresión hai un machismo repugnante...,

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Non, non vexo iso.

**A señora PONTÓN MONDELO:** ...senón porque delata a catadura moral do señor Feijóo.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Silencio, por favor.

Grazas. Xa está.

**A señora PONTÓN MONDELO:** E non me vale con que o retire... *(Fortes murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Xa está, grazas.

Grazas, señora Pontón, xa está.

*(A señora Pontón Mondelo pronuncia palabras que non se perciben.)*

*(Fortes murmurios.)*

Silencio, por favor.

*(Aplausos.)*

¿Señor Leiceaga?

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¡Señora Prado, señora Prado, silencio! Silencio e sosego, é bo para todos un pouco de calma. ¡Tranquilidade, por favor! É o uso da palabra, estamos ante o uso da palabra.

¡Silencio! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Señor Leiceaga.

**O señor FERNÁNDEZ LEICEAGA:** Ten relación cos artigos da chamada á orde. Como vostede fixo referencia a que existía un informe dos letrados sobre o que se pode e non se pode dicir, sería bo que iso fose coñecido polos portavoces dos grupos para discutilo e, en todo caso, aternos a iso. E iso evitaría algúns problemas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Iso tamén merece unha explicación e eu estou disposto a dala. Vamos ver, haberá que dala.

Eu, como comprenderán, levo aquí algún tempo. Eu sabía cal ía ser esta cuestión, e, antes de vir a un pleno no que sabía o que se ía suscitar, eu pídolles uns informes aos letrados. E os letrados fanme un informe, téñoos aquí. *(Murmurios.)* Pero é unha petición persoal que fai o presidente para o manexo do seu debate e do control da sesión parlamentaria. *(Murmurios.)* *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Eu aquí fágolles caso —xa dixen— aos letrados. Noutros parlamentos... —ía dicir unha cousa pero non a vou dicir— cesan os letrados, por non dicir «chímpanos». *(Fortes murmurios.)* E vamos deixar aí o tema, ¡eh! *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Ben, terminou isto. Grazas a todos e continuamos.

Proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno ga-**



**lego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación**

O señor PRESIDENTE: Non hai emendas.

Para formular a proposición non de lei, ten a palabra a señora Antón Vilasánchez.

A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ: Grazas, presidente.

Bos días, señorías.

Formulamos esta proposición non de lei rexistrada a principios do mes de maio ante a falta de novas sobre as actuacións que debe desenvolver o Concello de Santiago en relación coa estación intermodal da cidade. Malia que hoxe, é verdade, hai algún avance, temos que insistir, porque nos preocupa que o Concello de Santiago non sexa capaz de cumprir cos compromisos en tempo e forma. Esa preocupación ten un fundamento baseado na propia actuación do Concello, e permítanme facer un pequeno recordatorio.

A estación intermodal de Santiago de Compostela é unha iniciativa que impulsan conxuntamente a Xunta de Galicia, o Ministerio de Fomento, a través de Adif, e o propio Concello. As tres administracións, para este fin, asinan un convenio no ano 2016 co obxectivo de, primeiro, renovar e integrar no tecido urbano a estación do ferrocarril, que asume o Estado; segundo, executar unha nova estación de autobuses ao seu carón, que asume a Xunta de Galicia; e, terceiro, adaptar o planeamento urbanístico e configurar os accesos necesarios, que asume o Concello de Santiago.

A oportunidade desta actuación non é cuestionable tras a posta en servizo do eixo atlántico ferroviario e a próxima chegada da alta velocidade ferroviaria a Galicia. Estamos ante unha actuación estratéxica non só para a cidade de Santiago, senón para toda Galicia, que permitirá o intercambio de modos de transporte inmediato e sinxelo, facilitando así as viaxes e a conectividade con destino ou orixe nesta cidade.

Sobre as obras que competen ao Ministerio de Fomento-Adif, vemos que día a día avanza nos compromisos adquiridos coas actuacións tanto nas vías como no edificio de servizos ou na propia cuberta da estación. Con respecto á nova estación de autobuses, coñecemos que desde o Goberno galego se está a avanzar con gran determinación na redacción do proxecto e na licitación das obras. Neste momento está avanzado o proceso de adxudicación, que permitirá previsiblemente que este verán comecen as obras de construción do novo edificio, que teñen un prazo de dezaioito meses e un orzamento de máis de 10,4 millóns de euros.

Este proxecto, como todos sabemos, de construción dunha nova terminal de autobuses integrada na de ferrocarril conta cunha ocupación de superficie de máis de 13.000 metros cadrados, que prevé a realización dun edificio en dous andares. No andar inferior estarán 36



dársenas, as vías de circulación e a manobra de vehículos; e no andar superior estarán os servizos de atención aos viaxeiros. O proxecto habilita tamén un espazo para a implantación dun futuro aparcadoiro e unha área de servizo de autobuses.

Chegar ata aquí non foi doado, pois o Concello enredouse na tramitación urbanística e na posta á disposición dos terreos ata límites incomprensibles. Tal foi así que foi a propia Consellería de Infraestruturas e Vivenda quen tivo que xustificar e motivar a necesidade da urxente ocupación.

Esa primeira fase do proxecto recolle tamén a execución dunha pasarela peonil cuberta que une a terminal de ferrocarril coa de autobuses, e que serve ao tempo de conexión entre a rúa do Hórreo e a avenida Clara Campoamor, facilitando a permeabilidade entre os barrios da cidade.

Esta actuación está amparada cun novo convenio entre as partes, é dicir, entre Ministerio, Adif, Xunta de Galicia e Concello de Santiago. Un novo convenio que tivo que adiar a súa autorización de sinatura a causa do Concello de Santiago. Con este convenio as administracións adquiren novos compromisos, de tal xeito que a Consellería de Infraestruturas e Vivenda executará as obras da pasarela e financiará o 30 % do importe de adxudicación das existencias técnicas necesarias, cunha previsión de investimento de case 1,8 millóns de euros.

O Concello de Santiago, pola súa banda, financiará outro 30 % do importe da adxudicación e das asistencias técnicas necesarias, ao tempo que deberá pór á disposición os terreos precisos. O Concello asumirá, ao remate das obras, a titularidade, conservación e mantemento da mesma.

Adif, pola súa banda, redactará e supervisará o proxecto de construción da pasarela, así como o financiamento do 40 % do seu importe total. Ademais, colaborará nos traballos de posibles servizos afectados sobre a catenaria, permisos e posta á disposición de terreos e voos necesarios.

¿Por que dicimos que nos preocupa a situación do Proxecto integral da estación intermodal de Santiago? Pois porque ademais das demoras nos tempos das actuacións que dependen do Concello de Santiago, motivadas pola súa inoperancia —señor Cal, si, pola súa inoperancia—, o Goberno municipal de Santiago, que tivo a oportunidade de opinar e de facer achegas sobre o traballo das outras dúas administracións, mantén unha postura opaca e pouco transparente ás solicitudes de información que se lle piden sobre os avances nas cuestións que son da súa responsabilidade; particularmente, sobre a definición de accesos.

Señor Cal, vostede está dicindo que si pero realmente a nós preocúpanos a actuación do Concello de Santiago, porque non sabe, non é capaz de tramitar en tempo e forma un expediente desta magnitude. Só a través da prensa e dos xornais non abunda, o que non sae nos boletíns oficiais non existe. E é preciso que o Concello de Santiago lle dea un pulo a esta infraestrutura e coordine co resto das administracións as diferentes actuacións nun exercicio de responsabilidade e cooperación institucional.

Non podemos permitir que á data de finalización das obras da estación de autobuses non existan os accesos axeitados que permitan a súa entrada en servizo nas mellores condicións,

garantindo a plena e correcta operatividade da estación. Uns accesos axeitados á estación e á remodelación do viario que deberán supoñer a mellora da mobilidade en toda a zona e, polo tanto, unha vantaxe para a veciñanza de Santiago, e tamén daqueloutros que se desprazan día a día pola nosa cidade.

Desde este grupo parlamentario agardamos que os plans e os compromisos adquiridos polas administracións afectadas non se vexan modificados coa nova situación política, e que todas as administracións implicadas desenvolvan os proxectos que teñen encomendados en tempo e forma. Non será admisible que a alta velocidade non chegue a Galicia no prazo establecido, e cando iso suceda, Santiago terá que ter unha estación intermodal que conte con todos os equipamentos e accesos previstos nos proxectos consensuados e asinados.

Señorías do Partido Socialista, teñen agora a oportunidade de saldar a débeda histórica dos gobernos socialistas coas grandes infraestruturas de Galicia, particularmente o AVE. Esperamos que estean á altura.

E señorías de En Marea, teñen nas súas mans deixar de ser invisibles en Madrid e apuntalar o cumprimento dos compromisos adquiridos en materia ferroviaria polo Estado e, tamén, polo Concello de Santiago.

E por todo iso, o noso grupo parlamentario presenta hoxe esta proposición non de lei que espero que sexa apoiada polo conxunto da Cámara.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón Vilasánchez.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Para comezar esta nosa intervención, deixar moi claro que unha vez máis Galicia recibe un trato, digamos, vexatoriamente orixinal. Por iso desde o BNG somos moi críticos con todas as administracións implicadas. Agora mesmo parecíanos case estar nun pleno do Concello de Santiago e non no Parlamento de Galicia.

Claro que estamos falando dunha infraestrutura capital para este Santiago con vontade de futuro, para configurar un novo modelo de cidade onde se poida deixar o coche e usar o intercambiador de transporte público; bus urbano, tren e avión estarían conectados.

Esa cidade que recibe milleiros de estudantes e visitantes cada ano, en crecemento constante, esa cidade á procura dunha mobilidade urbana e interurbana axeite a maneira das cidades europeas, onde a xente ten nun mesmo punto o medio de transporte que precisa.

Está logo, máis que xustificada, a necesidade que esta cidade ten desta obra, aínda que sorprende a présa que se dan agora, señores do PP, vostedes que son responsables do atraso de anos na aprobación e na licitación do proxecto; hai quince anos que se fala da estación intermodal de Compostela, ata hai pouco só se falaba, agora veulles a présa.

Mais o que non está xustificado é o trato que se lle está dando a esta cidade. A estación intermodal de Compostela vai ser de segunda categoría grazas á pésima negociación levada a cabo desde o Concello e á irresponsabilidade da Xunta e de Adif. O proxecto mellora as instalacións actuais, ¡só faltaría!, pero non responde ao nivel que precisa unha cidade como Santiago de Compostela, porque lonxe de ser unha verdadeira estación intermodal será, máis menos, unha nova estación de autobuses conectada coa vella estación de tren ampliada por medio dunha pasarela cuberta. Destinaranse a esta obra 57 millóns de euros, fronte á de Vigo con 126, sobre 93 proxectados, ou Ourense con 100 millóns de euros. ¡Negociación mediocre!

O Concello de Santiago vai ter que pagar, a diferenza do acontecido con outros concellos, case 1,7 millóns de euros por esa pasarela que están agora construíndo. Iso é parece ser que o acordado entre partes, cando a estación de tren é unha competencia de Adif e a estación de autobuses é unha competencia da Xunta. Deste xeito, vai pagar 30 % o Concello, 30 % a Xunta e 40 % o Estado. Que nós saibamos, en obras similares noutras cidades os concellos non pagan nada. E ten máis, o Concello de Santiago cederá gratuitamente os terreos de propiedade municipal, farase a expropiación dos terreos como terreo rústico, e ademais asume voluntariamente os custos de mantemento desa pasarela por máis de 120.000 euros anuais, en vez de asumilos Adif ou a Xunta. En ningunha cidade do Estado acontece isto, pero en Compostela, polo que parece, somos especiais.

O BNG requiriu 1.000.000 de euros nos orzamentos do Estado para a implantación dos servizos do tren de proximidade. Ana Pastor estaba sorprendida do récord de pasaxeiros e pasaxeiras que tiña o eixe atlántico ferroviario, que en catro meses e medio de funcionamento xa roldaba o millón de usuarios. Nós sempre dixemos que era unha das liñas máis rendibles do Estado español, e que onde se tiñan que centrar Adif e o Ministerio de Fomento era na rede interna ferroviaria, porque o tren de cercanías en Galicia, polas características de ocupación do noso territorio, é máis importante que outras cousas.

Resumindo, desde o BNG somos moi críticos con todas as administracións implicadas na estación intermodal, léase: Concello, Xunta e mais Estado. ¿O Concello leva atraso? Si. O convenio aprobado cos votos de Compostela Aberta e PP a favor, e cos do BNG e mais o PSOE en contra, é pésimo para Santiago, pois pon como condición que non se acometerá a reforma da estación do tren ata chegar aos 3,5 millóns de pasaxeiros. Non se lle puxo a ningunha outra cidade de Galicia. Conta cun investimento moi baixo a respecto doutras estacións intermodais e o convenio para a construción da pasarela é abusivo, mírese desde onde se mire.

Nós non nos impos opoñer á necesaria construción da estación intermodal, pero temos esas serias dúbidas que expresamos anteriormente. Non é o noso proxecto, ten aspectos cruciais de burla e de ninguneo á cidade de Santiago; un trato vexatorio que non nos parece ben.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bo día a todas e todos.

A iniciativa do Grupo Popular que estamos a debater sobre a intermodal de Santiago de Compostela sintetiza o convenio asinado en 2016 polas administracións que promoven e os compromisos de cada unha destas administracións: Xunta de Galicia, Ministerio de Fomento e Concello de Santiago.

A exposición de motivos escenifica as obras individuais de cadaquén, a desconexión entre as propias administracións e, sobre todo, a falta dun compromiso común pola intermodalidade efectiva. Así, o Ministerio de Fomento asume a construción da estación ferroviaria, a Xunta de Galicia —a Consellería de Infraestruturas— a estación de autobuses e o Concello de Santiago a ordenación viaria e a accesibilidade peonil e rodada á intermodal.

É entendible que Fomento se limite ao mínimo, sobre todo cando non se aperta; non é entendible, por exceso, o asumido polo Concello de Santiago; pero o que non é asumible, por defecto, é a pasividade da Consellería de Infraestruturas, responsable en mobilidade, ao non intervir decididamente e garantir o éxito da intermodalidade en Santiago. E o éxito non está en absoluto garantido.

A Consellería tivo a posibilidade de elixir entre dúas opcións, unha opción de mínimos, limitada á construción da estación de autobuses, ou unha opción de máximos, liderar este proxecto común para facer da intermodalidade de Santiago un modelo de colaboración entre administracións e un modelo de mobilidade na cidade galega con maior tráfico ferroviario. Por certo, elixir a opción de máximos sería o natural, o responsable, porque é a súa propia competencia. Non facelo semella un deixamento de funcións porque no propio convenio —páxina 2, terceiro parágrafo— di textualmente: «A Consellería de Infraestruturas e Vivenda ten entre as súas competencias e funcións a planificación, coordinación e execución da oferta intermodal de transporte na comunidade autónoma e das infraestruturas de viaxeiros». Máis claro, aínda que xa era coñecido, imposible.

Lamentablemente, unha vez máis a señora conselleira perverte novamente o significado de intermodal ao reducila a unha estación de autobuses. Ese é o seu compromiso coa intermodal de Santiago: a construción dunha estación de autobuses. Con iso o Partido Popular semella estar máis ocupado en buscar un culpable do non funcionamento da intermodalidade en Santiago que en aportar solucións para coordinar axeitadamente esta intermodalidade.

E digo isto porque a señora conselleira era coñecedora antes da redacción do Proxecto da estación de autobuses do Informe do tráfico da proposta viaria alternativa para Clara Campoamor e accesos á futura estación de autobuses en Santiago. Entre outras cousas, o informe di algunhas como estas: «Na situación actual, a densidade de vehículos na rotonda de Pon-

tepedriña é elevada, os vehículos deben pararse e esperar para poder atravesar a dita rotonda, polo que a velocidade é baixa. Tamén a rotonda en Pontepedriña mantén os problemas de capacidade actuais, o seu nivel de servizo non varía na situación futura. E tamén no acceso á rotonda de Restollal se forman colas que chegan ata a intersección da terminal. Os accesos peonís e rodados da estación intermodal de Santiago son complexos e custosos, pero absolutamente necesarios».

A solución estaba no protocolo asinado en 2009, o 3 de novembro de 2009, pero o Goberno do señor Feijóo desprezou por sectarismo e atrasou a intermodal ao Convenio de 2016. Iso si, un convenio sen recursos para a accesibilidade e que non garante unha intermodalidade efectiva. Dende o noso punto de vista, o Goberno de Santiago cometeu un erro ao asumir, de forma supostamente inconsciente, as custosas actuacións de acceso que fagan operativa a intermodal de Santiago. Se non é así, se non o fan, que é o que está sucedendo e é ao que responde esta proposición non de lei do Partido Popular, a irresponsable señora conselleira neste tema xa ten o culpable que buscaba.

Este é un proxecto que responde aos intereses do Partido Popular. Un proxecto definido polo informe técnico do Concello de Santiago, absolutamente demoledor, e que, entre outras cousas, di: «Non é un proxecto de estación intermodal, non está integrado desde o punto de vista urbanístico ou urbano, amosa claras dificultades de acceder e de moverse os usuarios á hora de cambiar de modo de transporte, non ten os necesarios accesos peonís e de tráfico rodado necesarios, etc., etc., etc.».

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** O Partido Socialista non comparte este proxecto nin comparte a actitude da Consellería nas súas obrigas de coordinación e de que a intermodalidade en Santiago sexa todo un éxito. E ese éxito non está garantido, porque ademais non dá resposta nin aos miles e miles, e centos de miles, de viaxeiros que pasan por Santiago, nin dá resposta ao que Santiago necesita.

Nembargantes, o Partido Socialista non vai ser un obstáculo na súa tramitación e execución, polo que imos votar neste proxecto abstención.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Cal.

**O señor CAL OGANDO:** Grazas, presidente.

Bo día a todos e a todas.

Hoxe o Partido Popular volve traer unha iniciativa na que volve amosar a súa falta de respecto institucional. Para vostedes as institucións son un instrumento ao seu servizo e man-

gonéanas unha e outra vez, esta vez con esta PNL da vergoña, outra máis, para facer campaña municipal dende a demagogia e a mentira atacando outra institución. Que vergoña ao que reduciron a súa acción política, señoras do PP, cuñadismo, fango, demagogia e corrupción. Compórtanse como se estiveran nun plató de 13TV.

Foi Compostela Aberta quen acadou no seu primeiro ano o que o Partido Popular dos escándalos de Compostela non acadou en catro. O PP de Compostela das corruptelas, das impudadas, das condenadas, dos regalos de la hostia, das mamandurrias.

Se queren falar desta cuestión, da intermodal de Compostela, deberían agradecer a Compostela Aberta e felicitar o Concello de Compostela por conseguir nun ano o que vostedes non foron quen de facer en catro. Porque vostedes estiveron catro anos no Concello a outras cousas e deixaron o proceso no mesmo punto no que o atoparon, e teñen a desvergoña de traer aquí esta iniciativa ao Parlamento.

Vou facer un repaso cronolóxico onde se amosa claramente que o Partido Popular paralizou a intermodal de Compostela e que foi Compostela Aberta quen acadou o acordo definitivo no seu primeiro ano de lexislatura. E deberían vostedes utilizar a réplica para felicitar o Concello polo seu bo traballo coa intermodal e por limpar a imaxe do Concello de Compostela tras o paso do partido da corrupción.

En 2006, Goberno do Partido Socialista, o Concello aproba un primeiro acordo para a construción da intermodal. En 2007, o alcalde Xosé Sánchez Bugallo anuncia un novo acordo. Novembro de 2009, o ministro José Blanco, o conselleiro de Infraestruturas, Agustín Hernández —o que tira o lixo aos ríos—, e o alcalde Xosé Sánchez Bugallo asinan o protocolo de colaboración. Abril 2011, o Ministerio de Fomento autoriza a redacción do proxecto da estación e Adif convoca un concurso de ideas. O proceso avanzaba ata que chegou o Partido Popular das mamandurrias ao goberno. Chega o Partido Popular, imputados, imputados, dous condenados dos tres alcaldes en catro anos. Setembro de 2011, anúnciase que o de Juan Herreros é o proxecto gañador do concurso de ideas. O novo alcalde, Gerardo Conde Roa, condenado, señora Prado, négase a financiar a parte correspondente ao Concello. O señor Conde Roa négase a financiar a parte correspondente ao Concello a través do aproveitamento urbanístico. Febreiro de 2012, Conde Roa proponlle á ministra de Fomento, Ana Pastor, que a estación se localice en Lavacolla, esa gran idea; seguramente tería terreos para recualificar. Outubro de 2012, o alcalde Angel Currás, o segundo alcalde da lexislatura, o conselleiro de Infraestruturas, Agustín Hernández, e o secretario de Estado de Infraestruturas, Rafael Catalá, crean unha comisión técnica para definir o proxecto da intermodal. Novembro de 2014, o alcalde Agustín Hernández, terceiro alcalde da lexislatura, e a ministra de Fomento, Ana Pastor, acordan elaborar un plan director para a intermodal. Marzo de 2015, Adif presenta no pazo de Raxoi o proxecto para adaptar a actual estación do AVE. Catro anos para chegar ao mesmo punto, catro anos co PP perdidos en Compostela e perdidos para a intermodal, paralizado o proxecto durante catro anos.

No 2015 chega Compostela Aberta, gaña as eleccións, barre o partido da corrupción e desataska a intermodal de Compostela. Xullo de 2015, o alcalde, Martiño Noriega, pídelo ao presidente da Xunta sumar esforzos para que Santiago teña unha verdadeira intermodal.



Xaneiro de 2016, Martiño Noriega reúnese coa ministra Ana Pastor para desbloquear o proxecto. Xuño de 2016, despois de dez anos, Concello, Ministerio e Xunta firman o convenio marco para a construción da estación intermodal de Santiago. O goberno de Compostela Aberta fecha a negociación xusto un ano despois de chegar ao consistorio. Decembro de 2017, o ministro Íñigo de la Serna, o presidente da Xunta de Galicia, Alberto Núñez Feijóo, e o alcalde de Compostela, Martiño Noriega, presentan o proxecto da estación intermodal. Febreiro de 2018, o Concello inicia o proceso de expropiación das quince parcelas que aínda estaban sen pasar a dominio público necesarias para a construción da estación de buses. En maio, o mes pasado, maio de 2018, o Concello aproba o inicio de licitación da redacción do proxecto da remodelación da vía Clara Campoamor.

Non sei que dúbidas teñen cos tempos de Compostela Aberta, do Concello de Compostela, non sei cales son as dúbidas, señora concelleira do PP, evidentemente ningunha; están facendo vostedes demagogia para facer campaña municipal. Vostedes saben perfectamente que Compostela Aberta, o Concello de Compostela, ten feitos os deberes. Así consta tamén na páxina de transparencia do Concello e así o reflectiron os medios de comunicación tamén. Vostedes saben que para que o Concello faga a actuación directa de Clara Campoamor ten que saír a maquinaria pesada da obra que ten que realizar a Xunta.

Polo tanto, se queren axilizar, presionen a Xunta de Galicia que ten que actuar e facer a súa actuación primeiro que o Concello de Compostela. Vostedes saben perfectamente que esta iniciativa é unha vergoña, é unha falta de respecto a esta institución e ao Concello de Compostela, que confiamos que seguirá fóra das mans dos corruptos durante moitos anos.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Cal.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Antón Vilasánchez.

**A señora ANTÓN VILASÁNCHEZ:** Señor Cal, vostede viña aquí cun argumentario e importoulle ben pouco o que dixeron os seus compañeiros da bancada. O señor Rivas Cruz dixo claramente que era unha negociación mediocre, unha negociación mediocre de Compostela Aberta. Non era unha negociación mediocre do Partido Popular. Se quere poñerse a medalla fale co señor Rivas e decidan se era unha negociación mediocre ou non. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Non escoitou tampouco o señor Fernández. O señor Fernández díxolle claramente que a Xunta debe liderar este proxecto. ¿Por que? Porque o Concello é incapaz, señor Cal, incapaz. Incapaz nos tempos, e estamos preocupados. Mire, cando lle pediron desde a Consellería de Infraestruturas ao Concello de Santiago de Compostela que dese un primeiro proxecto sobre como pensaba facer a reurbanización de Clara Campoamor para os accesos, mandou isto: unha fotografía sacada dun visor, dun SIGPAC, cunhas marcas en rotulador. Isto foi o que mandou á insistencia da Consellería. Cando se tivo que adiar, como dixen, a autorización para a sinatura do convenio, tívose que adiar porque Compostela Aberta non puxo nos orzamentos de 2018 a achega que tiña que poñer, e sabía perfectamente cal era a achega dende

o mes de novembro de 2017. Fixo os presupostos do 2018 e non os orzou. Tivo que facer un pleno extraordinario no mes de maio para poder dar cumprimento e autorizar esa sinatura. Cinco meses despois, señor Cal.

E a tramitación, esa tramitación de licitación, exemplo do bo facer de Compostela Aberta que colgan uns pregos redireccionados a outro servizo, que teñen que modificar a semana pasada en xunta de goberno local os criterios de adxudicación porque incumpren a nova lei de contratos.

Señor Cal, ¿de que me está a falar, de que me está a falar?, ¿de que non saben ler, de que non saben cal é a normativa? Esa é a actuación do Concello de Santiago e por iso estamos moi preocupados, señor Cal.

Vostede fixo aquí un relatorio, empezou a referir que o punto de inflexión foi marzo do 2015, cando por fin se desbloquea a intermodal. En marzo do 2015, ¿quen estaba no Concello de Santiago? O Partido Popular. Se non é polo Partido Popular da Comunidade Autónoma, do Goberno do Estado e do Concello de Santiago esta estación intermodal correría serio perigo. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Eu, señor Fernández, só lle quero dicir unha cousa: nós estamos agradecidos de que vostede confíe na Xunta de Galicia para liderar este proxecto, visto que a autonomía municipal a vostede non lle interesa moito, pero, sobre todo, vista a actuación do Concello de Santiago. Pero tamén me gustaría que vostede se preocupase un pouco pola representación dos socialistas no Concello de Santiago, porque levan dous anos de fraude democrática, con tres concelleiros de catro que lle outorgaron as urnas. Entón, señor Fernández, é un pouco triste que o Partido Socialista teña pouca irrelevancia e peso no Concello para afrontar as grandes infraestruturas e os grandes proxectos que esta cidade necesita.

Por iso, señor Cal, nós non vimos aquí sacar peito pola Xunta de Galicia, a Xunta de Galicia válese por si mesma, nós vimos aquí preocupados pola capital de Galicia, e a capital de Galicia nestes momentos está nas mans dun concello que non o merecemos.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Antón Vilasánchez. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Silencio, por favor.

Saudamos agora os alumnos de 5º e 6º de primaria do centro plurilingüe de Silleda. Benvidos ao Parlamento. Bo día, tamén, aos profesores que os acompañan.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán**



**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Montserrat Prado Cores, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.*

*Emenda de substitución*

*Substituír os puntos 2 e 3 polo seguinte texto:*

*<<2) Manter o 100% das camas habilitadas e substituír ao 100% do persoal por baixas ou vacacións.*

*3) Crear na mesa sectorial unha comisión técnica para avaliar a atención hospitalaria no verán e elaborar un informe de conclusións para poder ser utilizado nas decisións a tomar en anos sucesivos.>>)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada, Eva Solla Fernández, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta, ante esa Mesa, a seguinte emenda á proposición non de lei.*

*Emenda de adición*

*Débase engadir no punto número 1, despois de <<atención hospitalaria,>> o seguinte:*

*- <<E atención primaria, así como as memorias das diferentes EOXIS>>.*

*Emenda de supresión*

*Débase suprimir no punto número 2 a seguinte frase:*

*- <<nunha porcentaxe equiparable á porcentaxe de camas que se manteñan habilitadas.>>*

*Emenda de modificación*

*Débase substituír o texto do punto número 3 polo seguinte:*

*<<Conformar unha mesa de avaliación da atención hospitalaria e atención primaria no verán, na que participen representantes das e dos traballadores, que elabora un informe de conclusións para poder ser utilizado en seguintes anos.>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei... Non estou vendo a señora Solla, non vexo a señora Solla, que está neste debate... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Non sei, podemos empezar igual e... Pero... (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

*Empeza suave, empeza suave e váiana avisando.*

**O señor TORRADO QUINTELA:** É difícil empezar suave escoitando o PP de Santiago falar de fraude democrática, é bastante difícil. Pero, en fin, podemos esperar, en todo caso.

**O señor PRESIDENTE:** ¿Ela vai intervir, non?

Ben, non sei...

**O señor TORRADO QUINTELA:** ¿Hai algunha suxestión entre o público sobre o que hai que facer?

**O señor PRESIDENTE:** Non sei, suxestión... Eu creo que podes empezar, ela vai intervir.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Cando me diga, señor presidente. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, está falando comigo. *(Murmurios.)* Por iso, entón, por favor, mantéñase á marxe, que está falando comigo.

Grazas. Empece.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente. Presidente do Parlamento, por agora. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Xa veremos, todo se pode falar.

¿Señora Prado, se ten algunha cuestión sobre o PP de Santiago? *(A señora Prado del Río pronuncia palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Señor Torrado, imos ao tema, imos aos meses de verán.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Traemos aquí hoxe unha cuestión sobre a atención sanitaria no verán, que a verdade é que —como se ten mencionado aquí neste Parlamento varias veces— xa comeza a ser un clásico destas épocas, é unha cuestión demasiado importante, demasiado ampla como para non afrontala con certa visión tamén ampla.

Polo tanto, nós o que plantexamos é —ao igual que fixemos o ano pasado, en realidade— trasladar unha idea da necesidade dun acordo, dun entendemento común para afrontar esta situación e dunha maneira que nos poida satisfacer a todos de maneira relativa e que poida cumprir coas necesidades do sistema. É necesario, en realidade, evidentemente, combinar un servizo de calidade cos dereitos dos traballadores, que esa combinación de ambos elementos ten ás veces a necesidade de ser axustada e hai épocas, como pode ser no verán, nas que o axuste dos horarios laborais e dos turnos é máis difícil. Isto, a dificultade de axustar estes servizos, vai ocorrer sempre en todos os sitios todos os anos; por tanto, nós o que plantexamos é que deberamos acordar unha posición común, unha posición razoable e un método de decisión.

Creemos que isto non existe polo de agora. Hai un problema específico, hai un feito diferencial galego, froito principalmente do abandono que o PP fai da sanidade pública en Galicia. ¿Non sei se isto se pode dicir, presidente? ¿Non hai informe dos letrados sobre iso? Dígoo, se non pódeme corrixir.

A situación de partida é bastante difícil, hai un problema de persoal na sanidade galega. Hai numerosos debates nos que esta cuestión se ten traído aquí e nos que recibimos sempre a calada por resposta ou a decisión ou a aportación do Partido Popular de que estamos alarmando a sanidade pública. Hai varios datos que nos poden indicar que este problema non é que o sinalemos nós por vontade, de feito por capricho non o facemos e non desexariamos ter que facelo.

A maior parte de especialidades do sistema galego teñen unha ratio de especialistas menor que a media española. A media española ten unha das ratios profesionais por habitante nos últimos anos máis descendentes da Unión Europea. Nós somos unha das comunidades que peor está funcionando en termos de persoal dentro dun país que está perdendo capacidade con respecto a outros.

Os colexios profesionais falan da necesidade de máis especialistas; non o dicimos os socialistas. O propio conselleiro reconece, aínda que ás veces con dificultade, que hai cuestións de precariedade na contratación, e ao final, despois de darlle moitas voltas, as súas conclusións —xa saben— é contestar: «*pues es lo que hay*», que non é, dende o noso punto de vista, unha contestación digna para un conselleiro; contratos de cinco días ou cinco contratos en cinco días para ser despedido e despois volver ser contratado o luns, o cal ocorre de maneira sistemática en moitos lugares da sanidade galega, non pode ser contestado cun «*pues es lo que hay*».

Comparabamos onte —e volvo mencionalo hoxe—: profesionais galegos que tiveron que emigrar, a pesar de que este é un dato que se nega moitas veces aquí, e que contan a súa experiencia en Suecia: trinta minutos por paciente; en Galicia, cincuenta pacientes en sete horas, no sistema de atención primaria.

Hai unha política errática na Consellería sobre persoal que dificulta a planificación tamén dos servizos de verán. A política sobre a xubilación dos profesionais nos últimos cinco anos ten cambiado catro veces, sobre cal era a idade que tiña que estar marcada para xubilarse os profesionais da sanidade.

Hai problemas sobre a contratación de MIR. Nós temos denunciado aquí nos últimos dez anos: menos do 15 % dos MIR formados en Galicia foron contratados no Sergas de maneira estable, e isto, ademais, dino persoas do eido sanitario, como pode ser o decano de Medicina, que tamén é traballador do CHUS e que di que o hospital do CHUS está de calidade mortecino e que é pouco atractivo e apunta que no eido sanitario a saída da crise se está facendo mal. Os médicos, en xeral, piden máis contratación de MIR.

¿Cal é o problema de todo isto? O problema está en que, cando a precariedade se converte nun sistema habitual, hai problemas xudiciais. A sanidade galega xa ten varias resolucións

xudiciais en contra da súa política laboral. Algunha delas dille, ao fío dunha resolución europea, que está contratando de maneira habitual e sistemática persoas en precario para ocupar postos estruturais. Hai postos estruturais no sistema, necesarios constantemente, nos que hai persoas que pasan meses e incluso anos contratados por días, por semanas, ocupando o mesmo posto, a mesma función, e a evidencia é que ese posto é necesario e, polo tanto, necesita un contrato estable. O Sergas négase e a Xustiza quítalle a razón e, polo tanto, dállela aos traballadores. Non podemos estar nun sistema no que os traballadores teñen que recuperar na Xustiza o que o propio sistema lles nega, porque iso demostra que o propio sistema non cre en si mesmo.

Condénase a Xunta por despedir traballadores por abuso de dereito que raia na prevaricación.

E todo isto, ¿a que nos leva? Pois lévanos a que Galicia é hoxe, segundo din os usuarios, a terceira peor sanidade de España; xa coñecen vostedes o barómetro do CIS. Pero, ademais, é que a sanidade española, que foi un exemplo mundial e que segue sendo un exemplo nos seus profesionais pero que no seu sistema foi un exemplo mundial e foi un modelo copiado ou incluso co intento de copiar por moitos países que non chegaban á nosa calidade, é hoxe, despois de trinta anos, unha sanidade fóra das dez mellores sanidades do mundo. E isto dío probablemente unha das revistas máis prestixiosas neste sector, que vostedes presumían, señores do Partido Popular dun estudo sobre enfermidades con taxas de mortalidade, presumían sobre que aquilo falaba da xestión sanitaria e da bondade do sistema. Non. A avaliación anual que fai *The Lancet* sobre as bondades do sistema e o sistema en global foi publicada moi recentemente, e di que estamos por primeira vez fóra dos dez primeiros lugares. De feito, estabamos entre os dez primeiros e estamos no posto dezanove. Esa é a súa herdanza en España, e, en Galicia, a terceira peor de toda España. Non é un dato que nos guste lembrar, pero, mentres vostedes sigan negando, nós teremos que dicirlles que isto nos din os datos.

Os datos o que nos din é que tres de cada catro galegos apuntan a necesidade dalgún cambio, algúns con máis intensidade e outros con menos, algúns incluso totalmente, pero apuntan tres de cada galegos a necesidade de cambios no sistema.

E apuntan a cuestións perigosas. ¿Como cal? Neste ano o barómetro do CIS apunta a unha suba, dende o noso punto de vista bastante grave, na preferencia pola sanidade privada antes que a pública. Os usuarios din que, de poder elixir, agora o 5 % máis deles optarían pola sanidade privada en atención primaria, o 5 % máis dos que optaban o ano pasado, e que o 5 % máis do ano pasado optarían pola sanidade privada na atención hospitalaria. Hoxe estamos xa por riba do 30 % dos usuarios que dirían que, de poder elixir, irían á sanidade privada, cando estabamos no 25 % o ano pasado, cinco puntos porcentuais nun ano.

A nosa sanidade pública está perdendo calidade por culpa da xestión que se está a facer, e estao percibindo todo o mundo menos o Partido Popular. Ou, o que é peor, o Partido Popular estao percibindo pero non quere arranxalo. ¿Por que? Probablemente porque lle interese.

Nós o que dicimos é que hoxe estamos peor preparados para unha redución de servizos aquí do que estabamos aquí noutros momentos ou do que estamos hoxe noutros lugares, porque temos un problema estrutural de persoal que nos leva a ter un problema no sistema.

¿Que propoñemos? Propoñemos un acordo, e propoñemos que para ese acordo tomemos este ano unha decisión que debера ser sistemática e aplicable para todos os anos, que iso vai ser nas tres proposta que facemos a través da iniciativa.

Primeira, informar. Informar para clarificar. Informar, ter datos, ter unha ferramenta que nos permita decidir en que punto nos imos ocupar, non nun ano; non argumentar un ano unha cousa, outro ano outra, apoiarse un ano nuns datos e outro ano noutro. Informar. Decidir, en función da información, e avaliar para mellorar, se é necesario, o ano seguinte.

Informar, decidir e avaliar. Porque ¿que é o que temos agora? Temos unha obsesión por recortar.

Señor presidente, ¿pódese dicir «obsesión por recortar»? Non está en ningún informe xurídico iso, ¿non?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Ten un minuto e trinta e seis para rematar.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Pero, ¿pódese dicir, non?

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Por agora, si.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Por agora, si. Por agora, si. Dá medo. Igual dentro de pouco non o podemos dicir.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Tamén o reviso.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ¡Ai!, si, se o pode revisar, agradézollo.

Hai unha obsesión por recortar no sistema. A moitos gustaríanos que, ademais, esa obsesión por recortar se trasladara: cando hai épocas de aumentar, como, por exemplo, a gripe de inverno, que tiveran a mesma obsesión, a mesma dilixencia, pois son excesivamente dilixentes no Partido Popular por recortar; moi rápidos, moi eficientes, pero nunca o son igualmente cando hai que aumentar o servizo; oxalá polo menos a mesma equiparación.

En definitiva, abandonen a cutrez — «cutrez» si se pode dicir, ¿non?, non estaba prohibido polo de agora. (*Murmurios.*) Señor presidente, «cutrez» pódese dicir, ¿non?; se non me chama á orde... Pois grazas—. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Continúe, continúe.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Dígoo porque, como o señor Tellado acaba de chamarme «tonto» — non sei se o escoitou—. (*Risos.*) (*Murmurios.*) ¿Pódese dicir tamén?

Si, iso xa o sei, o que me queda, pero dígoo por se, se se me insulta, dende aquí podo dicilo.

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Se considero que é un insulto, parareino, inmediatamente.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Agradézollo, señor presidente.

Se non lle importa ao señor Tellado, ¿podo seguir? (*Murmurios.*)

(*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Silencio.

Continúe, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** A pesar de que el non o faga, eu respecto o señor Tellado. Entón, se está falando diso, eu tamén.

Abandonen a cutrez —a do sistema sanitario, non a do señor Tellado—, abandonen a cutrez e intenten facer un sistema máis eficiente. Iso é o que nós lles demandamos. Propoñemos que, para isto, necesitamos ter unha certa posibilidade de entendemento, porque miren, creo que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...unha das cousas que —remato— nos ensina a política habitualmente é que é certamente volátil, e vostedes, que normalmente actúan dende a posición de que teñen a propiedade do poder, poden empezar a entender que non son propietarios eternos. E, polo tanto, a partir de aí creo que todos deberíamos de decidir sobre cuestións que van ocorrer todos os anos, en común. Iso é o que nós lles propoñemos, e para iso lles plantexamos esta iniciativa.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Torrado.

Por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, ten a palabra a señora Prado Cores.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día.

Pois, efectivamente, estamos ás portas do verán e temos que falar do peche de camas, desa brincadeira que lle gusta tanto dicir ao Partido Popular: que as camas non se pechan. Pois as camas tampouco están habilitadas, porque unha cama por si mesma, aínda que persistan nese discurso de que as camas están aí, as camas por si soas tampouco prestan o servizo que necesita un doente cando hai que ingresalo nela, que logo tamén necesita o persoal, o persoal sanitario, o persoal de limpeza, e todo o demais, iso non é automático en canto se necesita.

E no BNG tampouco nos resignamos a aceptar como normal, por máis que pareza que, chegada esta época, pretenda o Partido Popular que aceptemos, como quen ve chover, que é normal que se deixen máis de mil camas cada ano sen funcionamento, co persoal correspondente; non o aceptamos como normal.

Deixar pechadas estas camas ten graves consecuencias, no ámbito asistencial e no ámbito laboral. Significa máis dificultade para acceder ás prestacións sanitarias, por moito que digan que cada vez o recurso cama pois ten menos importancia; séguela a ter, e os doentes seguen necesitando ingresar en cama. Significa menos emprego, máis precariedade, e significa fundamentalmente menos sanidade pública e máis sanidade privada.

Máis unha vez a Consellería de Sanidade prioriza os seus recortes na vez de necesidades asistenciais dos galegos e das galegas e precariza fronte á calidade asistencial. Se non hai actividade, non hai gasto, e se non hai gasto na pública, aumentamos o gasto na privada, porque, proporcionalmente ao peche de camas na sanidade pública, hai máis actividade na privada, porque na privada, paradoxalmente, no verán non pechan camas, non baixan a actividade, aumentan a actividade —accidentes de tráfico, todas estas cuestións—; todo vai para a sanidade privada, que non baixa a actividade no verán. Todo ese discurso do Partido Popular de que no verán baixa a actividade, polo cal teñen que ter vacacións os profesionais, todos eses profesionais resulta que, na privada, a pleno rendemento durante todos os meses de verán. Paradoxos, vasos comunicantes: descendemos aquí, aumentan noutro lado. Cousas veredes que non entenderedes.

Paralelo con isto, todos os anos a mesma cuestión: escurantismo, non se facilitan os datos, non temos nunca datos globais, témolos que ir quitando xerencia a xerencia, e vemos 80 aquí, 140 noutro lado. Hoxe enterámonos de cantas se pechan na área de Vigo, cantas se pechan no Cunqueiro, cantas no Meixoeiro, cantas no CHUS. Datos, transparencia, claridade, luz e taquígrafos, non, non. Cada ano tamén o mesmo: non sabemos cantas, imos intuindo, sumando de aquí e de alí, cantas se pechan entre xuño e outubro, logo non acabamos de saber cantas deixan de abrirse, logo en outubro...; é dicir, é cada ano a mesma escenificación.

Dende logo —insisto—, o BNG non acepta como bo este marco, non acepta como bo esta escenificación do Partido Popular, escudándose en que é necesario para as vacacións do verán dos profesionais e, dende logo, neste marco, nesta situación na que está a sanidade pública galega, moitísimo menos.

Trouxemos iniciativas a este Parlamento antes desta situación para demandar medidas, para non pechar estas camas, dada a situación de listas de espera, dada a situación de derivacións, e por iso tamén presentamos unha emenda a esta iniciativa que presenta hoxe aquí o Partido Socialista, e, se non acepta as emendas, pedímoslle logo que nos permita votar por puntos.

Presentamos unha emenda ao apartado 2 porque cremos que na situación na que está a sanidade pública de listas de espera, de derivacións, hai que inverter a situación. Non aceptamos contratar en función das camas que se manteñan habilitadas, cremos que hai que manter todas as camas habilitadas, porque coa situación das listas de espera e de derivacións non ten sentido que se pechen camas cando se está derivando á sanidade privada. Supoño



que se nos quererá dar unha dose de realismo, a realidade, que se deixen de habilitar. Dende logo, non...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**A señora PRADO CORES:** ...queremos dar por boa esta situación, e por iso o que propoñemos é que se manteña o cen por cento das camas habilitadas e que se substitúa o cen por cento do persoal.

E, no segundo apartado, o que propoñemos é que se cree na mesa sectorial unha comisión técnica, porque non cremos que sexa bo saltar os mecanismos que están establecidos nas relacións laborais, e o que está establecido é que desa mesa sectorial emanen as condicións técnicas que sexa preciso e mester. Creo que ese é o marco e por iso facemos esta emenda.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla Fernández.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Primeiro, desculpas, que subín ao despacho buscar o cable de alimentación do portátil e des-  
pisteime e calculei mal o tempo.

Estamos, outra vez máis, debatendo sobre a situación dos profesionais e do persoal no Ser-  
vizo Galego de Saúde, e hai varios elementos indicativos —onte xa os adiantamos— que evidencian que non se está a facer unha correcta política en materia de previsión das necesi-  
dades de persoal sanitario. Un deles son as máis que evidentes listas de agarda, tamén en atención primaria, das que onte non tivemos ningún tipo de resposta por parte do Partido Popular, nin tampouco a pasada semana por parte do conselleiro de Sanidade —bastante evidente—. Cada vez que hai un debate destes e se traslada algo en redes sociais, son múltiples as persoas que contestan denunciando a espera que teñen, tanto en especializada como en primaria, referida a unha consulta ordinaria.

Hai outro elemento bastante evidente —e tratámolo tamén onte—, e é a cadea de sen-  
tenzas contrarias á Consellería de Sanidade, continuas, pola mala praxe nas contratacións e como tratan os profesionais. Eu onte facía referencia ás dúas últimas: a primeira, unha que condena a Xunta de Galicia por fraude de lei, desvío de poder e raiando a prevaricación, algo que é moi grave e que tamén evidencia cal é o talante dese futuro presidencia-  
ble; e outra, da que tamén falamos onte, referida a esa condena do Xulgado número 1 de Ourense, que condena o Sergas por vulnerar dereitos fundamentais, vulnerar o dereito á igualdade e discriminar por sexo cando non aboaba a totalidade dos complementos a unha traballadora, unha médica residente, embarazada, que tivo un neno, por un permiso de maternidade.

Esa é a realidade: falta de profesionais, sentenzas en contra. E a outra —e máis obvia tamén— é a tónica habitual de ameazas aos profesionais, e onte falabamos das ameazas que sofren as compañías auxiliares de enfermería e os insultos que tamén escoitamos nesta Cámara.

Nós plantexamos unha emenda a esta iniciativa, porque, como xa temos trasladado noutras ocasións, entendemos que a problemática relacionada coa atención especializada ou hospitalaria, e obviamente, fundamentalmente, con eses servizos de urxencia, ten moito que ver con como está a atención primaria no noso país, e entendemos que non se pode dar un diagnóstico illado da sanidade pública do noso país obviando a situación caótica —poderíase dicir— dunha atención primaria na que non se substitúen os profesionais e as profesionais.

Entendemos que a iniciativa intentaba ser específica, de atención hospitalaria, e comprenderemos se non se acepta esta parte da emenda, pero parécenos que é imprescindible. Engadimos tamén os informes das EOXI, porque, desgraciadamente —levámolo tempo pedindo aquí—, non hai informes. Xa dixen aquí que o Consello de Contas di que soamente a EOXI de Pontevedra-O Salnés ten un informe de fiscalización; é dicir, a Xunta de Galicia non ten contas financeiras do resto das EOXI, e iso é unha situación moi grave.

Pero tampouco a temos referida aos datos sanitarios. E onte falabamos de investigación. Os profesionais da sanidade pública non poden acceder a algo que si pode Indra, aos datos da sanidade pública, para facer traballos e estudos ou perfeccionar a súa atención, é dicir, ver en que e cales son as eivas dos diferentes servizos. Iso é unha realidade: non se lles permite acceder e nin sequera temos informes.

Pero nós non comprendemos, e tamén por iso emendamos para suprimir esa frase ou esa parte desa frase que se refire á porcentaxe equiparable, á porcentaxe de camas que se manteñen habilitadas.

Como saben as súas señorías, nós non somos favorables ao peche de camas, peche de camas, porque os eufemismos estamos un pouco cansos xa de escoitalos e na Comisión de Sanidade, e a pasada semana tivemos que escoitar, unha vez máis, que as camas non se pechan, ridiculizando a nosa mensaxe, que é unha falta de respecto. Evidentemente, as camas non teñen portas, e tamén podían precintalas vostedes cunha cinta. Quero dicir que, se imos ao absurdo, ao debate absurdo, chegaremos a este punto. Todas e todos sabemos que, cando non están dispoñibles, as camas están pechadas, non hai profesionais para atender eses unidades de hospitalización, e iso é o que fai o Partido Popular.

Nós non podemos asumir tal circunstancia, porque, evidentemente, en moitas ocasións se di que non hai algunhas especialidades e que non hai algúns profesionais, e, non obstante, reiteradamente cando pedimos, solicitamos os datos dos profesionais que non son posibles cubrir, porque non os hai, négansenos eses datos.

Ademais, hai un elemento evidente de por que isto é totalmente voluntario —e vou rematando xa—. É voluntario, porque se fora porque hai menos doentes dalgunha especialidade concreta, como pode ser pneumoloxía, ou porque hai algunha especialidade que falla, pe-

charían todos os anos as mesmas unidades de hospitalización e non andarían movendo cada ano a unidade de hospitalización que pecha; un ano, pneumoloxía; outro ano, pediatría; outro ano, xinecoloxía, etc., etc., en todas as EOXI. Non obedece a unha política de planificación relacionada coa incidencia das enfermidades nos meses de verán, senón que obedece a unha política errática de non querer cubrir os profesionais.

Polo tanto, nesa parte non estamos de acordo. Agardaremos ao que aconteza no debate.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Solla.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

Bo día, señorías.

Señor Torrado, creo que hoxe lle sobra tempo, jeh! Mire que lle custou esgotar os dez minutos, custoulle, pero custoulle ben, jeh! Á parte de repetir a intervención de onte practicamente completa, non falar nada de peche de camas, tivo que facer marabillas para esgotar os dez minutos, jeh!

Á parte, ese costume que ten de utilizar datos illados, por exemplo os datos do barómetro sanitario, onde utiliza un ou dous, por exemplo o 6,49 de nota media que lle dá a cidadanía á sanidade galega. Olvídanselle tres cousas: a primeira é que é a máis alta da serie histórica, a segunda é que nos anos do Bipartito andaba ao redor do 5 ou 5 e pouco e a terceira é que a que está peor que nós é Andalucía. Son as tres cousas que se lle olvidan sempre a vostede. Igual que cando fala do Goberno ou da época do señor Rajoy: sacou un dato pero non sacou o resto. Fale vostede do paro, fale vostede do déficit, fale vostede do traballo, fale vostede do resto das cousas das que debería de falar.

E volvemos á canción do verán do Parlamento galego. A canción do verán do Parlamento galego é o peche de camas.

Na primeira liña da iniciativa do señor Torrado di que, «coa chegada do verán, dende hai anos, o Sergas tende a planificar á baixa a asistencia sanitaria». Estamos de acordo en coa chegada do verán, dende hai anos, porque na época dalgún goberno anterior tamén se utilizaba exactamente a mesma política que agora, pero non estamos de acordo coa segunda. Non é o Sergas o que planifica á baixa a asistencia sanitaria; son as propias patoloxías e as vacacións dos profesionais, e, por suposto, a imposibilidade de cubrir moitas prazas de substitutos, que todos coñecemos.

De calquera xeito, ten outro parágrafo aínda máis curioso, onde di: «O verán supón unha época» —escoiten, señorías— «de debilidade para o sistema sanitario público de Galicia, no que a planificación trata de provocar menores ingresos hospitalarios, para ter menores

demandas asistenciais e, por tanto, menor necesidade de recursos persoais e materiais.» Eu creo que estamos voltando ao tempo do panfleto; este é o panfleto (*O señor Núñez Centeno mostra un documento.*) onde se dicía que iamos cobrar por todo e que había que votarlles aos socialistas (*Murmurios.*) para que o Partido Popular non cobrara. (*Aplausos.*)

Ou tamén podemos recordar aquí que se acusaba os profesionais de cobrar por emitir altas. Non sei se estamos indicando que os profesionais dos hospitais non ingresan no verán baixo orde. A min paréceme bastante serio.

E o que está claro é que a diminución de camas habilitadas nos hospitais se fai en todas as comunidades autónomas —eu non vou repetir a hemeroteca doutras intervencións, porque non ten sentido— e en todos os países. As camas utilízanse ou non en función das necesidades.

Unha correcta planificación sanitaria penso que todos estaremos de acordo en que debe de levar aparellada unha adecuación de recursos a esas necesidades, e en Galicia, no verán pasado, a utilización das camas que quedaron habilitadas foi ao redor do 75 %. En base a ese indicador e en base tamén a estudos epidemiolóxicos, calcúlase o número de camas que se van utilizar en cada verán.

Poñamos un exemplo. Comezouse a falar do peche de camas no Hospital Virxe da Xunqueira, de Cee; é a primeira vez que se fala disto. A CIG facía pública unha nota de prensa que dicía: «*Despois de vinte anos co noso hospital aberto dando servizo á nosa poboación, despois dunha época de crise que facía temer a fin do mundo e despois de que algúns se enchan a dicir que a crise xa queda atrás, chega o peche de camas ao Hospital Virxe da Xunqueira.*» Non é a apocalipse, é a nota de prensa da CIG.

¿E cal é a realidade? Pois a realidade é que o hospital de Cee mantén todas a súa dotación intacta durante o verán, que non se prescinde de ninguén, pero non se contratará persoal cando as camas non estean utilizadas. ¿E saben votedes cal foi a ocupación media do hospital de Cee nos tres últimos anos durante o verán? Ano 2015, 57 %; ano 2016, 40 %; ano 2017, 46 %. Eu non sei quen sería partidario de que se cubriaran substitucións se non hai doentes, e eu non creo que os galegos e os cidadáns de Cee estiveran de acordo con iso.

Eu creo que hai que explicar a realidade das cousas e hai que deixarse de contos. Por exemplo, a Área Sanitaria de Pontevedra-O Salnés ten feitos públicos os datos de previsión. Terán operativas o 89,3 % das camas, e o ano pasado a ocupación foi do 72,8 % na capital, quedando libres entre 150 e 180. No hospital do Salnés foi do 64,9 %, quedando libres 50 camas como media; ten un plan de continxencia e en dúas horas reponse o persoal se fora necesario; e durante o verán pasado, nesa área sanitaria, fixéronse 120.000 consultas, 6.000 cirurxías, 30.000 urxencias e 6.500 ingresos. Creo que queda claro que no verán hai actividade sanitaria, non se pechan os hospitais.

No hospital de Ourense, datos similares; noutros hospitais, datos similares. No ano 2017 estiveron funcionando en Galicia o 88,9 % das camas hospitalarias, fronte a unha ocupación media do 76,1 %.

Remato, señor presidente.

Con respecto á parte resolutiva, creo que os datos que pide o Partido Socialista no primeiro punto son públicos, inclusive nos medios de comunicación. No segundo punto, o Sergas contrata todos os veráns o persoal necesario para as camas habilitadas, como non podería ser doutro xeito.

Parece que a redacción deste punto non convence moito os grupos da oposición, que o emendan á totalidade.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Non sei se o señor Torrado vai manter a súa postura ou vai aceptar as emendas en aras de que a nova situación ao mellor favoreza a gobernabilidade de aceptar emendas doutros grupos.

E, con respecto ao terceiro, teño que repetir o expresado no debate da moción de onte: é postestade da Administración a planificación e dotación de prazas nos hospitais, polo cal non consideramos axeitada a creación desa mesa de avaliación.

Pola miña parte, máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Núñez Centeno.

Ten a palabra, polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Torrado Quintela.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, presidente.

Non lle esperaba este ton de réplica, señor Núñez Centeno, pero, evidentemente, ten vostede toda a lexitimidade para facelo. Vostede falou de paro, de emprego, e subiu aquí dicirme que eu non falei de peche de camas. É unha pirueta complicada, argumentalmente é unha pirueta complicada, jeh!, pero está ben.

Mire, en 2008 pecháronse —foi o ano daquela lexislatura en que máis camas se pecharon no verán— 520. Vostedes dixeron que era grotesco —que supoño que se pode dicir, porque quen o dixo é hoxe presidente do Parlamento—, grotesco. Hoxe péchanse máis de 1.000 e a vostede parécelle que non é necesario facer ningunha reflexión sobre iso; (*Aplausos.*) para nós, si.

Pero é que, ademais, a información que vostede dá non é certa. Mire, no Salnés non quedan operativas o 89 %, non están operativas o 89 % nin no inverno, ¡nin no inverno! Sorteemos dez días no inverno e vaíamos eses dez días ver o hospital do Salnés, e pódolle garantir que están pechadas máis do 10 % de camas, practicamente o 30 %. E o que dicimos é: é imposible facer todo perfecto en todo momento, pero podemos acordar unha maneira de facelo que nos pareza ben a todos.

Os datos non están dispoñibles —vostede di: «inclusive nos medios»—, só nos medios de comunicación, e incompletos. E nós o que pedimos son datos. ¿Cal é o problema en facilitar datos? O que pasa é que vostedes teñen unha sensación de propiedade do poder que os leva a discutir e incluso a insultar, como se fai aquí, a quen discuta esas cousas. E non é certo, non é certo. Non teñen propiedade do poder, nin vostedes nin ninguén.

Hai un problema de persoal. Vostedes definen dende a Consellería de Sanidade todos os anos que hai un problema de substitución dos médicos, e por iso hai redución de servizos. Se vostedes mesmos din que hai un problema de persoal e nós dicimos: ben, se hai un problema de persoal, axustemos, ao máximo posible.

Con respecto a isto e sobre as emendas, creo que algunhas emendas das que se plantexan enriquecen moi ben o texto, as cuestións da inclusión da atención primaria. Efectivamente, dicía a señora Solla que a intención inicial era falar de atención hospitalaria. Pero a inclusión da atención primaria é razoable e nós non podemos non estar de acordo, e a cuestión referida aos informes das EOXI. Polo tanto, as emendas 1 e 3 de En Marea non teremos problema en aceptalas porque enriquecen o texto.

Sobre o punto 2, hai unha cousa que a nós —fíxese, señor Núñez, que me preguntaba polo punto 2— nos parece de interese. Nós propoñemos un acordo sobre isto. E para os acordos é imprescindible que ninguén se sinta o cen por cento representado, porque, se non, non son acordos, son imposicións. Porque vostedes só entenden a democracia do acordo cando gobernan; vostedes son moi leais cando gobernan e son bastante desleais cando fan oposición. De feito, xa empezaron a ser desleais coa oposición antes de saír do Goberno desta vez.

Pero nós o que plantexamos é un acordo que a nós nin sequera nos satisfai ao cen por cento, pero que é posible chegar a un acordo a través dese punto. Porque o que plantexa é tomar unha decisión conxunta a partir da información e unha decisión que nos valla a todos. E por iso mantemos ese punto número 2, sabendo que é un punto que non concorda plenamente con ninguén, porque esa é a vontade do acordo.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** E aí quero saber que pensa o Partido Popular, se considera que o acordo é darlle a razón ao cen por cento ou é posible entender os acordos dos demais.

Si aceptamos, por tanto, as emendas 1 e 3.

E dígolle a nosa conclusión: nós queremos un sistema máis eficiente, e vostedes parece que queren o sistema máis barato...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor TORRADO QUINTELA:** ...E esa non é a nosa posición. A ver se é posible chegar a un acordo desta vez.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa da súa deputada María Luisa Pierres López, a través o seu portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Débase substituír o texto da parte resolutiva da proposición non de lei polo seguinte:*

*«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a:*

*1. Dirixirse ás universidades do SUG para que se comprometan a:*

*a) Elaborar un estudo integral sobre as violencias machistas no SUG.*

*b) Diseñar un programa de formación e sensibilización estable que abranga accións dirixidas ao conxunto da comunidade universitaria e tamén específicas para cada colectivo (PDI, PAS, alumnado...).*

*2. A través da Secretaría Xeral de Igualdade establecer un convenio coas universidades do SUG para o cofinanciamento das actuacións anteriores.»).*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Bo día a todas.

Desde o BNG traemos hoxe esta iniciativa para falar, para seguir falando de violencia machista. E eu creo que hoxe quedou máis claro ca nunca o necesario que é abordar desde un plan preventivo, desde un plan de sensibilización, de concienciación, a necesidade de construírnos e, sobre todo, de lixar o machismo das institucións; tamén da Presidencia da Xunta de Galiza (*Aplausos.*) e, por suposto, tamén das universidades. (*Aplausos.*)



Desde o BNG traemos esta iniciativa tamén para afondar e para avanzar na folla de ruta que marcou o movemento feminista o 8 de marzo. Unha folla de ruta cara a unha sociedade libre de violencias machistas, cara a unha sociedade, en definitiva, máis democrática, na que as mulleres gocemos plenamente do respecto e da garantía dos dereitos humanos. E, especialmente, rediximos esta iniciativa despois das noxentas afirmacións vertidas por un profesor titular da universidade pública do noso país ao fío da sentenza de La Manada. Un profesor que hai que lembrar que foi sancionado sen emprego e soldo durante dous meses no ano 2016 polos seus comentarios sexistas nas aulas.

Alén da reprobación que merecen os comportamentos, as actitudes e os comentarios machistas, sexa onde for que se producisen, ás institucións públicas exíxeselles que actúen para combatalos, para erradicalos e, o máis importante, para previlos. Desde o BNG facémolo formulando unha proposta clara, unha proposta concreta nun ámbito como é o universitario, que goza de autonomía, certamente, mais que non é unha illa no medio do Atlántico e que, polo tanto, non pode ficar á marxe da acción do Goberno, das políticas de acción feminista ou de igualdade. As universidades non son institucións alleas ás relacións de poder, todo o contrario, nin son alleas ás violencias. E casos como o deste profesor son apenas a punta do iceberg.

Por iso propomos a creación dunha mesa de traballo interuniversitaria, impulsada pola Secretaría Xeral de Igualdade e integrada polas tres universidades galegas, na que adoptar e na que deseñar as políticas e as medidas necesarias e proxectar accións conxuntas que fagan fronte común a un problema político e social de primeira orde. Accións que combatan as múltiples formas de violencia machista, propias dunha cultura patriarcal que impregna todas e cada unha das estruturas sociais, tamén a universidade.

Unha mesa de traballo que teña dúas encomendas inicialmente: a primeira, elaborar un estudo integral das violencias machistas no Sistema universitario galego, de todas elas: a violencia física, a psicolóxica, a violencia sexual, o acoso, os micromachismos, as discriminacións por razón de xénero... Un estudo arredor da violencia que se poida producir entre o cadro docente e o alumnado, mais tamén entre iguais, entre o propio estudantado; violencia que se poida producir nas aulas, mais tamén noutros espazos dos campus.

Non existe no noso país ningún estudo deste tipo, ningún. Mais si foi publicado un hai anos, coordinado pola Universidade de Barcelona, no que se sitúa no 62 % o estudantado que coñece ou viviu situacións de violencia machista nas institucións universitarias, mais só o 13 % as identificaba como tales. No 25 % dos casos as agresións foron exercidas por profesores, pero no 91 % delas non houbo denuncia. En relación co perfil, o 24 % dos casos producíranse en estudantes que levaban menos de dous anos na universidade.

¿Cal é a realidade do Sistema universitario galego? ¿Que é o que está a acontecer nos nosos campus? Non o sabemos. Precisamos coñecer, facer visíbel o que é unha realidade, mais sobre o que apenas se ten rachado o silencio para sacar á luz pública. E do que non se fala, señorías, non existe. (*Aplausos.*)

Por iso propomos, en segundo lugar, o deseño dun programa de formación e sensibilización estábel que abrangue accións dirixidas ao conxunto da comunidade universitaria, e tamén

accións específicas para cada un dos colectivos que a conforman: profesorado, persoal docente e investigador, persoal de administración e servizos e, por suposto, o alumnado.

Desde o BNG defendemos a creación desta mesa de traballo como un espazo no que pór en común a experiencia acumulada polas unidades de igualdade, os éxitos e os fracasos, os seus recursos persoais e, sobre todo, o coñecemento adquirido. Isto non é unha rareza nin inxerencionismo, nin vulneración ningunha do principio de autonomía, como se sinalaba nun debate que tivemos na sesión de onte. Existe *de facto* no noso país noutros ámbitos, como, por exemplo, a Comisión Interuniversitaria de Política Lingüística, creada ao abeiro do Plan xeral de normalización de 2004, ou tamén nesta cámara existiu durante anos unha Comisión Mixta Xunta, Universidade e Parlamento para abordar o financiamento universitario. Falamos de cuestións transversais que deben ser abordadas colectivamente e non de maneira illada.

Desde o BNG temos claro que isto non é unha apócema máxica que vaia facer desaparecer dun plumazo a violencia machista, a discriminación por razón de xénero e a desigualdade. Mais esta iniciativa é un paso adiante no desenvolvemento da Lei de prevención e tratamento integral da violencia de xénero, aprobada no ano 2007, permitindo avanzar na necesaria, por non dicir imprescindible, cooperación e coordinación institucional.

Mais tamén é unha iniciativa que pretende axitar un goberno autocompracente, instalado na autocompracencia, na comodidade, sen ideas, sen propostas, sen unha axenda clara nin unha folla de ruta; nin moito menos despois do masivo 8 de marzo. Malia os datos, malia as evidencias, malia a mobilización do movemento feminista, malia teren pasado máis de dez anos despois de se aprobar as primeiras leis en materia de igualdade e violencia de xénero, a violencia machista segue a reproducirse entre as franxas de idade máis novas. Perviven, reproducense e adquiren novas formas os estereotipos, os mitos, os roles, as actitudes, os comportamentos patriarcais e machistas.

Dez anos despois de se aprobar a Lei de prevención e tratamento integral da violencia machista hai aspectos dela que non foron desenvolvidos. E entre eles está ese artigo 15, referido á formación da totalidade das profesionais e dos profesionais, no que se encomenda directamente á Xunta de Galiza a garantía e promoción da formación en igualdade de todos os profesionais que traballen directa ou indirectamente coa violencia de xénero, incluídos os educativos. E o ensino non remata nos niveis obrigatorios, todo o contrario.

Desde o BNG temos claro que é necesario dar un paso adiante, que é necesario —como formulabamos precisamente tamén onte cunha proposta de lei— dar pasos para mellorar, para ampliar as ferramentas das que nos temos dotado. E cremos que esta mesa de traballo conxunta pode ser tamén unha oportunidade máis para avanzar nun espazo sobre o que non se ten traballado practicamente nada e que é un dos espazos de socialización máis importantes para a mocidade do noso país.

Pola miña banda, de momento, máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, presidente.

Bos días a todas e a todos.

Se no día de hoxe abrimos a páxina web da Secretaría Xeral de Igualdade, nunha ligazón dentro das áreas de actuación, atoparemos un listado de exemplos de boas prácticas en empresas, e todas referidas a plans de igualdade implementados. E entre eses exemplos de boas prácticas atopamos o Plan estratéxico de igualdade de oportunidades entre mulleres e homes da Universidade de Santiago de Compostela, do 25 de marzo de 2009. Por certo, chamando a atención que entre todos os modelos de plan expostos o máis novidoso corresponde ao ano 2010. Unha falla de actualización que xa temos manifestado e que segue a demostrar o desleixo da Secretaría Xeral de Igualdade neste sentido.

En todo caso, a Universidade de Santiago de Compostela foi unha desas pioneiras na posta en marcha dun plan que vela pola igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. Plan que actualizou de feito estando vixente actualmente o do período 2014-2018. Unha institución, a da USC, que foi das primeiras en crear previo a estes plans unha oficina de igualdade de xénero xa no ano 2006.

As declaracións dun profesor da Universidade de Santiago de Compostela, a través das redes sociais, sobre o caso coñecido como «La Manada» puxo de manifesto que, a pesar dos esforzos para ser modélicos, para prever e pór en práctica medidas que velen pola igualdade, ningunha institución, ningunha empresa ou organismo está libre de sufrir agresións de tipo verbal ou condutual por parte dos seus traballadores ou traballadoras e contra o trato en igualdade de homes e mulleres. Nin sequera —como hoxe se demostrou— un presidente dun goberno autonómico está libre de caer en comentarios con claro tinte sexista ou machista. (*Aplausos.*) «Necesitadas», señor Feijóo, estamos todas de medidas de educación e de reeducación en materia de igualdade.

A propia Universidade de Santiago de Compostela, en referencia ao caso deste profesor, nun comunicado entende que este é un caso que provocou alerta social. E, como institución «dedicada» —así di— «á formación e á transmisión de valores», reconece que «non pode tolerar actitudes ou actuacións que menoscaben a dignidade de persoas e os dereitos fundamentais, nomeadamente o da igualdade entre homes e mulleres». Desde o Grupo Socialista entendemos estas declaracións como totalmente oportunas, e cremos que a universidade ten que chegar ata onde poida chegar, abrindo —como xa foi o caso— un expediente informativo que valore axeitadamente se existe algunha sospeita fundada de delito para remitir o caso á Fiscalía.

E non nos equivoquemos: as competencias e as ferramentas das institucións como as universidades son as que son. E a pesar da celeridade na toma de medidas, que nós aplaudimos, o que se pode facer desde a administración e dentro do marco xurídico existente é sempre cunha marxe de acción moi escasa, non só desde a universidade —como neste caso— senón desde todas as administracións públicas. O certo é que desde o 8 de marzo deste ano estamos a vivir unha verdadeira revolución social, o punto de inflexión dunha reclamación histórica

das mulleres, de máis do cincuenta por cento da poboación, que non só evidencia a profunda concienciación que existe da necesaria consecución da igualdade real entre homes e mulleres, senón da exixencia urxente de tomar todas as medidas necesarias para acurtar os prazos.

E neste caso nós entendemos que temos que velar por activar todas as cautelas e prevencións que complementen os plans ou oficinas de igualdade de xénero, especialmente nun ámbito como é o da universidade, que é ou debería ser o estamento de maior prestixio e —como antes comentabamos— de transmisión de valores.

Por todo isto, o Grupo Socialista concorda co espírito desta iniciativa presentada hoxe polo BNG. Pero ben é certo que discrepamos simplemente nun pequeno matiz, pois entendemos que máis que instar a creación dunha mesa interuniversitaria desde a Secretaría Xeral de Igualdade, sería moito máis eficaz que dentro da autonomía que as universidades teñen sexan elas as que se comprometan a elaborar un informe ou estudo sobre a incidencia das violencias machistas no seo da súa institución, así como a deseñar un programa de formación e sensibilización estable que abrangue accións dirixidas ao conxunto da comunidade universitaria e tamén específicas para cada colectivo, para o persoal docente investigador ou da administración e servizos ou o propio alumnado.

Polo tanto, nós apostamos por favorecer esa propia iniciativa das universidades, e que o compromiso e a implicación necesaria da Secretaría Xeral de Igualdade sexa o de establecer un convenio coas universidades do Sistema universitario galego para contribuír a ese cofinanciamento das actuacións anteriormente descritas.

Agardamos, polo tanto, que o grupo propoñente teña en conta a nosa emenda de modificación realizada con este único fin de mellorar a eficacia da que xa teñen presentado.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Quinteiro.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente.

Bo día.

Hoxe volvemos debater sobre a igualdade en relación co ámbito da universidade, e temos que comezar lamentando que onte non se aprobara a proposición de lei que presentaba o Bloque Nacionalista Galego, debatida onte. E volvemos comprobar onte, unha vez máis, como os discursos van por un lado pero as accións de goberno van por outro moi distinto. Hoxe nin sequera os discursos foron por outro lado. E tamén nós temos que condenar as intolerables palabras do presidente Feijóo.

Pero supoño que hoxe os argumentos volverán ir por derroteiros semellantes aos que foron onte. Non é unha novidade que aludan á autonomía universitaria para vetar certas cuestións. Pero

nós entendemos que é totalmente absurdo cando o Partido Popular é o menos indicado para falar nestes termos, xa que, cando convén, ben que interveñen nas universidades públicas.

Pero, ademais, nós entendemos que os dereitos das mulleres non deberían estar suxeitos a ningunha premisa. Estamos falando de dereitos fundamentais, de dereitos humanos, por iso entendemos que ese é o único argumento posible. Estamos falando de dereitos humanos, partamos desa base.

Vivimos nos últimos tempos tamén coa ola do 8 de marzo respostas particularmente lesivas contra as mulleres, especialmente as manifestacións do profesor Luciano Méndez, pola repercusión mediática que teñen. Nós, por suposto, tamén condenamos estas palabras e entendemos que hai acordo na condena destas manifestacións. Pero a pesar de que hai unanimidade en considerar totalmente inaceptables estas barbaridades, esta condena debe levar consigo propostas políticas que eviten que isto volva acontecer. Non podemos quedarnos unicamente na denuncia e na condena, senón que temos que pór en marcha medidas —como dicía— que eviten que situacións semellantes a esta se repitan na situación. Porque, por desgraza, aínda que este caso é moi mediático, non é o único. Quizais outras actitudes están máis normalizadas, comentarios machistas totalmente normalizados, pero que tamén temos que combater. E mentres non tomemos en serio que a formación en xénero dos docentes é fundamental, a implantación efectiva da perspectiva de xénero no conxunto da universidade, no conxunto das institucións, pois pouco poderemos avanzar.

Como dicía, quizais algúns comentarios son máis aceptables, pero non por iso non son igual de lesivos e reproducen comentarios sexistas. Por iso nós entendemos que a proposta que se trae hoxe é positiva, porque nos fai avanzar nunha proposta concreta: unha mesa de traballo que nos sirva para analizar a violencia machista no ámbito da universidade. Ademais, compartimos os obxectivos que se describen na proposta que tería esta mesa. Porque a formación é imprescindible, levámolo repetindo moitas veces, a formación en xénero, e ademais hai que entender que a formación debe atender as necesidades específicas de cada colectivo. E como digo hai un feito especialmente relevante: os docentes teñen unha capacidade de chegar a unha porcentaxe moi grande da sociedade, por iso é especialmente importante ter a formación en xénero. Non digo que a formación en xénero non debería ser transversal e a todas as persoas e ao conxunto da sociedade, defendemos iso, pero especialmente aos docentes, que teñen esa capacidade de reproducir ou de cambiar determinados roles e actitudes sexistas, pois entendemos que é, se cadra, aínda máis importante.

Os datos deixan unha realidade moi preocupante. Xa comentaba a voceira do BNG o estudo realizado por catro universidades catalás rompendo o silencio nas universidades. Que o 62 % das estudantes afirme que sufriu ou coñeceu algún tipo de abuso é unha cifra de absoluta gravidade. E tamén hoxe mesmo coñecemos unha enquisa sobre a percepción social da violencia sexual elaborada pola Delegación do Goberno, que deixaba tamén datos moi alarmantes, como que o 50 % dos homes atopaba que o alcohol é a miúdo causante de violación, e ata o 15 % pensaba que se a vítima estaba borracha tiña algo de culpa; por non dicir que tamén se entendía que as mulleres que tiñan moitas relacións sexuais tiñan menos capacidades, se crían menos; e tamén que as mulleres que decidían camiñar soas por camiños escuros quizais tiñan algo de culpa. E estas enquisas non deixan de evidenciar a realidade

dramática que temos de que a violencia sexual segue estando normalizada, segue estando en todas as esferas da vida, afecta moitas mulleres. Por iso temos que intervir en todos os ámbitos.

Para nós, a universidade é un ámbito prioritario, o ensino en xeral é un ámbito prioritario para educar en igualdade. Por iso concordamos con esta proposta e entendemos que debería aprobarse por unanimidade, porque pide unha cuestión moi básica, que é que a Secretaría Xeral teña un diálogo constante. E entendemos que a autonomía universitaria non pode ser o pretexto cando estamos falando de dereitos que son fundamentais e dos dereitos das mulleres.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Quinteiro.

Grupo Parlamentario Popular, señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Bos días.

Para comezar a miña intervención, eu creo que é moi interesante saber que aquí se pode dicir algunha cousa, cometer un erro e pedir que se retire. Pero, bueno, hai situacións que son moito máis graves. En ningún momento, cando o señor Iglesias falaba sobre unha periodista «*La azotaría hasta que sangrase*» e «*Soy marxista convertido en psicópata*», non escoitamos a ninguén do seu grupo parlamentario, de En Marea neste caso, criticar estas situacións. Un concelleiro do PSOE en La Laguna: «*Eu, a follar con empregadas que enchufo no concello*», hai poucos meses. Co cal todos estes comentarios de empregadas que enchufo no concello do PSOE e que lles pide favores sexuais a cambio tamén son situacións que se están producindo dentro das outras filas.

Eu, para comezar coa miña intervención, deixando este relatorio de acontecementos que, por desgraza, están a pasar e pasan, esperemos que deixen de ser... imos traballar polo que aquí nos ataíne. Dende o Grupo Parlamentario Popular estamos totalmente en contra de calquera tipo de violencia e, por suposto, contra calquera tipo de violencia machista: a psicolóxica, a física, a sexual e a laboral. Imos traballar e traballamos para que isto deixe de acontecer.

Señora Rodil, o que vostedes traen hoxe a este parlamento non é acaído. Eu entendo que vivimos na ferverza mediática, pero non caia na política da pandeireta. Non podemos deixar-nos levar polo rebumbio dos medios de comunicación, que, por suposto, fan un labor fundamental, pero o traballo parlamentario é outro. Poderíamos falar aquí tamén da xuíza de Lugo que bota as cartas, pero sabemos que non é acaído, non é verdade. Mais vostedes co tema da igualdade buscan o seu rédito político e déixanse influír pola ferverza mediática.

Repito que esta proposición non de lei non está no debate parlamentario por tres motivos: non deben ser as novas, por moi sonoras que estas sexan, as que impulsen o traballo nesta cámara; a universidade xa adoptou a decisión que tiña que tomar, e como ente autónomo



fixo o que tiña que facer: abriulle un expediente ao profesor, está a analizar o caso por se é necesario remitilo á Fiscalía; e o ensino universitario, como ben saben, é un servizo público e o Sistema universitario galego é o seu provedor na nosa comunidade a través das institucións que forman parte do mesmo.

Como ben saben, no artigo 2 da propia lei garántese a autonomía universitaria, fundamentada no principio de liberdade académica, a cal se manifesta nas liberdades de cátedra, investigación e estudo. E as universidades integrantes do Sistema universitario de Galicia colaborarán cos poderes públicos no logro destes fins e obxectivos. No capítulo I do título I, o artigo 4, «Réxime xurídico e principios de organización», fala e indica que «Cada universidade goza de personalidade xurídica e patrimonio propio e réxese pola normativa estatal de aplicación das súas normas». Así, as universidades públicas réxense polos seus respectivos estatutos e os seus regulamentos que os desenvolven. Así, as universidades teñen recoñecida por lei a súa autonomía, como dicía onte a señora Prado. Pero existen dentro da propia universidade unidades de igualdade, oficinas de igualdade, plans de igualdade e, por suposto, está en marcha un protocolo contra o acoso sexual na propia universidade.

As actuacións do Goberno da Xunta de Galicia con respecto ao eido educativo e con respecto ao Sistema universitario de Galicia tampouco están mirando para outro lado, senón que se está a facer un traballo. Un traballo no que moitas veces temos colaborado todos os grupos parlamentarios, como foi a aprobación nesta propia cámara dunha proposición non de lei, apoiada por todos os grupos, que presentaba o Bloque Nacionalista Galego, para implementar unha asignatura de igualdade de xénero na propia universidade. Tamén de cara ao Pacto estatal contra a violencia de xénero propuxemos que dentro do Pacto do Estado pola educación se incluísen materias e plans que traballen de xeito transversal a igualdade de xénero e a loita contra a violencia machista. E tamén temos unha liña para seguir dentro do VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades 2017-2020; a estratexia na educación e nos valores indícanos uns obxectivos moi claros.

Eu, simplemente, para rematar, quixera facer un resumo do que aquí falamos. A universidade ten recoñecida por lei a súa autonomía, a universidade tomou as medidas axeitadas, expedientou o profesor e está valorando levar o tema á Fiscalía. E o Goberno da Xunta de Galicia traballa, xera, desenvolve e fai medrar os datos positivos en educación en igualdade.

Señores do Bloque Nacionalista Galego, non queiran facer como coas galescolas, coas súas imposicións. Xa estamos acostumados ás súas políticas intervencionistas, respecten a independencia e a liberdade da universidade, que non necesita leccións de ninguén, e moito menos do Bloque Nacionalista Galego, para facer o seu traballo.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora García Míguez.

Grupo autor da proposición non de lei, señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.



Eu creo que nunca sabe unha até onde pode sobordar o límite da sorpresa aquí dentro, ¿non?

A respecto dos comentarios que vostede referenciaba ou algunhas actitudes que puidemos ver nos medios de comunicación, grazas a que existen, tamén é verdade. Por exemplo, a actitude que se tiña coa até hai pouco vicepresidenta do Goberno do Estado español, como se exercía sobre ela unha autoridade, un comportamento e unha actitude absolutamente machista. Eses comentarios e esas actitudes o que evidencian é que estamos diante dunha cultura patriarcal e machista, señora Míguez, e que hai moitísimo polo que traballar, que hai moitísimo que construír nas organizacións políticas, en todas, e en todos os planos e institucións da nosa sociedade. O que non pode ser é que esteamos diante dunha realidade, neste caso deste profesor —eu non vou mencionar o seu nome, porque é o que busca, entre outras cousas—, e vostede pense que se pode despachar simplemente con que se abra un expediente sancionador dentro da universidade. Que eu por iso lembraba un expediente que xa se abriu no ano 2016, e iso non lle fixo nin no máis mínimo cambiar nin de parecer nin de actitude.

O que non podemos é cruzarnos de brazo. E por iso dicimos desde o BNG que esta iniciativa tamén era para axitar un goberno autocompracente e acomodado, que pensa que está todo feito (*Aplausos.*) e ao que lle dan absolutamente igual non as noticias de prensa. Colla vostede o último informe que saíu recentemente do Consello Xeral do Poder Xudicial a respecto das denuncias de violencia machista e vaia ás franxas de idade máis novas, menores de 30 anos. ¿É admisíbel, é soportábel para unha sociedade que se di democrática que teñamos a metade ou máis da metade da poboación excluída da garantía dos dereitos fundamentais máis elementais? O único que pedimos son espazos de traballo conxuntos, cooperación, cooperación entre institucións; a autonomía téñena toda, a liberdade de cátedra absolutamente. Pero iso non nos exime de que o Sistema universitario galego non pode ser tratado como unha illa do medio do Atlántico.

Todas as políticas e accións de goberno dirixidas a erradicar a violencia machista, todas as formas de violencia machista, teñen que impregnar todas as institucións sociais, todas, e tamén a universidade, que é onde entramos pola porta con 18 anos e saímos pasados os 20. É un espazo de socialización fundamental, vai máis alá o combate, a violencia machista e a loita pola igualdade, dos currículos académicos, vai moito máis alá diso. E a única maneira de poder avanzar nunha sociedade máis democrática e máis xusta é que nos poñamos a traballar todas e todos, e que o fagamos, ademais, de maneira coordinada e de maneira cooperativa.

O que falou vostede aquí —e con isto xa remato— da autonomía universitaria é unha escusa. E é unha escusa absolutamente barata para non poñer na axenda do que estamos a falar hoxe, da necesidade de seguir traballando con políticas e con medidas que combatan, confronten a violencia machista en todas as estruturas que compoñen esta sociedade. Vímolos onte, cando votaron en contra da proposición de lei do BNG, van volver votar agora en contra desta proposición non de lei, e o que vemos é comodidade, autocompracencia e ningún interese nin o máis mínimo por seguir avanzando.

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Sobre a emenda do Partido Socialista, imos intentar chegar a unha transacción. Se lle parece, señora Pierres, nós queremos poñer enriba da mesa a necesidade de crear ese espazo, de poñer enriba da mesa esa mesa interuniversitaria, e agardamos poder chegar a un acordo.

Pola miña banda, máis nada que lamentar o que van facer vostedes agora. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Antes de pasar ás votacións, saudamos os alumnos de quinto e sexto de primaria do centro Xoaquín Loriga, de Prado, Lalín. ¡Benvidos ao Parlamento! Tamén os seus profesores e acompañantes.

### ***Votación das proposicións non de lei***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos coas votacións. Pechen as portas, por favor.

*(Unha señora deputada dirixese ao presidente do Parlamento.)*

¿Transaccionar? Si, un momento.

*(Pausa.)*

En primeiro lugar, votamos a proposición non de lei do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de dona Carmen Santos.

Foi aceptada unha emenda de modificación do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos, polo tanto, o texto transaccionado.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga e D. Juan José Merlo Lorenzo, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central da implantación da figura do enriquecemento inxusto ou ilegal no Código penal, co fin de avanzar na loita contra a corrupción.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o texto transaccionado desta proposición non de lei.*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Popular defendida por iniciativa da señora Encarna Amigo.

Non se aceptaron as emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, sobre o fomento e acollemento polo Goberno galego, de xeito complementario ao investimento público en tecnoloxía sanitaria, de todas aquelas actuacións de mecenado que redunden nunha mellora do servizo ao doente.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 17; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de don Luis Villares.

Non foi aceptada a emenda do Grupo Parlamentario Popular, pero hai unha transacción, ¿entendo?

Por favor...

**O señor VILLARES NAVEIRA:** É que hai unhas emendas a cambio de votar por puntos. Imos votar a iniciativa orixinal pero por puntos.

**O señor PRESIDENTE:** Imos votar por puntos.

Comezamos votando por puntos. Son seis puntos, e entón comezamos votando en primeiro lugar o punto número 1.

Votamos o punto número 1 desta proposición non de lei.

*Votación do punto 1 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 49; votos en contra, 14; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 1 deste texto.*

Votamos agora o punto número 2 desta proposición non de lei.

*Votación do punto 2 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar*

*o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 2 deste texto.*

*Votamos agora o punto número 3 desta proposición non de lei.*

*Votación do punto 3 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 3 deste texto.*

*Votamos agora o punto número 4 da proposición non de lei.*

*Votación do punto 4 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 4 deste texto*

*Votamos agora o punto número 5.*

*Votación do punto 5 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 31; votos en contra, 38.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado o punto 5 deste texto.*

E agora, por último, votamos o punto número 6 da proposición non de lei.

*Votación do punto 6 do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. de En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e D<sup>a</sup> Carmen Santos Queiruga, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Goberno central para a reforma do sistema de elección de vogais do Consello Xeral do Poder Xudicial e a garantía da independencia do poder xudicial.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 69.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobado o punto 6 deste texto.*

Votamos agora en primeiro lugar, aínda que foi debatida conxuntamente, a proposición non de lei do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa da señora Noela Blanco.

Non se acepta a emenda do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego.

*(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

¿Acepta vostede a votación por puntos?

Non.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez e dous deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coa proposta de unificación dos programas de axudas para persoas desempregadas, así como coa compatibilidade entre as prestacións por desemprego e as rendas sociais autonómicas.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 25; votos en contra, 38; abstencións, 6.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

Votamos agora a proposición non de lei do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Monserrat Prado Cores.

Non se aceptou a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego e as demandas que debe realizar ao Goberno central en relación coas prestacións de carácter asistencial e por desemprego.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 17; votos en contra, 38; abstencións, 14.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitada esta proposición non de lei.*

Votamos agora a proposición do Grupo Parlamentario Popular, por iniciativa da señora Antón Vilasánchez.

Non hai emendas.

Votamos.

*Votación da Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa da D<sup>a</sup> María Ángeles Antón Vilasánchez e nove deputados/as máis, sobre as demandas que debe realizar o Goberno galego ao Concello de Santiago de Compostela en relación coa redacción do proxecto de accesos á nova estación de autobuses, o cronograma da tramitación administrativa necesaria e os prazos contractuais previstos para garantir o seu acceso axeitado, así como as actuacións que debe levar a cabo a Xunta de Galicia respecto do inicio e execución das obras desa estación.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 38; votos en contra, 11; abstencións, 20.*

*O resultado da votación é positivo.*

*En consecuencia, queda aprobada esta proposición non de lei.*

Votamos agora a do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de don Julio Torrado.

Había unhas emendas do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e de En Marea.

Señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Acéptanse as emendas 1 e 3 do Grupo de En Marea e había unha petición por puntos que non consideramos.

**O señor PRESIDENTE:** Acéptanse os puntos 1 e 3 de En Marea e o número 2 non.

Entón, votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Julio Torrado Quintela e D<sup>a</sup> Noela Blanco Rodríguez, sobre as actuacións que debe levar*

*a cabo o Goberno galego en relación coa planificación da atención hospitalaria e a cobertura das vacacións do persoal durante os meses de verán.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 14; votos en contra, 38; abstencións, 17.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto transaccionado sobre esta proposición non de lei.*

E, por último, votamos a do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de dona Olalla Rodil.

Hai pendente unha transacción. Se nola le, señora Rodil...

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Si, a transacción quedaría da seguinte maneira:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galiza a:

1º. Dirixirse ás universidades do Sistema universitario galego para constituír unha mesa de traballo interuniversitaria encamiñada a:

a) Elaborar un estudo integral sobre as violencias machistas no Sistema universitario galego.

b) Deseñar un programa de formación e sensibilización estábel dirixido ao conxunto da comunidade universitaria e tamén específicas para cada colectivo: PDI, PAS, alumnado.

2º. A través da Secretaría Xeral de Igualdade, establecer un convenio coas universidades do SUG para o cofinanciamento das actuacións anteriores».

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Votamos esta transacción.

*Votación do texto transaccionado da Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olalla Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre a constitución pola Xunta de Galicia, a través da Secretaría Xeral de Igualdade, dunha mesa de traballo interuniversitaria contra a violencia machista, así como a dotación do orzamento necesario para o desenvolvemento da súa actividade.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 29; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto transaccionado sobre esta proposición non de lei.*



**O señor PRESIDENTE:** Remataron as votacións. Abran as portas, por favor.

Continuamos co punto quinto da orde do día, interpelacións.

**Interpelación de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo e tres máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre o tratamento dos residuos líquidos**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Bo día.

Bo día, conselleira.

Cando antes se fixeron as preguntas ao presidente, aí arriba sentados había un grupo de alumnos da universidade sénior da Universidade de Vigo, e ao saír dicíanme que estaban alucinados dalgunhas respostas que o presidente da Xunta lles dera aos portavoces da oposición. Claro, escoitar agora aquí que «*si tú más porque en La Laguna e non sei onde...*», frases dese tipo. Cando a loita pola igualdade é un goberno no que hai menos mulleres que homes, pois a verdade é que chirría un pouco. (*Aplausos.*) Aprendan vostedes do Goberno de España, que ven onde vai haber máis mulleres que homes. E, a partir de aí, poderemos empezar a falar de igualdade en igualdade.

Herdanza recibida, conselleira. En marzo do ano 2009 —e estamos en xuño de 2018, pasaron máis de nove anos— só estaban sen licitar dúas depuradoras: en Poio-Sanxenxo, en Pontevedra, e en Ribeira, na Coruña. Poio-Sanxenxo segue a ser unha depuradora pantasma, quizais porque sobrevoa a pantasma dalgún construtor sobre Pampaído, e por iso deixou de ser a posibilidade dunha depuradora para apoio. E a de Ribeira xa sabe vostede como está, xa llo contaron os veciños de Ribeira a berros cando viñeron aquí o día que se lle fixo a pregunta sobre a depuradora. Conselleira, sábeo vostede directamente a través deles.

A Unión Europea está moi preocupada por este desleixo en depuración. En 2013 viñeran varios eurodeputados a Galicia para controlar a depuración de tres rías: O Burgo, Ferrol e Vigo. (*A señora Vilán Lorenzo amósalle á Cámara un documento.*) Este foi o proxecto do documento de traballo que fixeron, houbo un informe final, un documento final, e concluían —leo literalmente—: «As zonas das nosas rías que aínda son moi produtivas están en grave perigo se non se toman medidas, porque a condición destas áreas está potencialmente ameazada se non se fai nada urxente para resolver as cuestións que este mesmo informe recolle». Nese mesmo informe dicíase que se cometeran graves infraccións da lexislación da Unión Europea en materia de augas ao longo dos anos.

Galicia ten un problema de depuración —vostede sábeo— e cómpre —entendemos nós— unha acción integral sobre as rías para a súa recuperación ambiental, para a súa recuperación produtiva. E nós entendemos que para vostede debería ser prioritario, conselleira.

Voulle poñer tres ou catro exemplos:

Ría de Arousa: contaminada; produción que cae, berberecho que morre, ameixa que vai morrendo e marea roxa e toxina que teñen estrangulado os produtores de mexillón. Un dos principais motivos da contaminación da ría de Arousa é a deficiente depuración da cidade de Compostela e da súa área. E non é este un caso illado —como diría o ex-presidente do Goberno, Mariano Rajoy—, porque todas as depuradoras que hai en Galicia están sobrepasadas, conselleira, todas as das zonas urbanas.

E en Noia e en Ribeira non se coñece se o emisario submarino de Touro para o saneamento se fixo ou non de acordo co proxecto —está o asunto nos xulgados—; funcionan mal os tanques de tormenta e os sifóns; hai verteduras de lixo e de augas non debidamente depuradas ao mar —estamos a falar dunha zona ambientalmente especial, porque está entre os parques naturais de Corrubedo e o Parque Natural das Illas Atlánticas—; hai máis de quiñentas denuncias por problemas de salubridade derivados do mal funcionamento da EDAR, que está en probas, que segue en probas; informes técnicos sobre esta EDAR din que se observan medicións moi altas de sulfídrico nas estacións de bombeo.

E vostede recoñeceu estes problemas no pleno no que se lle fixo a pregunta. E cando foi vostede en busca dos veciños ao pasillo, que está aí detrás, recoñeceu que tiñan un problema; prometeulles que llelo ía arranxar, pero aínda non o fixo. Tanto é así que en maio deste ano, ante unha denuncia dun dos veciños, a Fiscalía de Medio Ambiente decidiu abrir dilixencias informativas de investigación penal pola posible existencia de verteduras potencialmente contaminantes e perigosas para o medio ambiente que poidan constituír delito.

Ría de Pontevedra: contaminada; con toxinas que fan que estea pechada gran parte do ano, con frustración de bateiros e de mariscadoras, e con razón, pois están agardando polas medidas da súa consellería dende o ano 2001. Non sabemos que pasa coa depuración en Poio, en Pontevedra, en Marín, Bueu... Pois o que pasa é que na ría de Pontevedra, xa a súa marxe dereita, xa fora declarada sensible por Augas de Galicia en 2001. ¡Dezasete anos pasaron, conselleira! Pasa que a planta de Praceres —que está xestionada directamente por Augas de Galicia, e, polo tanto, é da súa responsabilidade—, que trata as augas de Pontevedra, Marín, Poio, Sanxenxo, Vilaboa e Ponte Caldelas, en totalidade ou en parte, decanta pero non depura. É dicir, tamiza —non sei se dicilo de maneira pouco elegante, vouno dicir elegantemente— os residuos urbanos que chegan dende as vivendas, pero non depura.

E pasa que o presidente da Xunta en 2016 dicía que a ría de Pontevedra era a súa prioridade, quizais porque a Unión Europea nos sancionou en 2014. Polo visto, traballaban vostedes en 2016 en traballos desa prioridade para inicialos antes de que rematase o propio ano 2016 —estamos en 2018—. Vostede mesma compareceu ante os medios de comunicación en Pontevedra para dicir que tiña un millón e medio de euros para redactar o plan de saneamento local da ría, que tiñan catro millóns para as melloras da infraestrutura hidráulica en Marín. Non sabemos onde están os colectores nin cando vai rematar a obra, probablemente despois das eleccións municipais; seguro. E logo tamén dicía vostede que había 5,7 millóns de euros para a construción da depuradora de Poio, e gustaríanos saber onde a van colocar, e 45 millóns de euros para a EDAR de Praceres, derivados dos fondos europeos Feder.

E eses 45 millóns de euros, conselleira, seguro que vostede vai dicir que foron a un plan de saneamento, no que están a traballar, e quizais a un estudo de batimetría da súa consellería. O curioso está en que cando o responsable de Augas de Galicia foi a semana pasada —hai dez días— reunirse cos concellos que están afectados pola non- depuración da EDAR de Praceres, falou dun estudo de batimetría e ensinou uns plans nos que había erros. Erros tan terribles como que un dos emisarios de Poio, o que está máis preto de Sanxenxo —«Sanxenxo» e non «Sanjenjo»— pois estaba mal posto; non era alí, era noutro sitio, e dixerónllo. Polo tanto, gastar os cartos nun estudo de batimetría feito polos técnicos sen saber onde están os sitios, pois a verdade é que é un comezo moi malo, conselleira.

Hai unha sentenza de condena do Tribunal de Xustiza da Unión Europea de marzo de 2016. Tamén nos condena, sobre todo, polas aglomeracións de Pontevedra, Marín, Poio e Bueu. E, de feito, a Comisión remitiu ao anterior Goberno de España un escrito no que lle pedía explicacións, e aínda estamos esperando pola resposta; na Comisión tamén están analizando o que van facer.

Ría do Burgo: contaminada; péchase moitas veces ao marisqueo. Os parlamentarios europeos xa neste informe dicíanlle que era necesario mellorar a calidade da auga, a extracción dos lodos, que chegan a 2 metros de profundidade, e o seu tratamento.

EDAR de Santiago. A finais de 2014 —en 2011 e en 2013 tamén— a Comisión Europea dixo que ía denunciar España tamén pola falla de sistema axeitado de tratamento e risco para a saúde pública, pola falla de depuración en Santiago. E vostede por escrito dixo que estaban a colaborar co Goberno do Estado —a ver se seguen colaborando a partir de agora, esperemos que non da mesma maneira ou non cos mesmos resultados— e que a depuradora do Souto, en breve, se asinaría un convenio, e con relación á ampliación da EDAR da Silvouta que tiñan catro millóns de euros. Pois nós cremos que é imprescindible a coordinación entre o Goberno da Xunta, o Goberno estatal e o Goberno local, porque están en perigo os fondos comunitarios, conselleira, e está en perigo a saúde non só das aglomeracións urbanas senón tamén da ría de Arousa.

Isto é unha mostra, son catro botóns —como se di por aí— de como está a depuración en Galicia. Galicia ten un problema de depuración, e vostede ten as preguntas por escrito xa. Xa que vostedes están na depuración do Partido Popular pois, conselleira, estaría ben que tamén se dediquen un pouco á depuración da comunidade, que boa falta nos fai.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Resposta da conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Señora Vilán, comeza vostede a súa interpelación facendo unha reflexión en alto sobre un comentario que lle fan os invitados a este hemiciclo e onde vén dicir que iso de «e ti máis»

non gusta. ¡Home!, eu xa sei que ao Partido Socialista non lle gusta que lle boten en cara todos os asuntos escuros que teñen, pero, evidentemente, esa é unha realidade. Polo tanto, dende o Grupo do Partido Popular nós tamén temos dereito a recordar o pasado e tamén o presente da súa formación.

E cando fala vostede de que temos que mirar para esa foto marabillosa de moitas mulleres no Goberno novo do señor Sánchez, mire vostede: o problema é que o que queren os cidadáns, o que queren os españois, o que queremos os galegos e as galegas é que nos dean solucións, non fotos de mulleres e homes única e exclusivamente. E eu espero que a súa felicitación sexa cando o compromiso dese Goberno Sánchez se materialice, por exemplo, na depuración da cidade de Santiago, na depuración e na limpeza dos fondos da ría do Burgo, e non porque sexa e haxa moitas mulleres no Goberno. Iso é o que espero eu deste novo goberno.

E, por certo, que eu saiba, dos dez conselleiros que somos, cinco somos mulleres e cinco homes. De dez conselleiros, cinco somos mulleres —que eu saiba—, (*Aplausos.*) cinco mulleres e cinco homes. (*Aplausos.*) (*Murmurios.*)

Pero ímonos centrar en algo no que vostede me dá a oportunidade e que tentarei responder tantas veces como vostede me faga esta interpelación en materia de saneamento. Di: ¿cal é o compromiso que ten o Goberno da Xunta de Galicia en avanzar na depuración e no saneamento da nosa comunidade? Está ben recordar que ese compromiso, evidentemente, non é de agora, xa vén de lonxe, xa vén dende o ano 2009. Porque, efectivamente, o Goberno da Xunta de Galicia o que quere é contribuír e apoiar os concellos, contribuír e apoiar os concellos —reitero— no exercicio das súas competencias; competencias outorgadas pola Lei de augas do Estado e a Lei de augas de Galicia, onde son os concellos os que teñen que dar resposta en materia de abastecemento e en materia de saneamento, non só das infraestruturas senón mesmo tamén da xestión. Só única e exclusivamente cando o Goberno do Estado ou mesmo unha comunidade autónoma declara de interese autonómico ou de interese estatal unha actuación en materia de saneamento e de abastecemento está o Goberno da Xunta de Galicia.

E o Goberno da Xunta de Galicia, aínda máis que apoiar os concellos, o que fixo foi destinar o investimento que con fondos propios da Comunidade Autónoma e con fondos da Unión Europea lle dedicamos a mellorar o saneamento da nosa comunidade. E, efectivamente, fíxose moito; foron máis de mil millóns de euros os investidos dende o ano 2009 en materia de abastecemento e de saneamento. E iso foi capaz de converter que todas as masas de auga da nosa comunidade pasaran do 70 % ata un 77 % estiveran en bo estado. E iso significa que, efectivamente, dende o 77 % de masas de auga ata o cen por cento aínda queda percorrido por percorrer na nosa comunidade en materia de saneamento e en materia de abastecemento.

Cando vostede fala e fai afirmacións categóricas sentando cátedra de que a ría do Burgo está contaminada, de que a ría de Pontevedra está contaminada, de que a ría..., en definitiva, toda Galicia está contaminada, o certo é que os indicadores e todos os parámetros din xusto todo o contrario do que vostede afirma sen ningún tipo de pudor. E é que, no día de hoxe, o

77 % das masas de auga da nosa comunidade —ríos, rías e augas subterráneas— están en bo estado, están con boa calidade.

¿E queda camiño por percorrer? Si. ¿E como imos facer para seguir con ese camiño? Pois, efectivamente, levando adiante unha folla de ruta e non aleatoriamente. Unha folla de ruta que no día de hoxe se chama «Plan hidrolóxico de Galicia costa», onde temos un investimento comprometido de 654 millóns de euros de aquí ata o ano 2021, 654 millóns de euros dos cales 130 especificamente teñen nome e apelidos; 130 millóns de euros están destinados de aquí ao ano 2021 precisamente para o saneamento do que vostede falaba, que son as nosas rías. Ese saneamento, o saneamento das nosas rías —díxeno en reiteradas ocasións e vólvo dicir tantas veces como vostede me traía aquí ao Parlamento—, será realidade ao remate do ano 2020, onde estarán as infraestruturas executadas ou en execución —como digo— para acadar ese 100 % de boa calidade das nosas augas.

Pero —dicía— este non é un compromiso a futuro, isto non é que traíamos aquí a este Parlamento 654 millóns de euros con nome e apelidos públicos e coñecidos por todo aquel que queira saber, senón que xa se investiron máis de 1.100 millóns de euros na nosa comunidade. En concreto, investíronse en 165 concellos en materia de saneamento e en 136 en materia de abastecemento. E volvo dicir: competencia municipal, outorgada por unha lei estatal e outorgada por unha lei da comunidade, que é a Lei de augas.

Eses requirimentos dos que vostede falaba, esas sentenzas das que vostede falaba —que non di que son declarativas—, efectivamente son sentenzas ao Reino de España, non á Xunta de Galicia, ao Reino de España, onde ten identificados dezasete núcleos urbanos, dos cales tres están na Comunidade de Galicia. E, efectivamente, esa sentenza —que volvo dicir: declarativa, que non condenatoria— do ano 2011 pon de relevo as cidades de Vigo, de Santiago, da Coruña e de Ribeira como emprazamentos onde se tiña que actuar, e onde se tiña que actuar dende o ano 2011, onde xa se ten actuado nos catro concellos dos que mencionaba esa sentenza. Xa se ten actuado en Vigo, xa se ten actuado en Santiago, xa se ten actuado na Coruña e xa se ten actuado en Ribeira. Pero é bo recordarllo, porque está clarísimo que non lle gusta á señora Vilán que lle recorden os feitos.

Na ría de Vigo, señora Vilán, hai un investimento que a día de hoxe xa é unha realidade e está en funcionamento, ademais de 208 millóns de euros, que é o investimento máis grande que se fixo nunha obra hidráulica, a maior da historia do Goberno galego. E esa é unha realidade dende xa.

Na ría do Burgo —esa que vostede di que está contaminada—, efectivamente, hai un proxecto agora para limpar os fondos da ría do Burgo. Estou convencida de que o señor Sánchez xa ten o presuposto para levalo a adiante este mesmo ano. Estou convencida de que a ministra —da que supoño que vai depender o Departamento de Augas, que será a nova ministra de Cambio Climático—, imaxino, supoño — esa é unha decisión do presidente Sánchez— que acometerá ese investimento inmediatamente. Porque é absolutamente falso que a ría do Burgo estea contaminada. A ría do Burgo tivo un investimento superior a 100 millóns de euros. Esta conselleira que lle fala fixo un compromiso, que a día de hoxe está en execución, de máis 6 millóns de euros, que vén de rematar o compromiso do Goberno da Xunta de Galicia coa ría do Burgo en materia de saneamento e mellora da calidade das augas. *(Aplausos.)*

Outra cousa, señora Vilán, vai ser esa esperada execución dese proxecto de limpeza de lodos, que estou convencida de que, co seu apoio —e o apoio do resto dos deputados—, vai ser unha realidade *ipso facto* ao longo deste ano 2018, xa que teñen o presuposto —como din vostedes— asumido por parte do señor Sánchez, o presuposto que deixou o presidente Rajoy.

Na ría de Pontevedra, efectivamente, señora Vilán, temos tamén un plan de saneamento, iso que nos gusta tanto ao Goberno do Partido Popular, que é follas de ruta para seguir a adiante. E, efectivamente, tivemos unha xuntanza recentemente coa Plataforma de Defensa da Ría, e mesmo tamén coas mariscadoras, para dicirlle o que estamos a facer nesa ría, máis alá —como vostede moi ben recordaba— de que hai que recordar que, efectivamente, a xestión da depuradora de Praceres a levamos nós, a única depuradora das sete capitais que leva a Xunta de Galicia, a única depuradora das sete capitais, en Pontevedra, que a explotación lles custa 3 millóns de euros a todos os galegos, en Pontevedra. Non ocorre así en Vigo, por non falar da Coruña e non falar de Ourense, evidentemente. E, si, vostede está a dicir que temos nós a responsabilidade; si, pero cando queira o Concello de Pontevedra, volvémoslla dar. Se quere executar a súa responsabilidade, que é a súa competencia, cando queira, ten o ofrecemento de levar a xestión desa depuradora de Praceres.

Mentres tanto, o que fixo esta consellería foi demandarlle ao Estado que lle dera á autorización da concesión unha regularización absolutamente necesaria para, efectivamente, ter a titularidade desa depuradora de Praceres e agora acometer un investimento que a día de hoxe xa está en redacción: o anteproxecto desta depuradora en Pontevedra.

E, como non me queda tempo, vou deixar o de Santiago para o final. Si, señoría, o alcalde Martiño ten un novo presidente —que o votou el, por certo—, que é o señor Sánchez. O alcalde Martiño, que votou el este presidente e, polo tanto, é o seu presidente, (*Murmurios.*) ten unha oportunidade agora: que convenza o Estado —porque a nós xa nos tiña convencidos— para que lle faga todo o investimento desa depuradora do Souto. A ver se é capaz o novo Goberno socialista de dicirlle a este alcalde que esa idea peregrina que tivo de cambiar o emprazamento cun proxecto —que a día de hoxe non é nin anteproxecto— que vai mellorar as condicións do Sar e vai mellorar a depuración de Santiago. Agora ten vostede eu creo que unha liña directa —polo que vexo— co novo Goberno e, polo tanto, ten a oportunidade, a través dos seus concelleiros no Concello de Santiago, de tentar cambiar de idea a este alcalde das Mareas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** ...e tentar levar a adiante un proxecto no que, por certo, por parte da Xunta de Galicia hai un compromiso que eu volvo ratificar unha vez máis.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Réplica, señora Vilán.



**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Conselleira, eu non fago afirmacións categóricas. Eu conto o que contan as persoas que traballan no mundo no mar, nas rías. Por certo, vostede si fai afirmacións categóricas tan terribles como a que fixo cando saíu aquí e dixo: «que eu saiba, somos cinco conselleiras e cinco conselleiros». Pois sabe vostede mal: son catro conselleiras, sete conselleiros e un presidente da Xunta. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Polo tanto, conselleira, leccións, nin a primeira, e moito menos facendo afirmacións categóricas que son mentira. *(Aplausos.)*

Claro, tamén é moi arriscado e para nós a verdade é que é sorprendente, porque vostede nas fotos dos consellos da Xunta sae agora que non mira para as súas compañeiras ou non debe de falar con elas, e cos compañeiros tamén, conselleira. Vostede pasa por aí e dá igual que pasa por aí cando vai falar de depuración a algún sitio, porque non sabe nin sequera do seu propio Goberno cantas conselleiras hai e cantos conselleiros, e aínda por riba sobe aquí e fai unha afirmación categórica dicindo: «que eu saiba, somos cinco conselleiras e cinco conselleiros». Pois sabe vostede bastante mal. A que fai afirmacións categóricas —mentira— é vostede; dende logo, eu non.

Eu simplemente veño aquí trasladar os problemas que nos comentan as persoas que traballan e que si miran ao redor cando traballan no mundo do mar, nas rías de Galicia. Vostede o que fai é ir a que lle fagan fotos —como os cabalos cando entran na praza de touros cos ollos tapados, polo que se ve—, e ademais vostede o que fai é contar compromisos *(Murmurios.)* e facer que fai, contar que fai: vai facer plans, vai facer proxectos... Iso é o que vostede conta habitualmente.

Conselleira, non se poden botar balóns fóra. Xa sabemos que agora vostedes van pasar á oposición neste Parlamento, á oposición do Goberno de España. O abastecemento e o saneamento son competencia municipal, sen dúbida ningunha, pero a depuración é competencia autonómica. E as preguntas van sobre depuración.

Claro que non nos pode sancionar Europa, sancionar. Isto das sentenzas declarativas é como ese despido en diferido da señora Cospedal. Sancións da Unión Europea, que é o que se lle está preguntando á Comisión. Precisamente, a Comisión estalle pedindo explicacións ao Goberno de España. Claro, non as pode pedir a Galicia, porque non somos un Estado, o Estado é o español e téñenlle que pedir as explicacións a España porque é un Estado, a Galicia non llas poden pedir. Pero o Estado pídelles logo explicacións a este país, conselleira, e se hai dezasete problemas de depuración en España e tres son en Galicia, tampouco é para estar excesivamente satisfeitos, sobre todo porque vostedes levan gobernando máis de trinta anos na nosa comunidade autónoma. Polo tanto, satisfacción, ningunha. E responsabilidade algunha terán que ter... *(Murmurios.) (O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* O señor Prado ao mellor quere subir aquí contarnos algo, *(O señor Fernández Prado pronuncia palabras que non se perciben.)* ao mellor si; de depuración, ao mellor si, ou incluso dalgunha outra cousa. É posible, por min non hai ningún problema.

Conselleira, hai imposición de sancións, en virtude dunha sentenza do ano 2016, e iso é innegable, non o pode vostede negar.



Dixo vostede que hai un compromiso de depuración na ría do Burgo. Un proxecto que está sen aprobar, conselleira, o proxecto de depuración da ría do Burgo está sen aprobar. Un plan de saneamento para a ría de Pontevedra que non existe, conselleira; aínda non se lle amosou a ninguén, porque tamén está sen aprobar. En Vigo falounos da depuradora do Lagares; efectivamente, pero a depuradora do Lagares ten un nome, ten o nome dunha muller, que foi a ministra Elena Salgado; esa é a orixe da depuradora do Lagares.

E vostede dixo —xa para rematar—: «vou deixar o de Santiago para o final». Pois, efectivamente, tan final como que a única aportación que fai o Partido Popular á depuración de Santiago é un ex-conselleiro botando lixo ao río Sar.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Peche da interpelación, señora conselleira de Medio Ambiente e Ordenación do Territorio.

**A señora CONSELLEIRA DE MEDIO AMBIENTE E ORDENACIÓN DO TERRITORIO (Mato Otero):** Moitas grazas, presidente.

Para que quede constancia e que polo menos quede na acta, efectivamente, trabuqueime, levo tres lexislaturas, é verdade que fomos algunha vez cinco e cinco; e, dalgunha maneira, pois efectivamente espero que ese erro non despiste a importancia que ten esta interpelación, que é a de falar da materia da que vostede me convida a falar, que é de saneamento.

Mire, señora Vilán, volvo insistirle en que non é este goberno nin eu como conselleira a que lle dixen que estivera todo feito en materia de saneamento e abastecemento na nosa comunidade. Si insisto en que a Lei de augas do Estado e a Lei de augas de Galicia di que tanto o saneamento como o abastecemento é unha competencia municipal que só naqueles casos en que por parte dunha comunidade autónoma ou por parte do Estado se declare de interese xeral será acometido e liderado, practicamente financiado, por aquel que o ten declarado, sexa o Estado ou sexa a comunidade autónoma.

E isto emprázame agora a falar, en concreto, de Santiago. E hai que falar de Santiago porque, efectivamente, esa teima que ten agora este alcalde coa depuradora do Souto pon en perigo non só un delito medioambiental, non só a mellora da calidade do Sar, senón tamén a posibilidade do financiamento deste investimento de preto de 74 millóns de euros con fondos europeos, máis alá de que, se en breve non se acomete esta actuación, a declaración de impacto ambiental quedará absolutamente caducada.

E xa que agora ten vostede liña directa co Goberno actual en Madrid, xa que agora ten vostede a confirmación de que efectivamente esa obra é unha obra de interese xeral, emprázoa o primeiro de todo a que a través dos seus representantes, os concelleiros no Concello de Santiago do Partido Socialista, que teñen colocado o señor Martiño aí como alcalde e o están evidentemente apoiando, o tenten mudar e que polo menos sexan quen vostedes de convencelo de que a depuradora que foi elixida, que a depuradora que foi declarada de interese

xeral, que a depuradora que xa ten unha declaración de impacto ambiental, que a depuradora que pode ser unha realidade de mellorar as condicións medioambientais deste concello, ten que ser a que está no Souto, onde a Xunta de Galicia se ten comprometido cun financiamento, porque, efectivamente, o anterior Goberno ten comprometido o financiamento do 60 % do investimento da depuradora do Souto, e tiñamos xa un acordo hai máis dun ano co Concello de Santiago de financiar o resto entre a Xunta de Galicia e o Concello de Santiago.

Ese compromiso por parte desta consellería e deste goberno segue absolutamente en pé. Estamos por ver se, máis alá das fotografías das ministras, vai ser unha realidade o investimento por parte do Estado en Santiago. E se, ao final, o Goberno socialista entende que ese estudo, que non anteprojecto nin proxecto, que agora quere levar adiante o Concello de Santiago pode ser posible, eu preguntolle á señora Vilán se o Goberno socialista, cando perda os cartos da Unión Europea, vai comprometer tamén o investimento na depuradora de Santiago. Porque é importante destacar que esta depuradora é de interese xeral —volvo dicir: de interese xeral—, non de interese autonómico e, polo tanto, é o señor Sánchez o que ten que levala adiante e exixir que se leve adiante.

Pola nosa banda, como lle dicía, seguiremos actuando para acadar ese 100 % das masas de auga da nosa comunidade en bo estado. E isto non é cuestión de literatura, non é cuestión de facer plans de saneamento. Isto é cuestión de ter identificados, con nome e apelido, investimentos que a día de hoxe estamos a tramitar para levalos adiante, entre eles, por exemplo, xa que vostede fala da ría de Pontevedra, a de Poio. Tamén a invito a que os seus concelleiros no Concello de Poio lle digan ao alcalde a ver onde quere poñer a depuradora, porque levamos esperando polo Concello de Poio para ter un emprazamento axeitado, despois de avaliar máis de nove proxectos, ou doce proxectos —aínda mo pon mellor—, máis de doce emprazamentos para posibles ubicacións desa depuradora, e a día de hoxe o Concello non ten o valor para dicir e sinalar onde podemos poñer esa depuradora, evidentemente, con todas as características técnicas.

Mentres tanto, nós seguiremos esa folla de ruta de máis de 650 millóns de euros para a Comunidade de Galicia, que vai conquistar ese saneamento integral das nosas rías e que vai conquistar mellorar as masas de auga ata o 100 %.

E ese saneamento, señora Vilán, está no *Diario Oficial de Galicia*. Están os 14 millóns de euros que xa están licitados en Rianxo; están os 4 millóns de euros que xa están licitados en Pontevedra; están os 7 millóns de euros que se van licitar nos próximos días na ría de Ferrol, na enseada da Malata; están, efectivamente, publicados no *Diario Oficial de Galicia*. A vostede parece que cando se publica non é unha realidade, do mesmo xeito que cando se fai algo parece que non lle gusta, e fai esas aseveracións categóricas, coas que o único que fai é prexudicar a imaxe da nosa Comunidade Autónoma.

Invitamos os eurodeputados que queiran a que volvan visitar a nosa comunidade e que vaian visitar as nosas rías para ver a calidade das nosas augas, despois de ter feito os investimentos —como comprometín— duns 6 millóns de euros na ría do Burgo. E invitamos tamén non só os eurodeputados, senón o Grupo Socialista, o PSdeG, que agora xa ten o seu líder no Goberno central, a que emprace inmediatamente a que os lodos da ría do Burgo se acometan.

Porque, si, señora, ese proxecto vai ser unha realidade e o financiamento está; que o executen xa; ¿tanta présa tiñan?, pois agora ten a oportunidade vostede mesma de emprazar a que ese proxecto de saneamento dos lodos da ría do Burgo sexa realidade este ano.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

**Interpelación de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre a política do Goberno galego en relación coa situación de precariedade do mercado de traballo en Galicia**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a interpelación ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día, señor conselleiro.

Hoxe o BNG quere interpelalo sobre a situación laboral de Galiza. Porque a acción combinada dun goberno cheo de corrupción, actuando con total impiedade e a complicidade do Goberno da Xunta, que vostede hoxe aquí representa, participe desa mesma estratexia, teñen consumado o roubo xeneralizado de dereitos laborais e sociais e sumido a clase obreira galega nunha situación de auténtica emerxencia nacional. Políticas que saquearon e roubaron a clase traballadora, sumida nunha situación de precariedade e empobrecemento que se está convertendo —se non está convertida xa— en estrutural, e que vivimos nunha situación onde as xeracións actuais e as futuras van vivir, están vivindo en condicións peores que as anteriores.

Acabamos de coñecer os datos do paro rexistrado, que, aínda que baixou, que é un simple indicador, dende logo non é nin moitísimo menos reflexo da mellora do mercado laboral, que deita uns resultados realmente alarmantes. Voulle dar datos dese mercado laboral, fontes do Instituto Galego de Estatística e da EPA, señor conselleiro; dígoo porque despois vostede dará os seus datos que queira; digo: fontes do Instituto Galego de Estatística e da EPA.

Pois eses datos din que o paro rexistrado en Galiza, a día de hoxe, comparado co do 2009, é de 25.000 persoas máis desempregadas hoxe que no ano 2009. E o dato máis alarmante é que na actualidade hai 120.000 persoas ocupadas menos en Galiza; é dicir, que descendeu máis do 10 % a poboación activa en Galiza, que é o que máis nos preocupa. En nove anos de goberno de Núñez Feixóo, do Partido Popular, dende que volveu ao Goberno da Xunta, en Galiza non fixo máis que descender a taxa de poboación activa.

E o drama é que esa poboación activa, onde máis descendeu, foi entre a xente moza, de xeito que vemos que o 41,7 % das persoas con idade comprendida entre 16 e 34 anos de idade —é dicir, o pulmón do que tiña que ser a nosa sociedade—, 162.200 mozos e mozas ocupados menos dende o ano 2009; un auténtico drama, señor Conde, para calquera país que queira ter futuro e para un goberno que, dende logo, estea á fronte e queira liderar ese país e teña algunha expectativa de tirar por ese país para diante.

Máis datos. En canto a salarios, tampouco nada do que sacar peito, señor Conde. Galiza é a cuarta comunidade pola cola con salarios máis baixos. A medida estatal é de 23.156 euros; en Galiza, 21.082. Os galegos e galegas cobramos 2.074 euros menos que a media estatal; cuartos pola cola.

Imos á temporalidade. A precariedade non fixo máis que aumentar, as modalidades de contratación temporal son as que máis se incrementan, a contratación temporal incrementouse tres veces máis que a indefinida (o 57 % fronte ao 20 % da indefinida), e os contratos temporais son o 92,4 % do total.

A taxa de cobertura das persoas desempregadas —falamos disto onte aquí, neste Parlamento— é dramática; máis da metade das persoas que non teñen emprego tampouco teñen absolutamente ningún tipo de cobertura.

A emigración da xente nova en Galiza segue a ser unha auténtica traxedia. Teñen no seu haber, señor conselleiro, 100.000 mozos e mozas entre 16 e 34 anos que abandonaron Galiza dende o ano 2009. Esa xeración que tiña que ser a que estivera liderando o noso país a nivel económico, a nivel demográfico, a nivel de proxectos de vida, a nivel de desenvolver aquí eses proxectos vitais e resulta que eses 100.000 mozos e mozas están desenvolvendo os seus proxectos, o seu saber, o seu coñecemento fóra de Galiza.

Podemos falar de mulleres, da situación das mulleres no mercado laboral. En Galiza, dende logo, a fenda salarial arroxa uns datos de que a actividade das mulleres galegas está 8,7 puntos por debaixo da dos homes, cando no Estado é o 4,3 %. Cobramos o 23 % menos que os homes, señor conselleiro.

¿Cal é a indecencia maior de todos estes datos que lle estou a dar, señor conselleiro? É que dende o ano 2009, analizando soamente sete programas dos orzamentos da Xunta, dende o ano 2009, destinados a políticas de emprego, deixaron sen executar partidas orzadas nos orzamentos da Xunta destinadas a políticas de emprego, despois de estaren orzados, 1.000 millóns de euros. O Goberno do Partido Popular, con este drama na situación do emprego no noso país, resulta que se permite o luxo de non ter executado, dende o ano 2009, 1.000 millóns de euros.

Eu agardo que vostede teña algunha explicación que dar-me de como, sendo os datos que acabo de describir de desemprego, de precariedade, de emigración —acabo de dalos—, se permite o luxo de non ter executado eses 1.000 millóns de euros, despois de estaren orzados. E xa non falamos dos recursos que non lle reclamaron ao Estado, dos recursos que non lle reclamaron á Unión Europea e de todas outras cuestións. Falo de recursos que vostedes puxeron nos orzamentos da Xunta, que puxeron aí, branco sobre negro, que viñeron aquí votar, que non aceptaron emendas dos grupos da oposición, que vostedes foron os que dixeron que ían facer. E, despois de telos nos orzamentos, non executaron 1.000 millóns de euros destinados a favorecer a inserción laboral, a empregabilidade, a promoción do emprego, a formación profesional de desempregados, a cualificación no emprego, a mellora da organización e administración das relacións laborais, a promoción da economía social, partidas destinadas a todas estas cuestións, 1.000 millóns de euros que o Partido Popular no Goberno da Xunta deixou de executar. Un auténtico escándalo.

E vou falarlle doutras cuestións. Faláballe de que eses datos que lle acabo de dar son datos do Instituto Galego de Estatística e da EPA, non datos para nada cociñados nin elaborados de ningunha outra cuestión.

E agora voulle falar dun estudo de ingresos salariais elaborado pola CIG, ingresos salariais do ano 2016, a partir do estudo publicado pola Axencia Tributaria, que toma como base a declaración anual que están obrigadas a presentar entidades que pagan salarios, pensións ou prestacións por desemprego. ¿E de aí que se constata nese informe? Pois o avance da precariedade laboral, o incremento das desigualdades entre as persoas asalariadas e unha importante perda do poder adquisitivo, que a precariedade non fai máis que aumentar, que se no ano 2009 era o 26 % da poboación a que non chegaba ao salario mínimo, no ano 2016 xa estaba no 30 %, que se acentúa a polarización entres as persoas asalariadas en Galiza que máis gañan e as que menos.

Galiza está á cabeza, só superada por Madrid, onde aumentan as persoas que máis gañan, as que gañan máis de 70.000 euros brutos anuais; despois de Madrid, en Galicia é onde máis aumentan; é dicir, que temos os salarios máis baixos pola cola, no cuarto lugar, pero tamén temos a honra de ver onde máis aumentan. É dicir, que na polarización entre os que máis gañan e os que menos tamén temos esa gran honra. O único colectivo que medra é o das persoas que perciben menos da metade do salario mínimo interprofesional; estamos falando desas persoas que non superan os 1.800 euros brutos ao ano; é dicir, unha auténtica miseria, señor conselleiro.

Onde máis ten aumentado o número de persoas traballadoras é na rama das actividades de menos ingresos, que por iso o paro rexistrado non significa practicamente nada, e vostede sábeo. É dicir, son persoas que a veces soamente traballan un día, dous días, uns cantos días, pero ademais por uns salarios, uns ingresos que vostede sabe que son paupérrimos, que non dan para desenvolver absolutamente ningún proxecto de vida, na maioría dos casos nin se-quera dan para comer.

Co cal eu preguntolle, señor conselleiro, cal é a valoración da Xunta, se ten previsto realizar algunha acción para reverter esta situación e se van realizar algo dende o Goberno para rescatar estes miles de galegos e galegas, porque están sumidos na precariedade e na pobreza laboral, e cal é a xustificación para, sendo estes os datos, non ter executado como mínimo —porque só lle estou falando dunhas cantas partidas, exclusivamente as partidas da súa Consellería, que logo poderíamos falar da transversalidade doutras partidas...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...que tamén terían que ir destinadas a emprego— 1.000 millóns de euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, lamentablemente, vostede comeza a súa intervención cunha serie de valoracións impropias, cunha serie de valoracións non fundamentadas. Eu suxírolle que, cando queira falar de condutas inapropiadas, primeiro mire para o seu grupo e despois fale, se o ve oportuno, dos demais. Pero aquí vimos facer un debate político, un debate sobre as políticas de emprego, e lamento profundamente que vostede, unha vez máis, suba aquí ao estrado —insisto— a facer valoracións impropias e non fundamentadas, e, por favor, mire antes de facer iso para o seu grupo.

En calquera caso, vostede, unha vez máis —tamén o seu grupo, de forma reiterada—, quere volver utilizar unha mestura de estatísticas oficiais e de informes de parte para intentar confundir e intentar falsear a realidade. Unha vez máis, recorren vostedes a ese tipo de estratexia que realmente non aporta absolutamente nada a un debate sobre as políticas de emprego e sobre o que interesa aos cidadáns e volven simplemente intentar darlle percorrido a un informe —insisto— de parte, da CIG, que, evidentemente, realiza informes como hai moitos informes que se realizan noutras instancias.

En calquera caso, os datos non a acompañan, esa é a realidade, e iso é o que reflicten esas estatísticas oficiais, porque, efectivamente, en Galicia case 23.000 persoas abandonaron a lista do paro no último ano, cun descenso do 11,5 %, e, como sabe, temos menos desemprego que hai nove anos. Esa é a realidade do mercado laboral en Galicia. Igual que temos 26.786 afiliacións máis, con cinco anos consecutivos de suba.

Debería de revisar os seus datos. A contratación indefinida creceu un 22,2 % no último ano, medrando en máis de 13 puntos sobre a subida da contratación temporal. ¡Por favor!, revise os seus datos. Incrementouse tamén a contratación a tempo completo, un 14,6 %, moi por riba da contratación a tempo parcial. E sabe —e diso non fala— que os datos da EPA do primeiro trimestre do ano 2018 reflicten que o 73 % dos galegos, tres de cada catro asalariados, teñen un contrato indefinido. E sabe tamén que nove de cada dez ocupados teñen un contrato a tempo completo en Galicia.

Vostede remítese a un informe da CIG —unha vez máis o fai o Bloque Nacionalista Galego—, por certo, do ano 2016; sería bo que tamén actualizasen eses datos. E sabe que é un informe de parte e un informe que simplemente non recolle unha análise completa da realidade. Sabe que eses datos de salario que se reflicten nese informe non teñen en conta o tempo efectivo de traballo e sabe perfectamente que se trata de persoas que só traballaron unha fracción do ano e cuxa masa de retribución só inclúe, señora Prado, os salarios polo tempo traballado, e sabe que estas persoas puideron ter recibido prestacións por desemprego ou pensións noutra parte do ano.

Polo tanto, señora Prado, ¿non lle parece que hai que falar cun pouco de propiedade e cun pouco de responsabilidade? Lamentablemente, estamos acostumbrados a que o Bloque Nacionalista Galego estea á marxe da realidade e o único que parece que lles interesa nestes momentos é, tal como afirmou a súa portavoz, a ruptura da Constitución de 1978. Ese parece o



único interese que ten o Bloque Nacionalista Galego. E, mentres estean nese debate, señoría, lamentablemente estarán á marxe das preocupación e das verdadeiras necesidades que teñen os galegos e as galegas.

Porque, se non, señora Prado, ¿como se entende e como explica vostede que o seu alcalde de Pontevedra se opoña á continuidade de Elnosa? ¿Como entende ou como pode vostede explicar que se despreza un investimento de 40 millóns de euros e, polo tanto tamén, o mantemento do emprego de máis de medio centenar de traballadores? ¿Como lles explica isto aos galegos, a 5.000 persoas que viven e dependen de Ence? ¿Como lles explica esa loita inxustificada do Bloque Nacionalista Galego contra a creación de emprego? ¿Como se entende a abstención do Bloque Nacionalista Galego na lei que permitiu a ampliación de PSA en Vigo? ¿Como explican iso? ¿Como explican, señora Prado, a súa oposición indiscriminada en contra da Lei da minería? ¿Como explica vostede iso a 5.000 persoas cuxo traballo depende da minería?

¿Por que o Bloque Nacionalista Galego rexeita a Lei de implantación empresarial e, polo tanto, non permite que o Goberno poida desenvolver unha política de captación de investimentos e de simplificación administrativa en sectores produtivos tan importantes como é o sector forestal ou o sector da minería? ¿Como se entende, señora Prado, que tan só un concello do Bloque Nacionalista Galego estea a favor de reducir os impostos aos empresarios que queren implantar investimentos nos seus concellos? Un, señora Prado. Entendo que o Bloque Nacionalista Galego, simplemente, non ten ningún tipo de compromiso efectivo co emprego; simplemente, vostedes, cando falan do emprego, falan de retórica e o único que lles interesa é poñerlles trabas aos empresarios, trabas á creación de emprego e trabas aos investimentos na nosa terra.

Vostede pregúntame que tipo de actuacións está a desenvolver o Goberno para responder ás necesidades dos galegos. A diferenza de vostedes, loxicamente, pois nós, primeiro, cumprimos a lei, cousa que vostedes instan a non cumprir —sorprendente—. Pero, en segundo lugar, efectivamente, traballamos para que os galegos teñan esas posibilidades e, polo tanto, poidan ter un mellor futuro.

E, polo tanto, señora Prado, nós non falamos de informes de parte. Nós, cando se trata de emprego, falamos de talento, falamos de innovación e falamos da Industria 4.0, debates nos cales vostedes nin están nin lamentablemente se lles espera. *(Aplausos.)*

No ámbito da innovación, señora Prado, Galicia quere diferenciarse precisamente polo talento investigador e pola vinculación co tecido empresarial. Estamos desenvolvendo o Plan Galicia Innova, con 1.775 millóns de euros, para seguir coa valorización do coñecemento científico e tecnolóxico. Estamos reforzando a competitividade das pequenas e medianas empresas para facilitar a súa transformación dixital e, polo tanto, apoiar os proxectos que queren desenvolver unha maior competitividade a través da innovación e a través da exportación.

Estamos poñendo o foco, señora Prado, tamén no capital humano, e, polo tanto, nas políticas activas de emprego, facilitando unha maior formación e unha maior orientación no mercado



laboral. E estámolo facendo, precisamente, contando con persoal máis e mellor cualificado, a través dos diferentes cursos de formación das unidades formativas de empresa, do programa Emprega Xuventude, do desenvolvemento dos empregos ou obradoiros de emprego duais e tamén fomentando a contratación de desempregados, especialmente daqueles colectivos que máis o precisan.

E estamos, señora Prado, tamén facendo unha aposta clara para favorecer o desenvolvemento das actividades dos autónomos e, polo tanto, poñer ao alcance destes emprendedores todas as facilidades para que poidan consolidar a súa actividade. Vostedes, lamentablemente, o único que queren é subirlles os impostos. Nós, aos autónomos, o que queremos é baixarlles precisamente os impostos.

Son políticas, señora Prado, que si se executan dende o punto de vista das políticas activas de emprego. No ano 2017 nós comprometemos o 80 % do orzamento, unha realidade que vostedes non queren recoñecer, pero que, loxicamente, nós seguiremos desenvolvendo, porque aí está loxicamente, na aposta polo talento, pola Industria 4.0, pola innovación, o futuro e as oportunidades que se poden abrir aos galegos e ás galegas.

Nós non estamos a favor de poñer máis impostos, non estamos a favor de impoñer restricións para desenvolver as actividades económicas e industriais en Galicia, que é a política que defende o Bloque Nacionalista Galego, e, polo tanto, este goberno seguirá actuando con responsabilidade, seguiremos apoiando o camiño da recuperación económica.

E, dende logo, señora Prado, nós o que esperamos é que o novo Goberno de España poida respectar os compromisos dos orzamentos xerais do Estado con Galicia. E nós esperamos que o novo Goberno non tente penalizar as comunidades autónomas que temos feito os deberes. Esperamos, polo tanto, que sexa un goberno xusto, que sexa un goberno equitativo, e nós simplemente esperamos contar co apoio do Bloque Nacionalista Galego para evitar que precisamente este goberno poida ser penalizado polo novo Goberno de España.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** O impropio, señor Conde, non é dicir o que pasou, o impropio é telo feito. (*Aplausos.*) E a páxina 55 da sentenza da Gürtell di: «Entre o grupo Correa e o Partido Popular creouse, en paralelo, un auténtico e eficaz sistema de corrupción institucional a través de mecanismos de manipulación da contratación pública (central, autonómica e local), a través dunha estreita e continua relación con influencias de militantes do dito partido». Non é que o diga eu, dío a sentenza, na páxina 155, que, se quere, señor presidente, déixolla para que complementa o informe dos letrados. (*Aplausos.*)

Eu lamento, señor Conde, que vostede, lonxe de preparar as súas comparecencias aquí, veña coa mesma comparecencia que xa repetiu creo que tres ou catro veces coa mesma interven-

ción. E eu hoxe fíxenlle referencia a un informe da CIG e fíxenlle referencia a datos do IGE e da EPA. Datos do IGE e da EPA que arrojan unha dramática situación de Galiza, que din que hai 120.000 persoas ocupadas menos hoxe que no ano 2009, din que hai 161.000 mozos e mozas menos ocupados hoxe que no ano 2009, din que en Galiza cobramos 2.074 euros menos que na media do Estado, din que as mulleres en Galiza cobramos o 23 % menos que os homes, cobramos 5.474 euros menos que os homes; significa que cobramos o 77 % menos que os homes. Todos os datos que lle dixen.

E din os datos, ao analizar o nivel de execución orzamentaria, señor Conde, que o Partido Popular, despois de ter orzado partidas nos orzamentos da Xunta, deixou de executar, en partidas destinadas ao emprego, co cal a mellorar o fomento da empregabilidade, a inserción laboral, a promoción de emprego, a formación profesional de desempregados, a cualificación no emprego, a mellora da organización das relacións laborais, a promoción da economía social, soamente nesas partidas, 1.000 millóns de euros, 1.000 millóns de euros que non executaron vostedes e do que vostede debería avergoñarse. (*Aplausos.*) E vostede, diante diso, dime que veño aquí cun informe sesgado. Faleille de todas estas cousas e vostede non foi capaz de contestar nin a unha soa, nin a unha soa, nin a unha soa.

E eu, se tivera tempo, falaríalle de onde vostedes están destruindo emprego: no mar, no agro, en todos os sectores. E vén vostede aquí falar de Industria 4.0. ¿Cal é a aposta polo I+D+i, no que están á cola, á cola non só do Estado, senón de Europa?

É que non hai tempo. Eu lamento que, diante dunha situación laboral de precariedade, de baixos salarios, de rotación, de dificultade, de acceso, de fenda salarial, o Goberno de Feixóo e vostede deixe de executar 1.000 millóns de euros. É indolencia, despreocupación. É noxo o que hai que sentir por un goberno que, tendo orzamentos e tendo esta situación laboral —xa lle dixen antes—, nin sequera se preocupa de exixir o que nos corresponde, senón que, tendo aí eses orzamentos, nin sequera os executa e permite a emigración masiva dos nosos mozos e mozas, permite que a metade das persoas sen emprego non cobren absolutamente nada, sen mover nin un só dedo, tendo aí os recursos para facelo. Dende logo, delincuencia organizada para roubar e delincuencia organizada para arruinar o país e deixar abandonadas as persoas que menos teñen, (*Aplausos.*) as persoas que menos teñen; é así, é así.

A indolencia absoluta instalada no Goberno, simplemente para favorecer os que máis teñen, para favorecer, si, para favorecer o roubo organizado e ao mesmo tempo roubar a clase traballadora e deixala tirada. Ese é o Goberno que temos instalado aquí.

Aprobaron unhas reformas laborais que significaron precarización, deixar tirada moitísima xente, converter en estrutural unha situación laboral dramática, e, dende logo, terá que ser esa clase traballadora, organizada, a que reverta esa situación. Vostedes soamente están intentando que esa recuperación económica sexa estrutural, unha recuperación económica para ricos, onde está habendo un medre do PIB pero acumulado só nunhas poucas mans. Iso é o único que os preocupa, esa Industria 4.0, eses datos superestruturais de exportacións e ademais para acumular riqueza nunhas poucas mans. E aquí lle dei o dato: ese aumento do PIB está acumulándose nunhas poucas mans, en Galiza aumentan os que máis teñen e aumentan os que menos teñen, e iso é para quen vostedes están a traballar, señor conse-

lleiro, señor Conde, man de ferro coa clase traballadora, impunidade e corrupción para favorecer os menos. É no que vostedes levan traballando e hoxe aquí, salvo que agora vostede sexa quen de dar algunha xustificación, algunha explicación, algunha folla de ruta diferente á que veñen dando, parece que todo indica que van seguir pola mesma folla de ruta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Peche, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Señora Prado, eu entendo perfectamente que cando non teñen argumentos, non teñen política industrial, non teñen política de creación de emprego —é así—, loxicamente é moi difícil debater. A súa única política é pechar empresas, impedir que se poidan desenvolver proxectos industriais en Galicia e, polo tanto, así loxicamente é moi difícil que vostede non queira falar de innovación, non queira falar de Industria 4.0, non queira falar de transformación dixital e non queira falar da realidade que ten o noso tecido produtivo.

Mentres tanto, vostede, efectivamente, trae aquí informes de parte, parece que agora se avergoña do informe que vostede reflectiu. Eu simplemente recollo a súa interpelación, recollo a súa intervención e trae aquí lamentablemente a esta Cámara creo que un informe de parte e incompleto.

Lamento todas as referencias que vostede loxicamente quere trasladar aquí a un debate, pero eu voulle dicir: eu síntome moi orgulloso do tecido produtivo galego. Parece que vostede non, pero eu síntome moi orgulloso do polo aeronáutico de Rozas; vostede non quere falar del. Síntome moi orgulloso de que en Galicia se estea a desenvolver o proxecto do coche autónomo. Síntome moi orgulloso de que, efectivamente, Galicia estea liderando a baixada do paro en España. Síntome moi orgulloso de que, co dato que hoxe se coñece do índice de produción industrial, Galicia lidere o crecemento do índice de produción industrial, tanto a nivel interanual como no presente ano. Síntome moi orgulloso de que Galicia sexa a segunda comunidade autónoma que ten un maior superávit comercial. Esa é a realidade do tecido produtivo. Vostede non quere, polo tanto, falar nin de talento nin de capital humano nin de innovación, nin de Industria 4.0. Non quere falar, en realidade, das necesidades que ten o noso tecido produtivo.

Eu contéstolle. Vostede di que traio a intervención escrita. Eu non son visionario. Eu tróuxenlle os datos publicados esta mesma semana polo Instituto Nacional de Estatística.

Galicia ten recuperado, señoría, por datos oficiais, 96.714 afiliacións dende o inicio da recuperación. Gran parte desas afiliacións son afiliacións femininas e, de feito, o 48 % das afiliacións que hai hoxe na comunidade son precisamente de mulleres.

A taxa de paro xuvenil —señoría, revise os seus datos— ten caído 13 puntos. Se falamos da EPA, 9 de cada 10 activos teñen estudos universitarios e están ocupados; 54.000 persoas máis, señoría, que no primeiro trimestre do ano 2014.

Se quere, falamos de salarios e falamos das estatísticas oficiais e non dese informe, de parte, da CIG. Respecto aos salarios, aínda que creceron un 10 % entre 2008 e 2016, temos, señoría, a sexta menor fenda entre mulleres e homes, e, loxicamente, son datos que están demostrando que chegou o momento de seguir traballando e de dialogar para que sigan crecendo eses salarios en función das capacidades de cada empresa e de cada sector. E aí, loxicamente, temos unha tarefa que estamos desenvolvendo cos axentes económicos e sociais.

Pero, se me fala de actuacións, pódolle falar de actuacións do Goberno de España e de actuacións da Xunta de Galicia, de forma complementaria. Sabe que o Goberno do presidente Rajoy pactou unha subida do 20 % para o salario mínimo ata o 2020. Sabe que se estaba a traballar nun plan de loita contra a fenda salarial de xénero. Sabe que activou medidas para desenvolver a Lei de reformas urxentes do traballo autónomo. Sabe que incluíu, señora Prado, a maior partida destinada ao emprego xuvenil nos orzamentos do ano 2018, a través do bono de formación de garantía xuvenil e do bono de conversión indefinido. E tamén sabe que desenvolveu un subsidio extraordinario para o desemprego mentres dure a negociación dun novo modelo de protección.

Sabe tamén que na Xunta de Galicia conseguimos un 13 % máis de fondos do Estado, precisamente polo cumprimento dos obxectivos fronte ao resto de comunidades autónomas, e Galicia ten cinco puntos máis que a media das comunidades autónomas, precisamente, señora Prado, por ter mellores resultados de execución e de desenvolvemento das políticas activas de emprego.

Sabe que estamos reforzando o plan de inspección, sabe que temos un programa específico adicado ás mulleres con preto de 71 millóns de euros e sabe que estamos dando exemplo para toda España con ese plan de estabilidade no emprego dos servizos públicos da Xunta de Galicia para reducir precisamente nun 90 % o número de empregados temporais. E sabe que a recuperación das retribucións dende máis de dous anos se van facer efectivas cun incremento retributivo do 1,5 % cando entren en vigor os orzamentos do Estado e un 0,25 % adicional con efectos dende o 1 de xullo.

En definitiva, señora Prado, nós seguimos traballando na recuperación económica. Vostedes seguen no pasado. Lamentablemente, non están pensando no futuro e eu simplemente a invito a que se incorpore...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** ...precisamente ás políticas que está a desenvolver a Xunta de Galicia en materia industrial, en materia de emprego, e, polo tanto, realmente non se centre nun debate anticonstitucional, estea nun debate para precisamente desenvolver o emprego e desenvolver a industria no noso país.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Conde.

Pasamos á seguinte interpelación.

## **Interpelación de D. José Manuel Lago Peñas, do G. P. de En Marea, sobre a situación do sistema financeiro galego**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a interpelación, ten a palabra o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Tratarei de non derrapar e saírme dos límites da Constitución neste debate, non vaia ser debate anticonstitucional.

Bos días, señor conselleiro.

Nunha década escasa, neste país liquidouse o sistema financeiro propio. Os últimos rescoldos desa liquidación exprés foron hai ben pouco, hai semanas; por exemplo, a constatación da desaparición da marca Pastor definitivamente e a incerteza provocada en Abanca por mor de ter como propietario un banqueiro venezolano que sufriu unha expropiación alí en Venezuela. Son simplemente os últimos coletazos desa liquidación do sistema financeiro galego e, máis concretamente, e moito máis importante, a liquidación das caixas de aforro galegas, que reunían o 40 % dos aforros dos galegos e das galegas, nada máis e nada menos, que tiñan unha natureza social, unha natureza que, ben aproveitada, servía para fomentar o noso tecido produtivo e para fomentar a economía produtiva.

Esta liquidación do sistema financeiro galego —do que non queda nada, practicamente só a excepción de Caixa Rural Galega— non é unha casualidade. Aquí houbo un gran pacto a nivel de Estado, un acordo instado polos grandes banqueiros, que querían facerse co negocio de case o 50 % no Estado español, e tamén un pacto PP e PSOE para trazar as liñas mestras da liquidación das caixas de aforro —é evidente que non houbo ningunha casualidade—, e tamén coa colaboración inestimable do Banco de España.

Iso, a grandes rasgos, deu como resultado esa desaparición das caixas, tamén co obxectivo de recentralizar as políticas financeiras e de concentrar o capital financeiro, concretamente en Madrid. Recentralizar porque tamén remataron así coa capacidade das autonomías como Galicia, que tiña no artigo 30 as competencias para o control e a política nas caixas de aforro, que non tiña así as competencias para controlar as políticas dos bancos. Dese xeito, dun plumazo, conseguían todos eses obxectivos.

E aquí en Galicia os gobernos sucesivos asistiron, con pasividade ou cómplices, a este plan trazado. En ningún momento houbo unha decisión política de defender as nosas competencias, de defender ese carácter social das caixas e de apostar por unha política de volver ao investimento no tecido produtivo e, en cambio, si, cuns gobernos e outros tamén, durante anos aquí se permitiu que os donos das caixas actuasen como se fosen os seus bancos privados e tolerouse que se adicasen á especulación inmobiliaria, ao ladrillazo, que causou tamén a insostible situación á que chegaron as caixas —unhas máis que outras, unha máis que outra, pero as dúas—. E a Xunta de Galicia tivo competencias durante os anos nesa carreira especulativa para incidir e para controlar esa política. Ninguén fixo nada, tolerouse esta política de investimentos.

E cando chegou o momento da fusión, señor conselleiro, tamén, desgraciadamente, neste arco parlamentario ninguén se opuxo a esa fusión, que xa foi advertido que era o camiño do fracaso. Naquel momento o camiño era volver ao carácter social das caixas, volver a que as caixas fixeran política de investimento na economía produtiva.

Vostedes colaboraron activamente co plan do Banco de España e do Partido Popular e do Partido Socialista no Estado español, colaboraron activamente. E é máis, nesa fusión das caixas, esa promesa dunha caixa galega, que acabou sendo un banco venezolano, baseouse neste país en mentiras. Unha vez máis, despois das comparecencias na Comisión de investigación das caixas e do sistema financeiro no Congreso dos Deputados, volveu saír á luz o que levamos denunciando durante anos: a fusión das caixas galegas foi baseada nunha mentira, nunha mentira de que estaba avalada por unha auditoría realizada por KPMG e que esa auditoría avalaba a fusión das caixas. É evidente —e ata o ten recoñecido o señor Feijóo— que nin era auditoría nin avalaba a fusión das caixas, era unha gran mentira.

Tamén, ademais da gran mentira e estafa das caixas, aínda seguimos coa política da ocultación. Seguimos agardando a que nos dean información transcendente para determinar as responsabilidades políticas nese proceso de fusión falido. Seguimos pedindo esa carta de encargo a KPMG, carta de encargo onde teoricamente o Goberno galego fixaba os criterios a estudar —xa que non era auditoría, diagnóstico acelerado—. A propia auditora dicía no seu informe que ese estudo se limitase ás cuestións prefixadas, que eran un diagnóstico limitado e ademais ás cuestións prefixadas pola Xunta de Galicia. Nesa carta de encargo deberían de constar que cuestións indicaba a Xunta de Galicia que había que estudar. Na documentación aportada non está. Levámola pedindo por varios medios e lévasenos ocultando durante anos. Queremos coñecer esa carta de encargo, señor conselleiro. Teñen o deber legal, ademais, de aportala e de que a coñezamos no Parlamento e de que a coñeza a cidadanía galega.

E tampouco aparecen os informes dos técnicos de Facenda dos que fala a señora Fernández Currás que se incorporaron ao expediente de fusión das caixas, nesa pseudocomparecencia por escrito que fixo a señora Fernández Currás, nunha falta de respecto máis a este Parlamento.

Queremos coñecer, xa sabemos que se mentiu, xa sabemos o resultado: 9.000 millóns de euros inxectados e unha venda a prezo de saldo a un banco venezolano. Aquela promesa de caixa galega viable quedou nun banco venezolano que está facendo negocio a custa do saneamento que se fixo con diñeiro público. É máis, nesa perda de competencias da Xunta de Galicia, onde o señor Feijóo é campión, non conseguiron unha competencia máis, pero é máis, perdeu poder a nosa autonomía, perdeu poder de autogoberno co Goberno do señor Feijóo. Perdeu tanto poder de autogoberno que, cando se decidiu privatizar Novagalicia Banco, que —xa digo— reunía o 40 % dos aforros dos galegos e das galegas, o Goberno galego non puido dicir nin mu; tampouco quixo, pero non puido dicir nin mu nesa decisión. Unha decisión que foi tomada en base a un informe dunha auditora, McKinsey, especialista en privatizacións e en portas xiratorias. E o Goberno galego non puido dicir nin mu na decisión que privatizaba o aforro do 40 % dos galegos e das galegas. Ese é o resultado de non pelexar polo noso autogoberno. Cando falamos destas cousas non estamos falando de bandeiras nin de símbolos, estamos falando de cuestións materiais. O autogoberno serve, entre



outras cousas, para isto, para poder dicirles que non á privatización dos aforros das galegas e dos galegos. E vostedes aí estiveron de floreiro, completamente, ante isto. E ese é o resultado de non plantarlles cara ás políticas deseñadas polo seu partido en Madrid.

Moitas veces vostedes poñen a escusa de que o Partido Socialista fixo cambios nas condicións, e é certo. O Banco de España xogou con cartas marcadas. PEDIU primeiro unhas condicións para as fusións que implicaban elevados custos e obrigaban a xerar activos, para, de inmediato, exixir unhas ratios de *core capital* moi superiores aos que require Basilea III, e diferentes entre caixas e bancos. Iso é certo. Pero tamén hai que dicir que o Partido Popular avalou eses cambios sempre, unha e outra vez. E, polo tanto, tamén vostedes son cómplices desta liquidación das caixas de aforros.

En definitiva, señor conselleiro, queremos a información que nos falta. Contéstenos e díganos se nos van aportar esas dúas cuestións que lles estamos pedindo sen moita fortuna. ¿Vannos facer chegar esa carta de encargo da KPMG? ¿Vannos dar tamén os informes dos técnicos de Facenda, que non están entre a documentación aportada á Comisión das caixas? ¿Que opinión lle merece a actuación dos gobernos galegos durante a liquidación do sistema financeiro galego? Se vostedes apostaban por esta liquidación, se se viron impotentes para freala, se colaboraron. ¿Que opinión lle merece o que podían ter feito vostedes, con competencias exclusivas na política sobre as caixas, e o papel que fixeron vostedes, deixándolles a estes propietarios «case» das caixas de aforros galegas camiñar nunha aventura especulativa durante moitos anos. E a súa responsabilidade nesta liquidación, que nos custou miles de millóns de euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente.

Señoría, obviamente estamos en sede parlamentaria e podemos falar de múltiples cuestións, todas elas moi interesantes, que foron introducidas por vostede. Pero retomando por onde empezaba o meu compañeiro, o conselleiro de Economía, ao mellor é que somos excesivamente previsibles e soemos preparar os temas polos que se nos pregunta. Permítame que me cinga un pouco... —non sei se a cuestión, ao ser asinada individualmente por un compañeiro do seu grupo, tiña distinto enfoque ao que vostede plantexa—, creo que en boa parte lle vou contestar, pero ao mellor non tan polo miúdo como vostede espera.

Polo tanto, do que me gustaría falar é do sistema financeiro galego, que era a pregunta que vostedes facían por escrito nesta interpelación. E o primeiro que me gustaría salienta é que precisamente podemos debater sobre esta situación porque, ao contrario do que din vostedes en múltiples ocasións —acabamos de velo hai un momento—, efectivamente existe un sistema financeiro galego, cunha entidade de referencia como é a da Abanca. E, dito isto, o que lamento é a pouca prudencia na redacción da interpelación do asinante, por tentar crear in-



certeza sobre a principal entidade financeira, que ten unha cota de mercado na comunidade de arredor do 40 %, que tamén foi repetido por vostede e que coincide co que anteriormente tiñan as caixas, onde normalmente hai empresas e cidadáns. Polo tanto, eu lles supoño un certo nivel de madurez para saber —dado un mercado como no que estamos— se elixen unha entidade ou outra. Curiosamente estamos no mesmo nivel ao que vostede facía referencia.

Non parece pois que sexa o máis responsable tentar xerar incerteza e preocupación tanto entre os clientes como entre os investidores desta entidade financeira, algo que é máis difícil de entender sendo o asinante —perdoe que me dirixa a vostede, que nestes momentos é economista—, porque Abanca e Banesco —que foron intervidos polo Goberno venezolano do señor Nicolás Maduro— son entidades totalmente independentes. Abanca —por moito que lles pese— é un banco con sede en Galicia, en España e na Unión Europea, regulado polas autoridades españolas e europeas, amparado polo Banco de España e polo Banco Central Europeo. E, ao mesmo tempo, é un banco solvente, fortemente capitalizado, cunha ratio de capital do 15,6 % e unha folgura de máis de 2.000 millóns de euros sobre os requirimentos exixidos polo Banco Central Europeo. Así non só cumpre escrupulosamente a normativa de garantía dos seus depósitos, senón que presenta un alto cumprimento dos requirimentos de liquidez, con niveis por enriba, incluso, da referencia que tamén facía vostede a Basilea III para este ano 2018. É dicir, solvente e con liquidez. Estamos ante un banco relativamente ben posicionado respecto da media.

A súa operativa está totalmente desligada de Banesco, polo que os clientes de Abanca teñen que estar tranquilos. E ademais a realidade desmente o catastrofismo que tratan de translucir na súa formulación escrita, que foi a que me levou a min a preparar este tema. Porque calquera cliente de Abanca que operase con esta entidade nas últimas semanas, desde que foi formulada a primeiros de maio ata agora, creo que non notou ningunha diferenza respecto da intervención previa de Banesco. É máis, fronte á desconfianza que pretenden trasladar, unha vez xa intervido Banesco, a Axencia de Cualificación Moody's elevou o *rating* de Abanca. Por tanto, desde esta responsabilidade de política económica, e neste caso financeira, quixera lanzar unha mensaxe de tranquilidade tanto aos clientes como aos investidores, e pedirilles a vostedes que actúen con algo máis de prudencia e responsabilidade.

Galicia, afortunadamente, ten estabilidade, tanto política como institucional e económica. Sabemos que o seu grupo acaba de colaborar en achegar determinado grao de inestabilidade a España. Non nos queiran contaxiar tamén a nós.

Unha vez aclarado este punto, lembremos o que ocorreu para que o presidente de Abanca, o señor Escotet, tivese que viaxar con urxencia a Venezuela. Nin máis nin menos que os directivos de Banesco, inicialmente convocados a unha reunión, foron encarcerados polo Goberno do señor Maduro e a entidade bancaria intervida. Isto pasou o 3 de maio. Curiosamente, o 5 é cando vostedes rexistran esta interpelación. Por iso o señor Escotet delegou temporalmente nun directivo da súa máxima confianza, e membro do consello de administración, as súas funcións como presidente non executivo. E o mesmo feito que temos constatado é que o responsable executivo da entidade segue sendo o mesmo. Neste punto quixera dicirlle que a referencia que se fai na iniciativa de En Marea —e cito textualmente—: «á repentina

desaparición do señor Escotet», permítame que lle diga que, desde o punto de vista máis persoal, énchenos de temor, pois vén de alguén que pertence a un grupo. coñece tan ben o réxime do señor Maduro, con tan poucas garantías democráticas. Por iso, señoría —segunda vez que o formulo—, pídlle ao seu grupo que non xere incertezas sobre Abanca porque estamos falando de unha entidade que conta con 3.100 empregos directos. E que, segundo un estudo da Universidade de Santiago, contribúe a xerar, ademais, 12.000 postos de traballo adicionais como consecuencia de que ten a súa sede en Galicia. E, ao mesmo tempo, estamos falando —como xa se comentou— dunha entidade que xestiona 4 de cada 10 euros dos aforros de todas as galegas e galegos.

Fixo tamén outra referencia, na parte escrita da súa interpelación, en canto á concentración bancaria. Creo que deste tema xa falamos dabondo —noutro formato— hai 15 ou 30 días, sobre esta cuestión. Daquela, todos os grupos parlamentarios estiveron de acordo en que a Comisión Galega da Competencia fixera un estudo sobre a cuestión.

É importante analizar tamén os antecedentes. Tamén fixo vostede algunha referencia na súa intervención no día de hoxe. España no 2008 era o país europeo co maior número de oficinas bancarias, con 46.000; e, por exemplo, Alemaña tiña 39.500, ou Francia, 39.000. Desde entón, a crise financeira provocara unha importante reestruturación no sector bancario en toda a Unión Europea, incluída España. E iso implicou unha concentración no número de entidades co obxectivo de garantir solvencia e futuro. Este proceso de reestruturación produciu un axuste progresivo e xeral no número de oficinas, e este axuste en Galicia —como é coñecido, datos oficiais— foi de 2 puntos inferior ao do conxunto do Estado.

Unha vez exposto isto, permítanme insistir nas tres principais conclusións do informe elaborado pola Comisión Galega da Competencia. E é que, en primeiro lugar —e que pese a que o mercado bancario galego presenta maiores niveis de concentración—, ten unha serie de características que axudan a crear un marco máis favorable á existencia de competencia a pesar deste nivel de concentración.

En segundo lugar, a adquisición do Banco Popular polo Banco Santander elevou os niveis de concentración no mercado galego pero reduciu o poder do mercado relativo da primeira entidade financeira galega por cota de mercado, e o grupo que agora ten a propiedade do Banco Popular, pasou de representar o 12,83 ao 26,11; mentres que a Abanca, obviamente, está na mesma posición, o 34,17 %, polo tanto hai unha perda relativa.

Non existe ademais —e este é o terceiro punto destacable do informe— constancia de coordinación de condutas no mercado galego e si, en cambio, de un incremento da competencia entre entidades. Como é ben sabido, incluso pola evolución tecnolóxica, cada vez máis entidades que teñen un certo nome —ou non tan nome— actúan, ben en todo o Estado ben na Unión Europea, e as posibilidades das empresas —sexan estas pemes ou non pemes— e das familias tamén son moito maiores que as que tiñamos hai uns anos.

Outro tema que tamén é recorrente é o tema de que en Galicia, por exemplo, a poboación ten unha entidade bancaria no seu concello. E a poboación que en Galicia ten unha entidade

bancaria no seu concello é o 97,7 %, que obviamente non é a situación do que ocorre en boa parte de España. Polo tanto, en Galicia creo que temos a vantaxe de contar cunha entidade radicada no noso territorio, que centra o seu negocio en Galicia, e cunha importante cota de mercado, á que xa me referín.

Por iso, señoría, permítame nesta primeira intervención que insista en que deixen de tentar crear incertezas e temores entre os clientes e investidores, porque afortunadamente a situación de Abanca é totalmente independente das decisións que toma o máximo responsable do réxime de Venezuela, que moitas veces me dá a sensación de que o seu grupo ten como referente.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor conselleiro.

Ten a rolda de réplica o señor Sánchez García.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor conselleiro, antes de meternos en fariña —e perdón—, gustárame un inciso, porque vostede dixo que colaboráramos nós á inestabilidade. Vostedes confunden inestabilidade con democracia, e vostedes confunden estabilidade eu creo que co tivemos aquí durante 40 anos. É dicir, a estabilidade non é ter un goberno corrupto no poder. O san para a democracia e a estabilidade democrática é sacar os corruptos do poder.

O outro día o señor Feijóo escudouse en non sei en que para non contestar sobre o que se lle preguntaba. E hoxe vostede escudouse en que non estaba por escrito, pero eu non sei se vostede ten que traer preparado e estudado para contestarme onde está a carta de encargo que falta da documentación que se aportou á Comisión das caixas de Galicia que se lle fixo á KPMG. Información transcendente, querémola coñecer, señor conselleiro. ¿Ten que preparalo? Pois se ten que preparalo, dígamo, que o aviso eu para o seguinte pleno, facémoslle unha pregunta e trae preparada a contestación, ou os informes dos técnicos de Facenda.

¿A vostede parécelle serio que levemos anos pedindo esta información e vostedes non a dean? ¿Parécelle serio que iso desaparecera ou que non exista, señor conselleiro? Se non existe, tamén están cometendo unha ilegalidade; e se existe e non nola ensinan, tamén. Polo tanto, ¿que é o que están ocultando?, ¿que é o que queren ocultar, señor conselleiro? ¡Conteste! Sei que non estaba por escrito, pero xa non leva nin un nin dous plenos vindo aquí, señor conselleiro, e sabe como vai isto. Estou falando do sistema financeiro galego, ¿pode contestarme aquí e solventar dunha vez por todas esta polémica? ¿Poden vostedes aportar esa información ou quérena seguir tendo escondida?

Despois falaba de prudencia e responsabilidade. Ben, pois ¡Deus me libre, daquela, que foran vostedes imprudentes e irresponsables! Se o prudente e responsable é prometer unha caixa galega con base en mentiras, con base nunha auditoría que non era auditoría, que avalaba a fusión e non avalaba a fusión, e acabar sendo un banco venezolano, entón, se iso é prudencia e responsabilidade, señor conselleiro, ¡non podo entender eu o que sería irresponsable! (*Prónúncianse palabras que non se perciben.*) Non, os irresponsables e imprudentes foron vostedes,

¡foron vostedes!, que tiñan dúas caixas de aforros co 40 % dos aforros deste país e acabaron sendo un banco venezolano cun burato de 8.000 millóns de euros.

Ese foi o resultado das políticas prudentes e responsables do Partido Popular e tamén do Partido Socialista; é certo, tamén do Partido Socialista. Ese foi o resultado. Non de En Marea, de En Marea non foi o resultado. Porque neste país tamén houbo quen dixo naquel momento, antes de que se fixera a fusión, que a fusión era máis ben fisión, que era xuntar os buratos dun cos do outro e que esa non era a solución; que a solución era que as caixas volveran facer o que estaba na súa natureza, que era investir no tecido produtivo e non dedicarse á especulación. E o resultado das súas políticas foi o que deu lugar a que o banco fose venezolano.

Aquí as relacións con Venezuela, señor conselleiro, son as súas, que foron as que lle regaláron o banco a un empresario venezolano, a un banqueiro venezolano. Nós non llo regalamos, ¡eh! Nós non queríamos que acabara en mans dun banqueiro venezolano, foron vostedes. ¡Non nos veñan botar aquí o morto! Foron vostedes os que lle permitiron iso.

E despois tamén quero ver se contesta vostede e que non se vaia no sentido de que a concentración... Non. O que pasou aquí co sistema financeiro galego, ¿mellorou as ratios de concentración ou desconcentración ou empeorounas? Iso é o que debería contestar.

Con respecto ás vantaxes que vostedes venden agora, de que temos unha entidade radicada aquí, etc., dírelle que tiñamos dúas caixas de aforros e agora non temos ningunha. A natureza dun banco non é o mesmo que a dunha caixa de aforros, señor conselleiro. Cunhas caixas de aforros teríamos a posibilidade de influír politicamente en que actuasen como vectores de dinamización da economía. Cun banco non temos esas armas. Cunhas caixas de aforros tería políticas e competencias exclusivas esta autonomía para incidir sobre esas políticas. Agora xa non temos esa panca de desenvolvemento, señor conselleiro. Se vostede vén aquí e defende isto, pois que quede nas actas. Eu creo que é un fracaso das súas políticas.

Polo tanto, señor conselleiro —e xa remato—, contéstenos, aínda que non trouxera preparado, sobre esas dúas cuestións concretas que sempre elude contestar. É un dereito, temos que coñecer iso. A cidadanía ten que coñecer iso, e se non ha hai, tamén o ten que coñecer, señor conselleiro. Prégolle encarecidamente que nos conteste a iso.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Sánchez.

Ten a palabra, para a réplica, o conselleiro de Facenda, o señor Martínez García.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Grazas, señor presidente, de novo.

Señoría, utilizando a súa expresión, prégolle encarecidamente, prégolle moi encarecidamente, que creo de verdade, honradamente, no que estou dicindo. Teño esa facultade, para equivocarme a maioría das veces, de que o que deberíamos facer é, en vez de xerar incerteza,

tratar de trasladar tranquilidade. Eu creo que estamos nunha entidade... —vostede que se refería con adxectivos bastante despectivos, desde o meu punto de vista, respecto do carácter venezolano de determinadas persoas—. Eu non fago nunca, nin facemos nós, ningún tipo de xuízo de valor, porque creo que estamos ante unha entidade —como lle dicía antes— con solvencia e con liquidez, perfectamente equiparable a calquera outra, que ten a súa sede en Galicia, tamén a fiscal —e iso é moi importante—, que conta con 3.100 traballadores directos, con máis de 12.000 traballadores a maiores —por ter a sede aquí en Galicia—, e que representa o 40 % do aforro, e tamén do crédito, que en Galicia hai; cunha importancia moi grande sobre as nosas pemes e non tan pemes e sobre as nosas familias, con distinta intención de capital.

E cando vexo as noticias recentes e miro que, por unha parte, como tal entidade acaba de mercar —paréceme— as oficinas do Deutsche Bank en Portugal, aquí ao lado. Unha tendencia territorial normal, nada aventureira, como pasou noutras etapas, que nos dedicábase a ir cara ao Mediterráneo en pelotazos de carácter inmobiliario, ao que tamén se fixo referencia.

A semana pasada creo que saíu en varios medios que cunha participación moi importante entra nunha empresa que ten unha importancia moi grande para Galicia, como poder ser a nova Pescanova. ¡Claro!, o malo de formular determinadas preguntas é que despois a realidade contradí o que moitas veces se formula aquí, nesta tribuna ou desde esta tribuna.

E un terceiro caso, ao que tamén me referín, é a suba que acaba de facer Moody's do rating desta empresa. Entón, verdadeiramente, hai unha realidade que non se acompasa coa mensaxe catastrofista que pretenden vostedes traer a esta tribuna. O que si lle podo garantir é que desde o 2009 este goberno sempre estivo comprometido en defender, dentro das nosas competencias —vostede que se regodea nas competencias e que sempre volve ao pasado—, que as entidades financeiras estiveran e se radicasen na comunidade autónoma. Creo que é o caso. Non moitas comunidades autónomas poden falar dun sistema semellante ao que nós temos. E o que deberíamos ter todos é a suficiente prudencia, ¡prudencia!, cando formulamos as cuestións e cando nos fixamos no que facemos en realidade. Eu supoño que vostedes, que son un grupo bastante arco iris, cando nos fixamos nas noticias recentes de determinados préstamos e créditos respecto da Caja de Ingenieros, ¡home!, non se acompasa moi ben coa situación normal do que vimos dicir aquí.

O que si lle podo dicir tamén, para que conste —xa que aquí tamén se recollen todas as palabras—, é que, respecto das caixas, nós estamos moi orgullosos da Caixa Rural que temos en Lugo —como ben coñece vostede—, que a súa traxectoria profesional moitas veces estivo ligada ao ámbito máis agrícola ou agrario con carácter xeral.

Polo tanto, teñamos en conta iso. Creo que nos seus argumentos normalmente incorren en profundas contradicións, cando se critica, por exemplo, que tiña que evitarse que Abanca fose absorbida por un señor tal... e, sen embargo, no Banco Pastor non se criticou cando no ano 2012 a primeira tal, ou na segunda cuestión. Ou tamén se se manteñen os servizos centrais en Galicia ou fóra de Galicia, etc. En ámbolos casos, Abanca, como tal entidade, sae favorecida e choca coa argumentación na que moitas veces vostedes pretenden influír.

Cando se traen aquí determinados razoamentos que teñen pouco carácter real, honradamente lle digo que non son prácticas a maioría das formulacións que se fixeron. Emprega argumentos de carácter secundario ou superfluos. Eu non sei se se dá conta de que todo isto se chama... Non me quero pasar de listo, pero me parece que a todo isto se lle chama ornato, ornamentación, que está de moda estes días —paréceme— en relación con todo isto.

Hai outra cuestión que me gustaría deixar clara. Non por moito repetir determinadas cuestións, vanse facer, que é o tema de KPMG. Porque o que está claro é que, na participación que xa se tivo aquí no ano 2013, as dúas persoas que interviñeron dixeron que non recibiron instrucións da Xunta, tema número un. Número dous. A principal causa do fracaso da fusión foron cambios normativos e regulatorios nos cales a Xunta non ten nada que ver, e que o obxectivo do informe era exclusivamente avaliar a fusión.

Polo tanto, manteñamos a calma, non xeremos incerteza. Creo que se algo ten de positivo a Comunidade Autónoma de Galicia é un nivel de estabilidade. Congratulémonos de como están creándose determinados niveis de emprego —como contestou o meu compañeiro hai un momento a outra interpelación—, creo que con ritmos superiores ao 3 %; imos no bo camiño. Creo que en tema de paro e de emprego imos no bo camiño, señores de En Marea... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor CONSELLEIRO DE FACENDA (Martínez García):** Eu non vou pedir que se alegre por este tipo de datos, pero non pretendan contaxiar a Galicia —é a primeira lección que se estuda en economía— de xerar determinados niveis de incerteza dos que nos arrepiñamos no futuro. Poñamos en valor a grande estabilidade que temos, tanto política como institucional, na nosa comunidade.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Martínez.

Suspendemos a sesión ata as 16.15 horas, catro e cuarto da tarde.

*Suspéndese a sesión ás dúas e media da tarde e retómase ás catro e corenta minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Reiniciamos a sesión co debate acumulado das preguntas, en concreto de don Abel Fermín Losada Álvarez, de don Luís Villares Naveira e don Moisés Rodríguez Pérez.

**Pregunta de D. Abel Fermín Losada Álvarez e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre os plans de actuación inmediata desenvolvidos polo Goberno galego para axudar as persoas directamente afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui**

**Pregunta de D. Luís Villares Naveira e trece deputados/as máis, do G. P. de En Marea, sobre as medidas postas en marcha pola Xunta de Galicia para atender de forma urxente as ne-**



## **cesidades das vítimas e familias afectadas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui**

**Pregunta de D. Jaime Castiñeira Broz e sete deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para axudar as persoas que viron danadas as súas vivendas pola explosión dunha pirotecnia o 23 de maio de 2018 no concello de Tui**

**O señor PRESIDENTE:** Comeza formulando a pregunta o señor Losada Álvarez.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, o Partido Socialista non vai facer en relación co desgraciado accidente que aconteceu na parroquia de Paramos, en Tui, como fixo o Partido Popular, que escasamente corenta horas despois da explosión solicitou nunha moción da Deputación de Pontevedra cales eran as medidas que esta deputación tiña implementadas para axudar a solucionar os problemas. (*Aplausos.*) Nós non imos facer iso.

Somos conscientes —e quero aproveitar para saudar os veciños e o alcalde de Tui, aquí presentes— da dramática situación: desas dúas vítimas mortais, deses trinta feridos, duascenas noventa casas afectadas, trinta vivendas absolutamente destruídas, sesenta coa estrutura moi danada e outras cincuenta con graves danos na cuberta. En total —dependendo un pouco das fontes— setecentas cincuenta persoas afectadas.

Algunhas das cousas que non saíron na prensa e que eu, ao mellor por deformación profesional, si que teño na cabeza son aqueles mozos e mozas que están preparando neste momento a selectividade para encarrilar as súas vidas na universidade e que foron afectadas por esta explosión. Hai moitos danos colaterais, por chamarlle dunha maneira —probablemente demasiado bélica pero ilustrativa—, que teñen que ser necesariamente abordados.

E é necesario rapidez e axilidade. E é necesario un plan transversal de actuación, efectivamente, de todas as administracións, e volvo repetir o de todas as administracións porque cando ao lado do Concello de Vigo xa estaba a Deputación pois estábanse trasladando noticias e información dende a Xunta de Galicia de onde estaba a Deputación, e, como sempre, a Deputación de Pontevedra non estaba facendo nada.

É importante, tamén —non digo que o dixera vostede, señor vicepresidente, estou dicindo o que desde logo a nós nos dicían veciños de alí—, o caso das competencias gobernamentais. O delegado do Goberno, nun exercicio de compromiso político inenarrable, dixo: <<*Hombre, si era una cosa ilegal, como íbamos a saber que estaba!*>> Ese é un enfoque parecido ao da fraude fiscal.

En fin, eu creo que hai moitas cuestións que arreglar. Efectivamente, vostedes no Consello da Xunta do xoves 31 aprobaron un procedemento de axudas que na nosa opinión ten algunha carencia, faltan os temas relacionados coas vivendas, sen dúbida, que probablemente son os máis importantes, faltan os temas de actuación industrial, faltan os temas de infraestruturas, faltan os temas relacionados con turismo e faltan os temas relacionados, tamén, co que é a actividade do sector primario.



E en relación coa construción das vivendas, todos sabemos que algunhas das vivendas que se atopaban fóra da ordenación urbanística, moitas delas construídas hai décadas, pois no novo planeamento teñen un problema obxectivo, porque indubidablemente non se sitúan en parcelas que estean en condicións de seren consideradas neste momento como parcelas edificables.

Polo tanto, entendo perfectamente que hai unha absoluta inquedaanza por parte dos veciños, e o que lle pedimos é saber, exactamente, cal é a folla de ruta do Goberno galego para solucionar esta inquedaanza. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Formula agora a pregunta o señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Boas tardes, señor presidente.

Señor vicepresidente, boas tardes.

Quero comezar por saudar, tamén, as vítimas da explosión de Paramos, en Tui, que nos acompañan hoxe. Vimos precisamente dar conta nesta pregunta, entre outras cousas, dunha escoita activa que fixemos dos propios afectados, das propias persoas afectadas, sobre as carencias que están atopando neste momento e como consecuencia da explosión, como consecuencia do que debe estar facendo a Xunta de Galicia e que non está facendo.

Nós exiximos neste momento e pedimos das administracións públicas que exerzan cada unha as súas competencias, non é o momento de exixir ningún tipo de responsabilidade política, pero si o exercicio da propia competencia que vén encamiñada, que para iso temos un goberno conformado democraticamente, para atender as necesidades da cidadanía, a que o puxo e a que non o puxo.

Tamén entendemos que a forma na que exerce a súa solidariedade o pobo galego coas persoas afectadas, coas vítimas desta explosión, é precisamente por medio das súas institucións, particularmente por medio da Xunta de Galicia.

Constatamos durante estas —practicamente— dúas semanas unha incapacidade por parte das administracións competentes, e aquí singularmente da Xunta de Galicia, para xestionar adecuadamente unha catástrofe que non é a única, que non é a primeira que se ten producido no noso país nos últimos tempos. Houbo outra doutras dimensións, doutra escala, que foi a dos lumes do mes de outubro e da que parecía que tiñamos que ter aprendido algo e parece que non aprendemos suficiente, o cal ocasiona unha sensación de abandono por partes das persoas afectadas, por parte das vítimas á hora, incluso, de compensarlles materialmente todo o que sucedeu, todo o que están vivindo, e co cal degrada as súas condicións materiais de existencia do exercicio efectivo dos seus dereitos.

Quero referirme —e queremos plantexalo en termos absolutamente construtivos— a unha serie de carencias que son apuntadas polas veciñas e veciños para instar tamén a Xunta de

Galicia, no medio desta pregunta, a que corrixa esa situación, que entendemos que poida dar lugar a un resultado moito máis xusto.

Falamos, en primeiro lugar, do tema das indemnizacións. Nós entendemos que as indemnizacións que se estableceron, que se fixeron nos decretos da vaga de lumes, deben ser as indemnizacións en caso de morte e en caso de lesionados idénticas ás que se establezan neste momento como consecuencia da explosión de Tui, porque as circunstancias foron análogas, dado que non existiu ningún caso —como xa declarou a propia Fiscalía superior de Galicia— nin de terrorismo incendiario nin de nada semellante, o normal é que habendo unhas circunstancias semellantes a atención e a indemnización, tanto por falecemento como por lesións, sexan equiparables.

En segundo lugar, en relación coa vivenda, foi algo que denunciaron tamén os afectados nos casos das vivendas queimadas na vaga de lumes tanto para casos de vivenda habitual como para casos de vivenda non habitual: a insuficiencia de atender unicamente o 75 % do valor máximo de referencia da vivenda de protección oficial. Nós entendemos que debe ser compensado o cen por cento do valor de reposición demostrado tanto en vivenda habitual como da non habitual.

En terceiro lugar, en relación cos danos en bens das parcelas ou no interior da vivendas, consideramos que non está xustificada a limitación a 3.000 euros cando se consideran acreditados danos por un valor superior. E en canto á acreditación do valor é inxusto, e así se declarou tamén en relación cos afectados na vaga de lumes, que se exixan tres orzamentos diferentes para determinados bens dos que é difícil atopar no mercado...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...ou que pola escasa contía sexa difícil a busca deses orzamentos.

Visto que me quedo sen tempo, despois na segunda quenda seguirei facendo unha exposición de que medidas consideran os veciños e veciñas que serían positivas.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Polo Grupo Parlamentario Popular ten a palabra o señor Rodríguez Pérez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Grazas, señor presidente.

Señor vicepresidente, alcalde de Tui, membros e veciños da plataforma de afectadas e afectados pola explosión dun almacén pirotécnico clandestino e ilegal en Tui, boas tardes a todos.

Señor vicepresidente, a urxencia vén motivada pola preocupación xerada ante a explosión dun almacén clandestino e ilegal de material pirotécnico rexistrado o pasado 23 de maio en Paramos, a Torre, en concreto en Casas Vellas.

Aclarar algo importante, que o que explotou non foi a pirotécnica ubicada en Baldráns, o que explotou foi un almacén ilegal en Paramos. Se explotase a pirotecnia non estaríamos falando desta catástrofe.

Explosión, señorías, que ten ocasionado danos persoais irreparables, ademais de cuantiosos danos materiais nas vivendas e empresas de moitas persoas, e danos psicolóxicos que xa están sufrindo agora e no futuro.

Desde este grupo parlamentario lamentamos, profundamente, o falecemento de dúas persoas de nacionalidade marroquí, Abdelkhalek e Ezzohra, e destacar que dous nenos quedaron orfos. Queremos trasladar a nosa solidariedade e o noso afecto á súa familia, aos feridos e a todos os afectados. Son consciente, como tudense, da situación que están a atravesar moitos dos meus veciños a consecuencia dos innumerables danos que este terrible suceso ten provocado nos seus fogares, eu mesmo podería ser afectado, pois vivo en Guillarei.

Unha situación, señorías, que require a adopción de medidas inmediatas que permitan ofrecer solucións e axudar a familias e empresas afectadas. Os meus veciños o que queren é volver o antes posible á normalidade, non queren, señorías, disputas políticas, o que demandan son solucións inmediatas. Como ben di Ayala, o meu ex-pedáneo, o que tiña unha casa grande quere unha casa grande, o que tiña unha casa pequena quere unha casa pequena, o que tiña un coche quere un coche. Aquí ninguén quere nin máis nin menos que o que tiñan antes da explosión.

¿Como se ten que facer? Para iso están as administracións e os políticos. Todos sabemos o que pasou, deixemos traballar a xustiza esperando que se aclaren as posibilidades e responsabilidades que poidan derivar, por un lado a vía xudicial, por outro lado a vía administrativa, e o máis importante, os veciños as veciñas de Paramos.

Paramos, Guillarei e todas as persoas afectadas demandan solucións, queren recuperar o antes posible o que lles roubaron de xeito catastrófico. Queren rehabilitar, queren reconstruír as súas casas, o seu fogar, queren recuperar a súa vida, recuperar as súas empresas, necesitan psicólogos, non queren trabas urbanísticas, non queren impostos, non queren complicacións, non son responsables do que aconteceu.

Paramos debe rexurdir cal Ave Fénix e todos temos que comprometermos a axudar, cada un na medida das súas posibilidades. Debemos involucrar — presidente, remato xa— todas as administracións: o Concello de Tui, xa o está facendo; a Deputación de Pontevedra, está por ver; a Xunta de Galicia, coas distintas consellerías, xa o está facendo, a única administración que puxo diñeiro enriba da mesa.

Un minuto máis e remato, presidente.

**O señor PRESIDENTE:** Non, grazas.

Ten que rematar xa. Remate.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Un segundiño e remato.

**O señor PRESIDENTE:** Remate xa, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Debemos facer o posible e o imposible, esta catástrofe supera con moito as competencias municipais.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas. Ten outro turno despois, señor Rodríguez Pérez.

Grazas.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Resposta do vicepresidente da Xunta e Conselleiro da Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE DA XUNTA E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓN PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Señor presidente.

Señorías, boas tardes.

Un saúdo —igual que fixeron todos os que interviñeron antes ca min— á plataforma de afectados e ao alcalde de Tui como máxima autoridade do Concello que están hoxe aquí, e alégrome de que estean. Realmente eu non vou facer, penso que o teño fácil, sinceramente, dado que pasaron dúas semanas e cada administración xa se puido retratar no que fixo e no que non fixo.

Eu veño aquí falar, loxicamente terei que falar do que creo que é necesario que fagamos todos. Póño-me a falar do que fixo a Xunta de Galicia. Alégrome de que estean aquí os afectados para que o escoiten de primeira man. Hoxe dicía a señora presidenta da Deputación que o encargo que lle fixeron non foi que puxeran cartos, non foi que deran axudas, non, non, foi que os representaran para que outras administracións se mollaran.

Eu alégrome de ver que se representan eles directamente, que non lles fai falta ninguén que os represente; estou seguro que ese non foi o encargo que lle fixeron, polo tanto, veñen aquí escoitar, aquí, no Parlamento de Galicia, onde falamos os membros do Goberno de Galicia do que fixo a Xunta de Galicia e do que a Xunta de Galicia cre que temos que facer todos para —como dicía o deputado do Partido Popular— que quen tiña unha casa simplemente poida conseguir o que está pedindo, que é absolutamente xusto, volver estar como estaba antes da explosión, nin máis nin menos.

Polo tanto, quería saudar os afectados, creo que hai que facer un recoñecemento, tamén, a todos os que traballaron dende xa vai facer dúas semanas hoxe, un mércores —eu saía deste pleno cando me avisaron de que había a explosión, polo tanto, xa van dúas semanas—, xa

había moita xente alí traballando dos servizos de emerxencias, e creo que merecen un recoñecemento.

Creo que os diferentes representantes políticos, señor Losada —é que aquí se empezamos a falar, de verdade...—, eu estiven alí dende o primeiro momento, igual que estiveron outros, nin sequera sei nin de que partido nin de que administración eran, eu vin moita xente alí e vin que os que estaban traballando de verdade —nós procurabamos informar e non estorbar— eran os servizos de emerxencia, por iso eu fago ese recoñecemento, e se vostede o quere levar, para non falar doutras cousas, a se estaba un ou se estaba outro, eu podoo dicir quen estaba alí e quen non, non vou entrar aí. Estaban os representantes políticos, creo que era importante que estiveran aí, pero creo que era moito máis importante, unha vez rematado o suceso tremendo da explosión e as súas secuelas, empezar a traballar na postexplosión e nas súas consecuencias, que empezaron inmediatamente despois, e niso estamos. Estou seguro de que a xente que nos está escoitando é exactamente o que quere.

Polo tanto, creo que constituíu un punto de atención aos afectados —ao día seguinte xa, que os visitou o presidente da Xunta de Galicia— crear un gabinete de crise simplemente para que todos nos coordinemos, porque todos nos temos que mollar, todas as administracións, que non manexamos recursos nosos, manexamos recursos da xente que paga cos seus impostos, incluídos os afectados de Tui; polo tanto, o que esperarán é que nos coordinemos, e creo que o alcalde de Tui está facendo un magnífico de labor, que é o que ten que facer —tamén é a súa obriga—, que é coordinarnos a todos para que entre todos axudemos a xente afectada que o necesita. Creo que facer ese gabinete de crise e estar dende o primeiro momento é o que tiñamos que facer todos.

Creo que a Xunta de Galicia, con ese apoio xudicial que lle está dando á xuíza que instrúe o caso, con peritos dende o venres —cando os pediu ás dúas horas xa os tiña, que era a nosa obriga—, que son os que están colaborando con ela, o reforzo do Xulgado de Tui, creo que esa parte está perfectamente cuberta, e dende logo a xuíza ten que saber que calquera cousa que necesita está a Xunta de Galicia para cumprir coas súas obrigas, e canto antes instrúa, e canto antes se poidan repoñer os danos e castigar os culpables, moitísimo mellor.

Mire, unha semana despois declaramos a situación de emerxencia, isto era o que tiñamos que facer. Creo que entre consello e consello traballamos arreo e valoramos os danos, e decidimos ou constatamos máis ben, era fácil de constatar, que había unha situación de emerxencia que obrigaba a que as administracións actuasen, dende logo a Xunta de Galicia. Isto podían ter feito as outras administracións, dende logo a Xunta de Galicia xa o fixo, declaramos a situación de emerxencia, sacamos un decreto que o que fai é habilitar as consellerías para que inmediatamente doten orzamentariamente non co que xa lle daban ao Concello —como se dixo por aí, e podemos falar diso—, senón con recursos sen quitarlle nada do que lle correspondía ao Concello de Tui, recursos doutras partidas para axudar inmediatamente a todos aqueles veciños e veciñas que o necesitan, e necesítano urxentemente. ¿En que? No que máis están demandando.

Moitísima xente quedou sen fogar, moitísima xente quedou sen casa. Esa xente primeiro hai que preocuparse de onde está vivindo, en hoteis, e a Xunta de Galicia asume os custos. Qué-

rense realoxar inmediatamente, a ninguén lle gusta vivir nun hotel —porque non ten máis remedio—, polo tanto, inmediatamente hai que buscarlles casas en colaboración co Concello para que se poidan ir, axeitadas ás súas características.

Había características moi diversas, había xente que ou non había pisos dabondo, ou quería unha vivenda unifamiliar polas circunstancias que foran. Iso fíxose, e creo que agora mesmo, a día de hoxe, e segundo os datos que me pasan, só hai unha persoa pendente de realoxo. Inmediatamente empezouse a falar do que lle preocupa á xente tamén, que é que ten que facer, quen lle vai axudar para reconstruír a súa casa e quen lle vai axudar para arranxala, se é un arranxo ou simplemente trasladarse a outra vivenda se a reconstrución da súa casa non é posible polas circunstancias que sexan.

Iso é o que nos pide a xente, iso é o que temos que facer, e iso, dende logo, é o que a Xunta de Galicia está a facer. E claro, para iso hai que falar como falan as administracións, de nada vale dicir isto... Eu cando escoito dicir que isto é unha competencia doutros, ¿en que lei, señor Losada e señor Villares, vén que cando explota un almacén ilegal de pirotecnia a competencia é dunha administración? A competencia é de todas as administracións que teñen que axudar os afectados para que canto antes esas consecuencias se poidan mitigar. (*Aplausos.*)

E se non entendemos iso, non entendemos nada. E a forma de que os afectados vexan que os estamos entendendo é que vexan que inmediatamente se publican as ordes para que poidan pedir os cartos, e que vexan que están aí funcionarios das administracións para informalos do que teñen que facer. Claro que hai moitos fallos que corrixir, a esta situación é a primeira vez quen os enfrontamos todos; claro que hai que escoitalos nas súas xustas demandas; e claro que hai que dicirlles se cremos que non teñen razón ou se cremos que a teñen, como a tiveron en moitas das cousas que fixemos e corriximos erros que había na orde que sacamos. Pero claro, hai que sacar a orde primeiro, se non se saca unha orde e se di que a competencia é doutros, pois non hai nada que corrixir. A Xunta de Galicia sacou unha orde, corrixiu erros que había e que xa están corrixidos, e a xente xa pode pedir.

Mañá xa se publican as solicitudes, mañá saen despois do decreto que publicamos no *DOG*, publícase a orde que habilita por valor de máis de sete millóns de euros, señor Losada e señor Villares, e a xente é o que quere. Sete millóns de euros para realoxalos, para alugamentos, para reparar as vivendas, para compralas se non é posible, para reconstruílas. Todo iso é o que quere, e todo iso acompañado, por suposto, de técnicos que vaian con eles ás casas, técnicos da Xunta tamén, por certo, e do Concello. Basicamente estamos cumprindo coa nosa obriga —alá outros se non poden cumprir— para que os acompañen e lles digan se as súas vivendas son seguras, se poden volver vivir nelas con independencia de que hai que reparalas, ou se simplemente poden entrar un momento para recoller enseres que lles fan falta para vivir noutro sitio.

Iso é o que a xente quere, iso é o que a xente espera de administracións responsables, pero para iso hai que mollarse, non vale dicir que é cousa doutros, non vale mirar para arriba e esperar a ver que fan as outras administracións. Se nós fixeramos iso, agora mesmo non habería un euro; si que habería, perdón, porque o Concello de Tui xa anunciou que pon un

millón de euros. Esfuerzo considerable — tamén é a súa obriga, por suposto —, tendo en conta o orzamento do Concello de Tui, poñer un millón de euros; na miña modesta opinión é un esforzo considerable. E un esforzo tamén que ten que facer a Xunta de Galicia poñer sete millóns de euros, xa están e xa se poden pedir a partir de mañá, pero xa avisamos, dende o principio, que podemos dar detalle de todo isto e, por suposto, estaremos alí explicando como son as tramitacións. Intentamos facelo o máis sinxelo posible, excepciónar a lei de subvencións e que a xente non teña que adiantar os cartos.

O dos tres orzamentos, señor Villares, é que iso hai unha serie de cousas que non podemos saltarnos esas regras. Non obstante, ofrecemos tamén a posibilidade de que valore a propia Xunta de Galicia, que valoren os técnicos delegados pola Xunta de Galicia para que non haxa nin sequera que presentar os tres orzamentos. Aquí trátase de dar facilidades, trátase de non complicarlle a vida á xente, pero para non complicárllela hai que darlles oportunidade de que pidan, e para iso hai que publicar partidas e axudas.

E xa dixemos dende o principio que só coa intervención da Xunta de Galicia non vai ser dabondo, os danos son moi cuantiosos. O máis urxente é a vivenda, é o que a xente nos está pedindo, hai que ter un sitio onde vivir. Xente que se quedou sen casa de repente, iso é o primeiro que hai que atender, e hai que atender os gastos de fianzas para os alugamentos, e hai que atender os gastos de mobilidade, e hai que axudar para alugar un coche se a vivenda está lonxe do seu lugar de traballo, do sitio onde vivían habitualmente. Hai que falar cos seguros, por suposto, os seguros teñen que pagar todo, pero o que non ten seguro non o podemos deixar tirado; polo tanto, estámolo facendo tamén.

En definitiva, hai que mollarse, por suposto que sairán ordes tamén, e fan vostedes ben en dicir, ¿a Xunta de Galicia vai ter en conta tamén os danos dos establecementos comerciais e os danos no sector primario? Por suposto, o que non pode ser é dicir que a Xunta de Galicia o ten que facer todo e dicir que os demais non teñen que facer nada. Aquí ou traballamos todos unidos, ou traballamos para atender esta xente, ou ao final esta xente quedará desatendida.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

Réplica, señor Losada.

**O señor LOSADA ÁLVAREZ:** Si, grazas, señor presidente.

Bueno, señor vicepresidente, mire, a verdade é que este chamamento á unidade, que eu comparto, non é exactamente o que o Partido Popular da provincia de Pontevedra, que vostede dirixe, fixo no Pleno da Deputación do día 25 de maio. (*Aplausos.*) Entón, alégrome de que veña vostede e regrese vostede á cooperación interadministrativa, pero as leis atribúen competencias ás administracións, e cooperación toda, pero as competencias son de quen son.

Estamos moi acostumados neste Parlamento a ver como o Goberno galego despexa balóns fóra cada vez que ten ocasión, e evidentemente a Deputación de Pontevedra puxo os 2,7 mi-



llóns de euros asignados ao plan concellos para Tui, nas facilidades de que co plan o Concello os redirixa a onde queira. Si, si, señor Rueda. ¿Sabe o que pasa? Que a Deputación de Pontevedra agora non ten 25 millóns de euros de libre disposición como tiña o señor Louzán. (*Aplausos.*) ¡Esa é a cuestión! Entón é un pouco máis complicado asignar fondos. Esa é a cuestión.

(*Protestas.*) Eu non sei por que lles molesta, é un feito que está publicado nos medios de comunicación, tiña 25 millóns de euros para dárrellos aos concellos como lle petaba, e grazas a iso era presidente da Deputación e o PP tiña os resultados electorais que tiña na provincia de Pontevedra. ¡A ver se sabemos de que falamos!

Señor vicepresidente, unha boa parte — máis alá do accidente e da ilegalidade manifesta — ten que ver cun urbanismo que se arrastra lamentablemente nese escenario de «ti vai facendo», e que acaba tendo como resultado que un presunto delincuente, efectivamente, faga actuacións irregulares e aconteza o que ten acontecido.

A nós o que nos preocupa, señor Rueda, e hoxe vén a noticia no diario ABC, pouco sospeitoso: «*Arrancan las obras en la zona cero de la ola de incendios de octubre.*» ¡Oito meses despois! A nós preocúpanos que aconteza o mesmo na zona cero de Paramos, iso é o que nos preocupa, señor Rueda, e como vostede pois está moi preocupado pola Deputación de Pontevedra, non se preocupe tanto pola Deputación de Pontevedra e faga o traballo que ten que facer nas súas competencias. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Losada.

Réplica, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Si, señor Rueda, en relación coas materias competencia da Xunta de Galicia, non imos polemizar sobre o tema, pero imos dar por feito que son, como mínimo, as mesmas que durante a vaga de lumes do mes de outubro, por iso as propostas que lle facemos aquí despois de escoitar os veciños e as veciñas pretenden mellorar as deficiencias observadas naquel decreto. Entón, sigo.

Imos ver, non se estableceu un plan especial de atención psicolóxica ás vítimas, non soamente ás persoas do propio Paramos, senón tamén dos arredores, incluso dos profesionais que os atenderon nas primeiras horas, e debería de facerse, ademais de aprobarse un plan de catástrofes que aínda está pendente no propio Hospital Álvaro Cunqueiro.

Non se falou nada dos labores de desentullo, e pensan os veciños que sería necesario asumir ese labor de forma coordinada, tratando de rescatar os enseres persoais e facendo iso conciliabile con condicións de seguridade.

Estamos falando tamén de que esa oficina de reclamacións debería de ter un gabinete de asesoramento técnico para ir adiantando trámites e ordes executivas para neutralizar riscos para persoas ou bens de cousas que poden caer das cornixas das casas, etc. Un gabinete xurídico para asesorar sobre eses aspectos legais, sobre a tramitación de axudas que debería de articularse á simultánea tramitación das intervencións de gran recorrido, como é a re-

construción integral coa reposición de elementos que son menores, como o caso de fiestras, etc., ou o retellado, e que podería dar lugar a que a xente volvese pronto ás súas vivendas e que, polo tanto, non levasen todas o mesmo trámite.

En canto ás obrigas tributarias, cremos que é necesario evitar como requisito a obriga dos cidadáns de estar ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias para o acceso ás axudas. Non pode ser que porque unha persoa non estea ao corrente do pago do IBI, despois do catastrazo do ano pasado, se lle neguen estas axudas ata que o faga.

En canto ao aloxamento provisional, pensamos que é necesario indemnizar os gastos ocasionados ata este momento polo aloxamento servido por hoteis e albergues que abriron, voluntariamente, as súas portas á veciñanza. Pensamos, tamén, que os vehículos deben de valorarse consonte o custo efectivo da reposición. Pensamos que debe de haber —iso si, e aí dámoslle a razón— colaboración interadministrativa na reconstrución da zona arrasada, debería de ser unha reconstrución modélica, e para iso habería que actuar en tres eixes: en primeiro lugar, a reurbanización integral da zona; en segundo lugar —e abrevio—, a asesoría ambiental e urbanística para esa reconstrución; e en terceiro lugar, a intervención plena dos servizos sociais.

E finalmente, evidentemente, a activación dos fondos de continxencia do Estado, polo tanto, o establecemento dunha liña de diálogo entre a Xunta de Galicia e o Estado para a activación deses fondos de continxencia.

Como é moito e é máis extenso que isto, deixareille despois á súa disposición a batería de iniciativas, para que antes de que se publique a concreción de axudas as poidan ter en conta.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

Réplica, señor Rodríguez Pérez.

**O señor RODRÍGUEZ PÉREZ:** Señor vicepresidente, moitas grazas.

Vostede viu de primeira man a magnitude da traxedia, e ao mesmo tempo a gran sorte, dentro da desgraza. Todos somos conscientes da traxedia humana que puido acontecer se a explosión se produce a outra hora, ¡un auténtico milagre! Terrible traxedia humana ao falecer Abdelkhalek e Ezzohra e quedar dous nenos sen pais. O despregamento de medios materiais e humanos foi rápido e amplo, e ninguén o pon en dúbida.

Agora entramos noutra fase, entramos na fase de reconstrución de vivendas, de negocios, e, sobre todo, reconstrución da vida das persoas: recuperar a normalidade, recuperar os seus fogares.

Moitas grazas, señor vicepresidente, por explicar de xeito tan claro o que a Xunta de Galicia está a facer a través das distintas consellerías.

Eu, como tudense, teño adquirido o compromiso cos meus veciños de devolverlles a normalidade o antes posible, sendo conscientes de que hai cousas que se poden solucionar de xeito inmediato, pequenas obras que se poden realizar para autorizar os veciños a volver ás súas casas. Obras menores, e outras obras de rehabilitación ou reconstrución que todos somos conscientes que tardarán un pouco máis.

Temos un longo camiño por percorrer, e os veciños e veciñas de Guillarei e Paramos non o poden facer sós. É fundamental, señorías, a implicación de todas as administracións para solucionar o antes posible esta terrible situación.

O panorama vivido é un panorama de guerra, temos que devolverlles a paz ás persoas que alí vivían e que queren voltar vivir como antes da explosión. Os veciños demándannos que non os deixemos de lado. O Grupo Popular non o vai facer. Eu vivo alí. Ese é o meu compromiso.

Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Pérez.

Turno de peche desta pregunta, señor vicepresidente e conselleiro de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza.

**O señor VICEPRESIDENTE E CONSELLEIRO DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA (Rueda Valenzuela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Villares, eu agradézolle que me dea toda a documentación, as peticións; moitas delas xa as coñezo; tamén falei con eles, e a Xunta está falando con eles. De todas formas, benvido sexa todo o que valla para acertar entre todos, benvido sexa. Non me pode dar nada antes de que se concreten as axudas, porque xa está enviada ao DOG a axuda, que se vai publicar mañá, para que haxa 7 millóns de euros á disposición da xente que está aí enriba, que é o que están esperando. Para futuras concrecións, de acordo, pero xa está enviado ao DOG, e a partir de mañá 7 millóns de euros á disposición da xente que o necesita. *(Aplausos.)*

Señor Losada, mire, de verdade que non vale a pena perder o tempo. Vostede preguntame: ¿de que se vén falar aquí?, ¿de que estamos falando aquí? ¿Sabe de que estamos falando? Da xente que está aí e que non ten casa. *(Aplausos.) (Murmurios.)* Diso estamos falando. *(Aplausos.)*

Vostede, que aquí falou en nome da Deputación, faloulles de Louzán. ¿Vostede cre que a xente que está sen casa vén aquí a que vostede lle fale de Louzán? ¿Vostede cre que a xente que está sen casa vén aquí escoitar como vostede lle di que os cartos que a Deputación lles dá para saneamento, para a gardería, para a recollida de basura, que non o gasten niso, que non se recolla basura nin o saneamento, e que o dediquen a iso, porque non vai haber un euro máis? *(Murmurios.)* ¿Que non olvidan nada? ¿Que esa é unha cuestión legal de competencias e que a lei deixa claramente dito que cando nun concello explota un almacén ilegal e a xente queda sen casa a Deputación non pode poñer cartos? ¿Onde está unha lei que diga

iso? É o que vostede acaba de dicir, señor Losada, (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) é o que vostede acaba de dicir. (*Aplausos.*)

Eu síntoo moitísimo, e non me van desviar do que lle importa á Xunta de Galicia cando xa ten 7 millóns de euros á disposición, sen quitarlles nada aos veciños de Tui de seguir reivindicando o que é necesario. ¡Claro que hai moitísimos danos que reparar! Hai que facer o desentullo —como dicía o señor Villares—. Eu estiven alí e vino, el tamén estivo, e viu que hai que facelo, e iso vai custar cartos. Igual que reurbanizar vai custar cartos. Igual que xa estamos traballando, por suposto, en todo aquilo que teña que ver cos impedimentos legais que puideran aparecer. Pero non se preocupe, que imos facilitalo o máximo posible, incluso imos facilitarlle á xente a posibilidade de que, se non quixera reconstruír a vivenda, poida comprar outra, e iso non se fixo nunca, iso sae na orde de mañá. Pero por iso digo que fai falta a axuda de todas as administracións.

¡Oia!, nós nunha semana declaramos esta emerxencia. Eu podo entender que o Estado, co cambio de goberno, non poida facelo neste Consello de Ministros —que estaría moi ben que o fixera—, pero esperemos que o faga no seguinte, nunha semana. ¿Que cousas máis urxentes haberá neste momento que, despois da explosión, axudar os veciños de Tui? Espero que a semana que vén, despois de que o Concello o teña pedido, no Consello de Ministros —non nesta semana, na que vén—, se declare a situación de municipio afectado —que se chama agora declaración de zona catastrófica— por unha emerxencia de especial intensidade de protección civil. Espero que o fagan. A Xunta de Galicia fíxoo nunha semana.

Sei que hai moitas cousas que facer. Nós tivemos a axuda do Estado, non tivemos a da Deputación de Pontevedra. Dígoo para que vexan o que poden esperar. Non chegou nin un euro da Deputación de Pontevedra para os concellos afectados polos lumes, moitos deles do Partido Socialista. Chegaron axudas do Estado, chegaron 23 millóns de euros da Xunta de Galicia. Van chegar agora, mañá hai xa 7 millóns de euros da Xunta de Galicia tamén para os afectados de Tui. E sacaremos ordes —como dixen antes— para o sector primario, para establecementos comerciais —se os hai—, para o que faga falta. Pero non imos chegar. Os cartos que nós manexamos son os mesmos que manexan vostedes, son desa xente que está aí arriba, non son de nós.

Polo tanto, poñámonos todos á disposición, non lles falemos de Louzán, non lles falemos de competencias, falémoslles do que imos facer por eles. (*Murmurios.*) Falémoslles de como van poder pedir os cartos e de como imos ter que poñer todos, porque, se non, non vai chegar.

Señor Losada e señor Villares, eu agradezo esas aportacións, terémolas en conta. Espero que fagan a mesma forza que faremos nós co Estado para que o Estado inmediatamente, en menos dunha semana —como fixo a Xunta de Galicia—, declare a antiga zona catastrófica —que había antes e agora ten outro nome, como dixen— e empece a habilitar axudas. Espero que a Deputación rectifique e non deixe tirados os veciños de Tui, señor Losada.

A pregunta non foi o venres, dous días despois da explosión: ¿que axudas puxo a Deputación? A pregunta era: ¿que axudas vai poñer? ¿E sabe o que se fixo? Non se lle deixou preguntar, porque, claro, se preguntan, a resposta é: nada, non é cousa nosa, a lei di que é doutros, a

nós nin que nos miren, non vai con nós. Iso non vale, iso non soluciona problemas, iso non lles devolve a casa ou non lles devolve que poidan vivir nunha casa danada aos veciños que están aquí arriba.

Por suposto que seguiremos axudando. Xa estamos coa atención psicolóxica. Somos conscientes de que, despois desa primeira atención que houbo que facer a través do grupo de intervención en catástrofes, séguense necesitando. Xa nolo din a nós tamén, señor Villares. E xa nos din que non hai que derivalos ao Cunqueiro, que hai que facer a atención aí, e xa estamos traballando co Sergas niso, por suposto.

Somos conscientes tamén dos problemas que ten a xente polas obrigas tributarias. A primeira é intentar a exención. ¡Oia!, eu espero que agora fagamos todos forza para que, se teñen que pagar o IRPF neste caso, igual que nós exencionamos a Lei de subvencións, e a través dos mecanismos legais que faga falta —vostede aí podería botar unha man—, a ver como conseguimos que non teñan que pagar o IRPF polas axudas que reciban polo menos da Xunta de Galicia.

Esta é unha cuestión de vontade, non é a nosa competencia. Nós pedímolos, xa llo estabamos pedindo —e desde a plataforma son conscientes— cando non sabiamos que ía haber cambio de goberno, e seguímolos pedindo agora. Agora que hai cambio de goberno, téñeno vostedes moito máis fácil. A ver, señor Losada, se a Deputación considera que polo menos falar con outro goberno é cousa da súa competencia. ¿Ou iso tampouco? Ao mellor non ter que poñer un céntimo por unha acción destas. Polo menos, se non teñen que gastar, ao mellor moléstanse un pouco, ou ao mellor pensan que polo menos aí si que hai que axudalos.

Miren —e remato xa, señor presidente, porque eu creo que está todo dito—, mañá hai 7 millóns de euros no DOG para axudar a xente de Tui, da Xunta de Galicia, en dúas semanas, despois de declarar a situación de emerxencia na primeira semana, despois de poñernos a traballar en serio, despois de deixar de facer outras cousas que non eran tan urxentes para a xente, a partir de mañá, e non perdendo o tempo nestas dúas semanas, porque xa se está valorando cos peritos da Xunta de Galicia, cos peritos xudiciais mandados pola Xunta de Galicia, por requirimento da xuíza, como están as vivendas, que é o que a xente quería.

A xente non vén aquí vernos discutir, a xente vén aquí a que cada un diga o que vai facer. E creo que, despois destas tres intervencións, despois destas catro, co meu compañeiro de Tui, quedou ben claro o que vai facer a Xunta de Galicia, o que esperemos que faga o Estado e o que non vai facer a Deputación. E, se é así, xa deixo aviso de que non vai chegar. Eu espero que todos entremos en razón. Conten coa Xunta de Galicia. Eu creo que o estamos demostrando.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor vicepresidente.

**Pregunta de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre as medidas previstas polo Goberno galego para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, boa tarde.

E boa tarde aos ex-traballadores da Fábrica de Armas da Coruña que hoxe nos acompañan.

Señor conselleiro, como sabe, hai algo máis de oito anos General Dynamics afirmaba que a súa fábrica de Pedralonga, na Coruña, tiña un bo futuro e contribuiría a que España fora —dicían— un dos países importantes en Europa para esta multinacional. Pero en 2013 pechou as instalacións, co despido dos seus traballadores.

En 2014 a Fábrica de Armas da Coruña fora adxudicada polo Ministerio de Defensa, titular da instalación, á empresa Hércules de Armamento, en concurso público, participando de forma moi proactiva o Goberno galego actual e o Concello da Coruña, daquela sendo alcalde o señor Negreira.

Como xa indicamos en anteriores iniciativas presentadas polo Grupo Parlamentario Socialista, o adxudicatario asumiu, conforme os pregos de condicións, compromisos na creación de emprego e de produción, co aboamento dun canon anual de 250.000 euros, recibindo 127.000 metros cadrados da factoría, equipada con maquinaria de alta precisión. Hércules de Armamento comprometéase no seu plan de negocio a un investimento total inicial de 2 millóns de euros e de 5 máis a tres anos.

O novo concesionario prevía facturar 20 millóns de euros anuais, especializándose —como sabe— en liñas de armamento e de aeronáutica, coa incorporación de 155 traballadores no primeiro ano e de 200 no segundo, pretendendo converterse —diciase— no corazón da I+D+i de Galicia.

Os ex-traballadores da Fábrica de Armas veñen denunciando, de forma sistemática, con insistencia, perante o Ministerio de Defensa, a Delegación do Goberno e a Xunta de Galicia, que a adxudicación a Hércules de Armamento fora un auténtico *bluf* industrial, porque, despois das desavinzas iniciais —como sabemos— entre os socios, a concesionaria vén incumprindo de forma sistemática e flagrante as condicións da concesión, en termos de actividade industrial, pagamento do canon, creación de emprego, impagos de salarios ou débedas coa Seguridade Social e a Axencia Tributaria, sen que ata o momento se coñezan actuacións do Ministerio de Defensa para exixir o cumprimento das cláusulas da concesión ou sen proceder á súa inmediata rescisión.

As débedas de Hércules de Armamento, polo menos con datos a primeiros deste ano, podían estar chegando aos máis de 7 millóns de euros. E tras solicitar os traballadores de Hércules de Armamento á súa Consellería reunións para buscar solucións desde o ano 2015, en febreiro de 2017 eran recibidos para buscar precisamente solucións a un novo proxecto industrial, sen que desde esas datas, señor conselleiro, se volvera ter resposta por parte do Goberno galego. Parece ser que a empresa, Mecanizados Escribano, anunciara estar en contactos coa Xunta de Galicia para entrar como novo socio inversor antes do verán de 2017, polo tanto xa hai practicamente un ano.



Por iso, señor conselleiro, a pregunta que volvemos formular desde o Grupo Parlamentario dos Socialistas, e con gran preocupación desde todo o tecido tamén industrial da Coruña, é: ¿que medidas ten previsto adoptar o Goberno galego ou se ten xa adoptadas as medidas desde aquelas conversas cos representantes dos ex-traballadores da Fábrica de Armas para garantir a viabilidade industrial da Fábrica de Armas da Coruña?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señor Díaz, ¿de que se nos acusa? ¿De que pretende acusar vostede o Goberno coa súa pregunta? Vostede sabe perfectamente que este goberno fixo todo o que estaba na súa man para garantir a actividade industrial na Fábrica de Armas e segue traballando e seguirá traballando de cara ao futuro.

Nós, efectivamente, cando General Dynamics decidiu pechar a Fábrica de Armas, intentamos chegar a un acordo para que houbera un novo socio industrial que asumira esa actividade. Sabe perfectamente que non nos conformamos e, cando se produciu ese peche, traballamos, xunto co Concello e xunto cos traballadores, para conseguir que no ano 2014 o Ministerio de Defensa licitara as instalacións da Fábrica de Armas en favor dun novo proxecto industrial, sempre no consenso dos traballadores e sempre defendendo os intereses dos traballadores. E agora —e tamén o sabe perfectamente— a Xunta de Galicia segue a evolución da situación actual. Polo tanto, a pregunta é: exactamente, ¿de que pretende acusar este goberno?

Señoría, vostede sabe que esta administración non é titular desas instalacións, sábeo. Sabe, ademais, que a Xunta de Galicia non convocou, non interveu en ningún momento no desenvolvemento do concurso e tampouco na súa adxudicación, non tivo ningún papel en todo o proceso, e sabe que, para avaliar o cumprimento dos compromisos da concesión do Ministerio de Defensa, existe efectivamente unha comisión de seguimento na que a Xunta de Galicia non participa.

Polo tanto, señor Díaz, creo que está confundindo a súa pregunta, descontextualizando o lugar onde debe de facela. E digo isto porque o que sorprende é a falta de criterio do Partido Socialista de Galicia. Vén aquí e pretende vir aquí falar de actividade industrial. E eu o que lle pregunto é: ¿que fai o Partido Socialista de Galicia na Coruña para defender a actividade industrial? Porque resulta que vostedes teñen un discurso na Coruña e teñen outro discurso nesta Cámara. Veñen aquí preguntarlle ao Goberno que está a facer e eu respóstolle. E, efectivamente, nós seguimos traballando e seguimos mantendo conversas e reunións co Goberno de España para atopar unha solución. E nós apoiaremos calquera proxecto que sexa rendible. (*Murmurios.*)



A pregunta que eu lle fago a vostede é: ¿vostedes por que non apoian a industria no Concello da Coruña? ¿Por que non apoian no Concello da Coruña que se poida subscribir o Concello *Doing Business* e, polo tanto, se poidan rebaixar os impostos á fiscalidade das actividades industriais na Coruña? ¿Por que o Partido Socialista de Galicia ten un discurso industrial na Coruña e un discurso industrial en Santiago? A pregunta é: ¿que discurso industrial van ter vostedes en Madrid?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, señor Conde, déixame certamente sorprendido, en primeiro lugar, porque non deu evidentemente ningunha resposta, non ao Grupo Parlamentario Socialista, senón aos traballadores e ás traballadoras da Fábrica de Armas.

Non sabía que preguntar era acusar. Non sabía ou creo que vostede non sabe que estamos na quenda, nas sesións de pleno, de control ao Goberno. Polo tanto, isto de repreguntar a quen pregunta parece unha técnica evasiva que non... (*Aplausos.*) (*Murmurios.*) Si, señor conselleiro, porque precisamente non responder... Eu creo que xa esta mañá na súa intervención acusou un certo vitimismo ante o cambio de goberno. E dígoo porque volve utilizar esta técnica. Entón, non utilicen o vitimismo, non utilicen as dúbidas sobre as competencias cando no remate final da súa pregunta precisamente fala de que si están traballando para buscar acordos.

Porque, señor conselleiro, se están traballando ou traballaban ata este día co Ministerio de Defensa, supoño que coñecían perfectamente as condicións de extinción da concesión da Fábrica de Armas, aínda que o Ministerio de Defensa, ata estes días, dirixido pola ministra Cospedal, estaba anunciando que non detectaban irregularidades na Fábrica de Armas. E isto é do mes de marzo pasado. Polo menos, isto é o que nos dicía no Congreso, na Comisión de Defensa do Senado, a senadora popular María Aparicio. O Ministerio de Defensa non detecta, segundo esta senadora do Partido Popular, ningunha irregularidade na Fábrica de Armas da Coruña. ¿É posible isto? Vostedes terán que responder a esta situación. A Fábrica de Armas ten cortada a luz e a auga desde o outro día. Precisamente, o Ministerio de Defensa retiroulle hai uns días tamén o permiso para fabricar armas por falta de seguridade e por falta de pago de salarios aos traballadores de seguridade.

Eses traballadores, como sabe perfectamente, da Fábrica de Armas están, de forma sistemática e semanal, presentando queixas ante as distintas administracións, mesmo a Inspección de Traballo, para reivindicar a situación da Fábrica e os incumprimentos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Mesmo a Cámara de Comercio está detectando precisamente...

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** ...un baixón da actividade industrial que teñen que solucionar.

Por iso precisamente pedímoslle, señor Conde, que responda, non ao Grupo Parlamentario Socialista, senón aos traballadores da Fábrica de Armas.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Peche, señor conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** A verdade é que, cando non se ten nada que dicir, evidentemente un traslada a súa sorpresa por un debate parlamentario. Parece que vostede vén aquí e non quere participar nese debate parlamentario.

Eu o que lle digo é que, efectivamente, o Partido Socialista de Galicia non ten ningún tipo de discurso de política industrial na Coruña. Esa é a realidade. Polo tanto, sobre vir aquí e facer un paripé para intentar trasladar unha defensa da actividade industrial na Coruña pois realmente permítame que lle traslade a miña sorpresa, precisamente, pola actitude do Partido Socialista de Galicia.

Vostede sabe —porque eu llo traslado, e loxicamente estamos na Cámara parlamentaria— que nós, cando gobernaba o Partido Popular en Madrid, estivemos defendendo toda a continuidade da actividade industrial na Fábrica de Armas. E non teña ningunha dúbida: ímolo seguir mantendo co novo Goberno, ao que, por suposto, lle pediremos o mesmo, o mesmo, señor Díaz: a máxima axilidade para que se poida resolver a situación da Fábrica de Armas e, polo tanto, se poida garantir esa actividade.

O que non lle imos pedir ao Partido Socialista en Madrid é ningún tipo de ilegalidade, iso non llo imos pedir, ningún tipo de ilegalidade. E tampouco lle imos pedir que repita as pautas; tampouco lle imos pedir, señoría, que faga ningún tipo de ilegalidade; e ímoslle pedir, loxicamente, que poida resolver coa máxima axilidade a situación da Fábrica de Armas.

Nós temos plena confianza na comisión de seguimento do Ministerio de Defensa, tivémola co Partido Popular, imos seguir mantendo esa mesma confianza co Partido Socialista e nós non imos cambiar a postura, e imos demandar coa mesma intensidade esa solución.

Eu creo que, sinceramente, señor Díaz, non pode vir aquí ao Parlamento defender proxectos industriais e manter unha posición totalmente distinta na Coruña. Vostedes na Coruña non defenden a industria, esa é a realidade, non defenden a industria; vostedes non fan nada para que o Concello da Coruña firme o convenio *Doing Business* e, polo tanto, se rebaixe a fiscalidade á industria no concello da Coruña. Esa é a realidade. Polo tanto, vir aquí facer un paripé intentando trasladar que defenden a industria creo que non é de recibo. En calquera caso, nós seguiremos estando ao lado de calquera iniciativa que supoña unha alternativa de futuro para as instalacións da Fábrica de Armas, seguiremos defendendo polo tanto calquera proxecto.

A min si é certo que o único que me sorprende da súa intervención non é a falta de coherencia; esa falta de coherencia é habitual no Partido Socialista en materia industrial; o que si me sorprende é que non nos dixera cal vai ser a posición do Partido Socialista de Galicia en Madrid.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Conde.

**Pregunta de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación coa solicitude de autorización do proxecto de megaminería nos concellos de Touro e do Pino, dado o seu impacto medioambiental no sector produtivo da ría de Arousa**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

(*A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Anunciárase.

**A señora PRADO CORES:** Estou sorprendida, señor presidente, porque era unha pregunta dirixida á conselleira do Mar e normalmente, cando non vai estar a conselleira do Mar, que estivo aquí pola mañá, pois adiantan ou se pide cambio de horario; e a verdade é que estou bastante sorprendida de que non se teña pedido ese horario e de que non estea aquí para contestar.

**O señor PRESIDENTE:** Xa sabe que o Goberno pode respostar solidariamente.

**A señora PRADO CORES:** A pregunta non ía dirixida ao Goberno, ía dirixida explicitamente á conselleira do Mar.

**O señor PRESIDENTE:** Ben, pero é o Goberno.

**A señora PRADO CORES:** O Goberno contesta solidariamente, pero é sorprendente que, cando estivo aquí pola mañá, non se pedira o cambio...

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...de horario para contestar e non se teña a valentía de vir contestar unha pregunta...

**O señor PRESIDENTE:** Formule a pregunta, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...dirixida (*Aplausos.*) explicitamente a ela por unha cuestión que lle atinxe. A verdade é que si, sorprende bastante.

E, en todo caso, vou formulala dirixida a como se estivera ela, porque era a quen lle ía dirixida, pois é así, efectivamente. (*Murmurios.*) Pois ía dirixida a ela porque a ría de Arousa é un clamor en contra do proxecto de megaminaría que se pretende instalar no concello de Touro e O Pino. Hai un pronunciamento unánime de todos os concellos dos dous lados da ría, todas as confrarías, asociacións de mexilloeiros, de depuradoras, solicitando a non aprobación deste proxecto.

Diante deste clamor, a pregunta era por se a conselleira do Mar ía escoitar, vai escoitar a ría, e, polo que vexo, non, evidentemente. Non ten a valentía de estar hoxe aquí a contestar a esta pregunta. Se vai seguir instalada na xordeira, vexo que si; na soberbia, vexo que si; na prepotencia de gobernar de costas ao sector ao que ten que defender, vexo que si, que vai seguir instalada nesa prepotencia e nesa xordeira. Un proxecto claramente especulativo e colonial de sacar moitos beneficios en pouco tempo e furtar impostos.

¿Teñen saltado todas as alarmas xustificadamente? No BNG cremos que si, porque para separar o cobre usaranse compostos químicos cun nivel moi alto, porque todo o material vai depositarse en enormes balsas altamente contaminantes, vai ocupar unha superficie equivalente a quiñentos campos de fútbol, valados de 3 quilómetros, 80 metros de altura, porque este proxecto de megaminaría vai instalarse nun territorio onde todos os cursos de auga van ao Ulla e o Ulla vai desembocar na ría. Vai converterse nunha autoestrada de contaminantes, de metais pesados, altísimo risco de rotura de balsas. Hai xa o resultado dunhas analíticas que pediu Adegas de Augas de Galiza, e estas analíticas confirman a contaminación de todos os ríos da contorna da antiga mina; é dicir, todos os ríos da contorna da antiga mina están contaminados, segundo analíticas de Augas de Galiza.

E, entón, o que lle preguntamos é se lle parece asumible para a ría e se vai facer algo para evitar este potencial risco. E, ademais, preguntábaslle se vai ter a valentía de pedir a avocación, de que este proxecto non se aprobe por proxectos sectoriais, senón que sexa aprobado polo conxunto do Consello da Xunta, dada a altísima relevancia do proxecto e os riscos dos que estamos falar, non soamente de onde se vai instalar a mina, senón da ría de Arousa, que é a ría máis rica non só de Galiza, pero neste caso de Galiza, da que viven directamente 30.000 familias; estamos falando dun potencial económico de primeira magnitude, e, evidentemente, hai a posibilidade de que sexa o conxunto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...do Consello da Xunta o que tome a decisión.

Co cal, señora conselleira, ausente, ¿vai asumir ese risco ou vai ter a valentía de tomar algunha decisión? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Resposta do conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, alégrome de constatar, unha vez máis, que a política da minaría do Bloque Nacionalista Galego é sinónimo simplemente de demagogia. E dígolle máis: non me parece responsable utilizar as institucións como é o Parlamento para converter a súa opinión nun dogma de fe. E lamento tamén que non se atrevan vostedes a explicarlle á cidadanía o que está a facer este goberno, que non é outra cousa que aplicar a Lei de minaría de Galicia, do ano 2008, aprobada polo Bloque Nacionalista Galego. (*Aplausos.*)

A posición do seu partido político sobre a minaría, señoría, está recollida, negro sobre branco, no *Diario de Sesións* desta Cámara e está escrita e lida polo entón conselleiro do Bloque Nacionalista Galego. Mire, na toma en consideración desta lei, o señor Blanco Álvarez dixo textualmente: «Estou convencido de que é compatible a actividade mineira co respecto medioambiental, coa creación de postos de traballo e coa creación de riqueza» (*Diario de Sesións* do Parlamento do 27 de novembro). A pregunta, señoría, é que cambiou dende entón no Bloque Nacionalista Galego.

Pero dígolle máis: na súa aprobación, o mesmo dirixente do Bloque Nacionalista Galego, o entón conselleiro de Industria, dixo textualmente: «O resultado final é unha lei que resposta á necesaria posta ao día do sector da minaría galega, que fixa un marco estable, seguranza xurídica e unhas regras para as administracións, os empresarios e os traballadores, o cal implicará que o desenvolvemento mineiro no noso país se faga baixo parámetros de normalidade, responsabilidade e respecto medioambiental» (*Diario de Sesións* do 13 de maio do ano 2008).

Señoría, ¿que cambiou dende entón?

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica da señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Señora conselleira de Pesca, ausente, unha Lei de minaría que o Partido Popular se encargou de cargar porque non quería ter instrumentos para poder enfrontarse ás empresas coloniais.

E mire, un goberno ten instrumentos legais para actuar, salvo cando non quere, e entón cámbiaos aproveitando calquera escusa. Hai un longo historial de incumprimentos da empresa, intentos de ocultar a auténtica dimensión do proxecto. Hai agora os datos das analíticas realizadas por Augas de Galiza, entregadas a Adegas, que pediu os informes, que son demoledores; confirman a contaminación de todos os ríos arredor da mina de Touro-O Pino, contaminación por metais pesados e alta acidez, afectando a calidade das augas superficiais e soterradas nunha extensión mínima de 65 quilómetros cadrados na contorna da mina, cando menos desde os últimos dez anos. ¿A onde van parar todas as augas? Ao Ulla. ¿A onde vai parar o Ulla? Á ría de Arousa.

Señora conselleira do Mar, ausente, ¿vai defender os intereses da ría de Arousa, que ten que defender, e, polo tanto, pedir a avocación no Consello da Xunta pola magnitude deste pro-

xecto que pon en risco todo o potencial dunha ría, miles de postos de traballo, fronte a unha empresa especuladora, ou vaise poñer do lado da empresa? Iso é o que ten que contestar.

¿Que cambiou, señores e señoras do Partido Popular? Estamos falando non dunha cuestión técnica, estamos falando dun modelo de país e dun goberno que ou se pon do lado dos seus sectores produtivos ou do lado dunha empresa especulativa e colonial; iso é do que estamos falando: ou do lado dos intereses dos sectores produtivos deste país, do agro e do mar, ou do lado dunha empresa especulativa e colonial.

Teñen instrumentos, teñen incumprimento da empresa, teñen informes —recén saídos do forno— de Augas de Galiza, non de calquera, senón de Augas de Galiza, onde se di que xa neste momento, coa mina pechada, están contaminados todos os cursos de auga, absolutamente todos. Teñen instrumentos, teñen informes, teñen todo. O que non teñen é vontade política. *(Aplausos.)*

Este domingo van saír ás rúas de Compostela...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, grazas, señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** ...para dicirlles alto e claro...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado, terminou o seu tempo, grazas.

**A señora PRADO CORES:** ...que queren... *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.) (Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Peche desta pregunta, conselleiro de Economía, Emprego e Industria.

**O señor CONSELLEIRO DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA (Conde López):** Moitas grazas, señor presidente.

Señora Prado, non debería poñerse tan nerviosa, porque estamos nun debate parlamentario, *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* con toda tranquilidade. Lamentablemente, vostede vexo que non respecta este goberno —é o seu problema, loxicamente—, pero este goberno si vai seguir respectando os diferentes grupos políticos, incluso a vostede.

En calquera caso, o modelo de país e o modelo da minaría deste país loxicamente está escrito no *Diario Oficial de Galicia* e está aprobado polo Goberno de Galicia, que nese momento era o Bloque Nacionalista Galego. Esa é a realidade. Vostede agora avergóñase do que lexislou o seu propio partido político no ano 2008. *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* Pois eu laméntoo, señoría. Pero, seguramente, no ano 2008 tivo oportunidade. E dígolle isto porque vostede mesma, señora Prado, aplicou esta lei, vostede mesma, e vostede mesma participou na aprobación de 100 permisos de investigación *(A señora Prado Cores pronuncia palabras que non se perciben.)* e vostede mesma, como delegada da Consellería de Industria en Pontevedra, aprobou 43 concesións de explotación en catro anos.

Señora Prado, eu entendo que vostede se avergoñe do que fixo, seguramente, o seu propio partido político, pero tivo ocasión, primeiro, de non asumilo no seu momento e de non aplícalo, e non o fixo. Polo tanto, agora é moi difícil.

Este goberno o que está a facer, señora Prado, e dígollo con toda normalidade, con toda tranquilidade, é aplicar a lei que deseñou o Bloque Nacionalista Galego. Polo tanto, é unha lei que nós imos seguir aplicando. Seguiremos, loxicamente, a tramitación do proxecto e de todos os proxectos que nos traslade a Administración; seguiremos, señoría, dando explicacións no Parlamento e cando así nolo reclamen os grupos da oposición; seguiremos atendendo todas as dúbidas que poidan ter os colectivos interesados nas diferentes reunións que xa estamos mantendo, incluídos, loxicamente, os representantes da ría de Arousa; e seguiremos poñendo á disposición de todos a documentación e todos os expedientes relativos á explotación mineira, tanto na tramitación como naqueles expedientes resoltos ou históricos.

Todo, señoría, máxima transparencia e máximo rigor na aplicación da lei aprobada polo Bloque Nacionalista Galego.

Polo tanto, señoría, nós sumámonos a esa posición do Bloque Nacionalista Galego que defende unha minería baixo parámetros de normalidade, de responsabilidade, de respecto medioambiental, e seguiremos, loxicamente, velando polo aproveitamento sostible dos nosos recursos minerais.

E o proxecto de Touro, señoría, apróbese ou non se aprobe, non dependerá nin de vostede nin deste goberno, dependerá, simplemente, de que se cumpran todas as garantías urbanísticas, medioambientais e técnicas, tal e como vén reflectido na lei da minería do ano 2008, aprobada polo Bloque Nacionalista Galego.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Noa Presas Bergantiños e cinco deputados/as máis, do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, sobre as actuacións levadas a cabo ou previstas polo Goberno galego para intermediar no conflito laboral do persoal do servizo de mantemento do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense**

**O señor PRESIDENTE:** Cando queira.

¡Silencio!

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde, señor conselleiro.

Hoxe o BNG trae a esta Cámara unha situación que é insostible, unha situación insostible da que ademais vostedes, desde a Consellería de Sanidade, non poden seguir mirando a outro lado. É un exemplo máis, ademais, de que nos están levando a un auténtico desmantela-



mento dos nosos servizos públicos. Eu quero recordarlle, ademais, como cuestión inicial, que a nosa sanidade non son só os nosos servizos médicos e os nosos doentes, senón que é moito máis, son parte dese servizo público, tamén, elementos que poden parecer secundarios pero que son primordiais, como a limpeza ou o mantemento.

Eu hoxe quero falarlle dos traballadores de mantemento do CHUO, algúns deles que nos acompañan na tribuna e que levan hoxe nada máis e nada menos que noventa e sete días en folga, noventa e sete días, señor conselleiro; noventa e sete días sen cobrar, noventa e sete días de angustia, de medo polo seu futuro, e que esa folga obedece, ademais, a unha situación extrema, porque non é fácil como traballador tomar esa decisión.

E a Xunta, ademais, a Xunta de Galicia, está nas raíces dos problemas que levaron a estes traballadores a facer a folga. Polo tanto, debería ser parte da solución e non un problema máis. Eu quero pedirilles hoxe aquí, a vostedes, que por favor se impliquen na resolución deste conflito, porque lles recordo que foron vostedes no ano 2014 cando adxudicaron a xestión integrada de varios servizos non asistenciais do CHUO por un macrocontrato, un pelotazo de quince anos e máis de 140 millóns de euros para Ferrovial. O futuro dirá se iso tamén formaba parte dese sistema de corrupción institucional que practicaba agora o Partido Popular alá onde estea. Non sei se isto está recollido no libro sagrado das palabras esas que non podemos dicir neste Parlamento.

O que si sabemos é que esa macroxestión, esa macroconcesión tivo resultados, algúns deles, pois, a privatización, por exemplo, xa practicamente na súa totalidade, do servizo de mantemento, que ata o momento era público e que agora está practicamente desmantelado. E tamén unha merma das condicións laborais e da vulneración de dereitos dos traballadores e traballadoras.

E isto é inmoral e, ademais, é unha irresponsabilidade, porque sabe vostede o complicada e importante que é a seguridade industrial nun hospital. Pero o panorama que hai a día hoxe é desolador, nin sequera hai un número mínimo de persoal, falta persoal, moitas veces non se cobren as baixas con celeridade, ademais Ferrovial está a incumprir o Convenio colectivo do siderometal, incumpren, por exemplo, que traballan en fins de semana e que, ademais, non se lles está dando a cambio nin máis salario nin máis descanso.

Por facer un exemplo ilustrativo, tamén, da situación destes traballadores, nin sequera teñen un lugar de descanso digno, e isto non son casos illados.

Tamén de Ferrovial tivemos a folga da limpeza no propio CHUO, porque, en resumo, a situación é que Ferrovial...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ... son os escravistas do século XXI e vostedes están a ser cómplices. Por iso eu lles pido que se impliquen na resolución deste conflito. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas, terminou o seu tempo.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, señor presidente.

Señores deputados.

Na área de Ourense levamos facendo unha remodelación importante. O último movemento foi a apertura dun novo bloque de hospitalización cunhas condicións, evidentemente, moi melloradas, das mellores que agora mesmo hai para calquera paciente a nivel do Estado.

E dentro desa reorganización, evidentemente, ampliáronse os servizos e melloráronse esas instalacións.

Partindo da base de que creo que temos excelentes profesionais na área de mantemento, ben pola empresa que vostede decide, pero tamén cunha parte pública —o que falaba de desmantelamento, pero hai traballadores tamén do Servizo Galego de Saúde, é mixto—, en todos os contratos que existe entre o Servizo Galego de Saúde e as empresas adxudicatarias de servizos se recolle a obriga destas últimas, con respecto ao persoal que empregue, do cumprimento das disposicións vixentes en materia de lexislación laboral e do disposto no convenio colectivo do sector durante a execución dese mesmo contrato.

Tal e como establece a lexislación laboral e social vixente, os adxudicatarios, con respecto ao seu persoal, manterán todos os dereitos e obrigas inherentes á súa condición de empresarios, sen que en ningún caso poida alegarse polo dito persoal dereito ningún en relación, neste caso, coa Consellería de Sanidade.

Isto quere dicir que se por parte dos traballadores e os seus comités de empresa se aprecia que hai algunha irregularidade no cumprimento deste convenio ou da lexislación vixente, deben dirixirse aos órganos competentes para garantir os dereitos dos traballadores en materia de seguridade e saúde laboral, pois ese incumprimento, acreditado mediante resolución firme da autoridade competente, podería ser sancionado pola Consellería de Sanidade, que noutro caso non tería potestade.

Pero non debemos esquecer que estamos a falar de traballadores de empresas que veñen de gañar os concursos públicos que a Consellería de Sanidade convocou. Son as empresas adxudicatarias as que deben reunirse cos correspondentes representantes dos traballadores, analizar as súas demandas e negociar os convenios colectivos de cada sector.

O labor da Administración é comprobar o rigoroso cumprimento dos contratos e non inmiscuírse nas negociacións entre traballadores e as súas empresas, tal e como teñen manifestado en múltiples ocasións tanto a patronal como as organización sindicais, e tal e como se establece na lexislación laboral vixente.

No enunciado da súa pregunta, señoría, non se entende a coletilla de seguridade industrial, trátase do servizo de mantemento, que tal e como se denomina no contrato a EOXI subscribiu

con Ferrovial servizos para a realización de varias actividades, non só as de mantemento, senón tamén as de limpeza e outras.

Unha vez máis, insisto, dende a Consellería de Sanidade tomamos as medidas necesarias para que se cumpran os servizos contratados nas condicións que se recollen nos pregos de contratación e, loxicamente, estamos vixiantes, e, desde logo, instamos tanto os traballadores como a empresa para que cheguen a acordo o antes posible.

Para nós non é unha situación...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro. Terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ... adecuada e, desde logo, imos insistir para que solucionen estes temas.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, terminou o seu tempo.

Grazas.

Réplica, señora Presas.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Traducindo, que á Xunta de Galicia lle dá absolutamente igual que unha concesionaria súa estea incumprindo a normativa en materia laboral, estea incumprindo o convenio colectivo; dálle absolutamente igual que estes traballadores que nos están escoitando desde a tribuna vaian chegar aos cen días de folga. ¡Pois vaia co compromiso de emprego e de calidade da Xunta de Galiza!

O único que saco en positivo da súa intervención é que parece que recoñeceu, por fin, que vostedes privatizaron unha parte, porque dixo que había unha parte pública, entón debo deducir que, por fin, vostedes asumen que a outra parte, da que estamos a falar agora, é a parte privada. Entón supoño que teño que concluír tamén que a operación é privatizar este tipo de servizos para así desentenderse das condicións de traballo destas persoas.

Porque, ademais, a min gustaríame —e nós solicitámolo por escrito e vostedes remitíronnos ao montante conxunto— que nos dixeran canto desagregado se paga a Ferrovial polo servizo de mantemento cando estes traballadores están en folga. Porque claro, aquí cando hai moitas ganancias para Ferrovial o que hai é moitas perdas para a clase traballadora, e eu non o entendo. Paréceme inaudito que diante desta situación a solución da Xunta de Galicia sexa deixar que as cousas vaian e xa se solucionarán, e que opten os traballadores pola vía xudicial —que por suposto xa teñen denunciado na inspección laboral—, e agardar así a que as cousas se arreglen soas en lugar de ter un pouco de compromiso.

Di vostede, tamén, que non entende iso da seguridade industrial. Póñolle un exemplo, non sei como lle chama vostede, igual lle chama doutra forma. Seguridade industrial é, por

exemplo, facer unha intervención dunha avaría electrónica, algo para o que por normativa de seguridade laboral debería haber dous traballadores no momento. Iso é algo, por exemplo, que incumpren sistematicamente nesta concesionaria.

En resumo, o que temos é que unha vez máis parece que a Xunta de Galicia non está disposta a implicarse. Pero nós pensamos que é un erro e que é unha irresponsabilidade, e pedímos-lles que se teñen que sentar vostedes tamén na mesa de negociación. As negociacións que está habendo bilaterais entre traballadores e traballadoras e entre a empresa...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Presas.

Terminou o seu tempo

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** ...non están a resultar e teñen unha responsabilidade e teñen que sentarse con eles. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche desta pregunta, conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, presidente.

Señora Presas, eu creo que vostede quere confundir e dicir aquí que vostede si defende os traballadores. Os traballadores defendémolos todos, efectivamente. *(Aplausos.)* Pero mire, o que pasa, a diferenza entre vostede e eu, é que vén aquí establecer demagogia...

**O señor PRESIDENTE:** ¡Por favor!

Prégolles aos señores —perdón, señor conselleiro—, aos que son hoxe os nosos invitados, que non se poden facer manifestacións desde a tribuna. Hai unha norma que así está establecida neste parlamento. Polo tanto, prégoillelo porque se non me vería obrigado a forzar que teñan que abandonar o hemiciclo.

Isto creo que llelo advertiron, tamén, vostedes, ¿non?

Cando queira, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Nós vimos defender o servizo sanitario, o mellor servizo sanitario, e vostede vén dar leccións de demagogia.

Mire, cando di que nos dá igual, non é que nos dea igual, o que pasa é que nós cumprimos a normativa e sabemos as competencias de cada un. E, desde logo, como dixer na primeira parte da pregunta, nós estamos aquí para velar polos servizos sanitarios e, dende logo, para instar que a empresa e os seus traballadores cheguen a un acordo o antes posible.

Pero vostede tamén fala da privatización de servizos. A min faime moita graza que fale unha persoa do BNG que ten concellos que están desde hai moitos anos gobernados por alcaldes

do BNG e que teñen servizos privatizados. Non sei se esa é privatización boa ou é privatización mala, dende logo, o que é o servizo sanitario é un servizo claramente cun contrato ben definido e imos seguir tratando de controlar que, dende logo, a empresa cumpra co que ten que cumprir. E, evidentemente, dentro desas obrigacións están todas as que melloren o que é o clima laboral cos traballadores.

E ímolo seguir defendendo, pero o dereito de folga é un dereito fundamental recollido no artigo 28.2 da Constitución española e, por suposto, entendemos que se trata dunha medida lexítima dentro dos procesos de negociación que os traballadores están a manter coa empresa para a mellora das súas condicións laborais.

Desde a Dirección de Recursos Económicos da Área Sanitaria de Ourense mantiveron unha xuntanza xa con traballadores do comité de empresa na que estes lle puideron trasladar as súas reivindicacións e que están nun proceso de negociación coa empresa concesionaria, confiando en que ambas partes acheguen as súas posturas e que poidan chegar a un acordo satisfactorio para ambos.

Polo contido da mesma, e tal e como se nos traslada, enténdese que o que se está a negociar é a mellora das condicións laborais, non que se estean producindo irregularidades. Non hai irregularidades, pero si, evidentemente, hai unha petición de mellora desas condicións laborais, e nós somos respectuosos, como non podería ser doutra forma.

En calquera caso, desde a Dirección de Recursos Económicos da Área Sanitaria se lles trasladou aos traballadores que ante calquera irregularidade que se produza lle dean traslado para así notificalo á empresa adxudicataria e tomar as medidas que correspondan.

Todas as empresas deben cumprir coa normativa laboral vixente, e para comprobar o seu cumprimento existen os organismos competentes en materia laboral.

Polo tanto, dende logo, imos seguir defendendo, como dicía, a calidade dos servizos sanitarios en Ourense e en todas as áreas de Galicia, e desde logo non imos mirar para outro lado, senón que imos ter...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...en perfecta vixilancia todo o que se poida facer nese ámbito.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Terminou o seu tempo.

Grazas.

**Pregunta de D. Julio Torrado Quintela e dous deputados/as máis, do G. P. dos Socialistas de Galicia, sobre a opinión do Goberno galego respecto da calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín**

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Torrado.

O señor TORRADO QUINTELA: Grazas, presidente.

Señor conselleiro, sufrimos os galegos e galegas unha perda da calidade asistencial nos últimos tempos, froito non da boa vontade e do bo esforzo dos nosos profesionais, senón da mala xestión que se ten feito do noso sistema.

Sabe que a herdanza que nos deixa o Goberno Rajoy é que España queda por primeira vez en trinta anos fóra dos dez primeiros postos da sanidade pública de todo o mundo, nesa prestixiosa revista que vostede e mais eu compartimos, que ten unha valía moi profunda, como é *Lancet*, porque xa o ten vostede dito aquí, que Galicia está, segundo o barómetro do CIS, a terceira peor de toda España.

Polo tanto, tanto no conxunto de España como en Galicia temos unha perda de calidade, que a verdade é que vai ser moi difícil recuperar, pero que o debemos facer agora grazas a que deixaron vostedes de gobernar en España, e pronto cando deixen de gobernar aquí.

Hai un problema engadido, que é a sanidade comarcal, a sanidade no contorno das comarcas ten un problema, que ten que ver coa xeografía e que ten que ver coa demografía, e que ten que ver, especialmente, con ese avellentamento, coa dificultade das comunicacións, coa perda de servizos que se ten dentro das comarcas. Hai que anclar servizos para anclar poboación.

No exemplo que nos trae hoxe de Verín, Verín está a cincuenta minutos de Ourense, e gustaríame que puidera pensar, por exemplo, canto tarda en transporte público en chegar un veciño ou veciña de Verín a Ourense.

Hai varios problemas e demandas crecentes que foron olvidadas e ninguneadas pola súa consellería, demandas en termos de médicos. Houbo unha demanda crecente da perda de especialistas en traumatoloxía, dun pediatra que se xubilaba e que non existía reposición, de perda de profesionais de medicina interna. Houbo unha reclamación, que existe, de enfermeiros que teñen que ocuparse un enfermeiro ou enfermeira por cada trinta pacientes nalgunhas noites, o cal vostede sabe que é inasumible.

Celadores ou persoal de farmacia que enlentece o sistema e o dificultan, e fan que sexa todo máis ineficiente.

Implantouse algún sistema, como o Hado, bo sistema, boa medida e boa idea, o problema está en que se implantou cun coche vello de máis de dez anos que apenas funciona correctamente e non se implantou persoal novo, senón que derivou doutro lugar.

Vostedes collen dun sitio e desvisten un santo para poñer outro. Bueno, non lle falo de santos na sanidade, que vostedes aínda teñen os sacerdotes e nós non o compartimos.

E ante este olvido existiu unha gran manifestación en Verín, desas manifestacións que vos tedes din que a xente vai porque a enganan e porque lles pagan autobuses e bocadillos. Pero eses miles de persoas reivindicaron que necesitan e demandan un sistema decente para a súa atención.

Despois desa manifestación, coa cabeza gacha, e ocultando o que antes negaron, tentaron corrixir algunhas medidas e implantar algunhas melloras. Algunhas, non todas.

Nós o que dicimos é, ¿vostede cre que é necesario que os veciños teñan que facer ese esforzo, esa reivindicación, que os profesionais teñan que manter esa tensión latente constantemente para que se lles poida aportar algo da solución? Nin sequera todo, ¿algo da solución? Nós cremos que as melloras non son suficientes, e que ademais os procedementos non foron decentes. Vostedes utilizan o sistema como se foran propietarios, e obrigan a cidadanía a facer eses esforzos para concederlle algunha mellora.

Nós cremos que iso non é decente, ¿cre vostede que o sistema agora mesmo en Verín ten un nivel satisfactorio?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes, presidente.

Señores deputados.

A verdade é que cada un elixe os criterios que corresponden, que lle gustan máis, pero mire, por falar só dun, que ademais non é dubidoso de pertencer a partidos de centrodereita, de representar o que é o sentimento desta bancada. Recórdolle as últimas estatísticas da Asociación en Defensa da Sanidade Pública, creo que aí se dicía que Galicia estaba mellorando e que estaba xa, dende logo, moi por encima de gobernos que son presididos polo Partido Socialista.

Mire, desde a Consellería de Sanidade traballamos para atender as necesidades dos pacientes no lugar máis próximo á súa residencia ou que sexan resolutivos para resolver eses problemas, e por iso reforzamos os hospitais comarcais, mellorando a súa capacidade de resolución e os servizos que prestan.

No Hospital de Verín mantéñense todas as especialidades dende a súa apertura en 1994, e ademais contamos con novas consultas e probas de psiquiatría, uroloxía, dixestivo, endocrinoloxía, neuroloxía, oncoloxía médica, reumatoloxía e cardioloxía, é dicir, estas consultas e probas fanse xa en Verín, non necesitan recorrer ao Complexo Hospitalario Universitario de Ourense; polo tanto, dende o ano 2012 —que se empezou coa nova forma de xestión integral ata o primeiro semestre do 2017—evitáronse máis de 80.000 desprazamentos a pa-



cientes da comarca. Polo tanto, a calidade asistencial ofrecida no Hospital de Verín é equi-parable á dos demais hospitais comarcais de Galicia, e achegamos a asistencia cada día máis aos pacientes.

Trátase dunha actividade asistencial de calidade, integrada, tanto coa atención primaria como cos recursos de atención hospitalaria da área sanitaria, e que segue mellorando resultados asistenciais e desprazamentos evitados.

A actividade do Hospital de Verín durante o ano 2017 permitiu a realización de 2.542 intervencións cirúrxicas, 2.849 ingresos, 69.227 consultas e 13.372 urxencias, ademais dunha óptima xestión dos tempos para acceder ás consultas e intervencións, pois no que se refire aos tempos medios de espera cirúrxica a decembro do 2017 estamos a falar dun tempo medio de 32,5 días e ningunha persoa espera máis de tres meses. E en consultas externas os tempos medios de espera están en 42,5 días.

Nos últimos meses, como ben saberá, tomáronse medidas e aprobouse a Lei 1/2018, a Lei de saúde, onde precisamente remarcaba a importancia dos hospitais comarcais, e concretamente o Hospital de Verín, que non tiña un recoñecemento a nivel legal. Dende esta témolo como un distrito pertencente á área sanitaria de Ourense e, polo tanto, blindamos o Hospital de Verín para os próximos anos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Réplica, señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTEIRO:** Grazas, señor presidente.

Falábame vostede de criterios, señor conselleiro, a verdade é que vostede defendeu aquí que *Lancet* era unha referencia mundial sobre a valoración da sanidade, e hoxe non lle dá a razón; polo tanto, vostede prefere o criterio doutros colectivos.

Mire, vostede presume moito de facer máis, gústalle moito a palabra máis, e hai cousas que en vez de máis vale con ter unha, por exemplo criterio. Se lle valía antes, debería de valerlle agora, señor conselleiro.

En todo caso, ademais fíxome un histórico, un histórico que chegou xusto —xusto, e que pena que se lle acabou o tempo — ata o momento en que empezaron as grandes reivindicacións en Verín, e que existiu esa manifestación, que é sobre a cuestión que nós lle preguntamos hoxe. Eu entendo que vostede queira defender a súa xestión, é nobre, lexítimo e absolutamente válido, pero debería de entender que nós queremos preguntarlle por cuestións que pasaron recentemente; polo tanto, debería de aterse a esas cuestións.

E sobre iso, señor conselleiro, sobre a sanidade comarcal —e vostede cítame aquí a reforma da Lei de saúde— nós propuxémoslle que hai algunhas dificultades, especialmente tendo

en conta as comarcas e —como lle dicía— os problemas demográficos que ten Galicia, os problemas xeográficos que ten de comunicacións; propoñíámoslle recuperar a idea das catorce áreas sanitarias, que cada unha delas puidera sosterse con base nun catálogo de servizos básicos, que vostedes non quixeron nin negociar. E son imprescindibles esas áreas, señor conselleiro.

Pero mire, voulle contar unha curiosidade, e non o contamos nin sequera nós, o seu propio Goberno nos dá a razón. Vostedes consideran as catorce áreas sanitarias, vostede non, pero o seu Goberno. Mire, teño aquí o Plan de transporte público de Galicia de abril do 2018. Ese transporte público contempla —evidentemente e como non pode ser doutra maneira— a necesidade de ter en conta as áreas sanitarias, porque hai que distribuír o transporte público, porque teña en conta que hai algunhas dificultades. ¿Sabe cantas áreas sanitarias contempla o Plan de transporte público de Galicia deste ano? Catorce, como dicimos nós. Ou o seu Goberno cre máis no que nós propoñemos, e non no que cre vostede, ou é que o seu Goberno non sabe cantas áreas sanitarias hai. Eu creo que vostede si que o sabe, pero eu creo que o seu Goberno non o cre moito.

Señor conselleiro, fáleme do que está pasando, ¿cre vostede que é decente obrigar a ter meses de manifestacións e concentracións para outorgarlle unha mínima mellora de servizos sanitarios a un lugar como Verín, señor conselleiro? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Peche da pregunta, señor conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas.

Eu non sei se vostede se refería ás áreas sanitarias ou a áreas de transporte, a verdade é que non o sei, o que si sei é que en Galicia, por unha lei recentemente aprobada por este Parlamento e votada en contra por vostede, o que hai son catorce distritos, e todos os hospitais están blindados coas súas áreas de atención primaria e sociosanitaria, e están blindados por lei, e están nos catorce distritos, e despois temos as áreas sanitarias tamén, que engloban e coordinan todo isto. Porque, precisamente, un dos problemas dos hospitais comarcais é que debido á carencia de profesionais a nivel de toda España —isto non é un tema galego—, pois estamos falando, precisamente, de que non hai profesionais para chegar a todos os comarcais.

O que estamos facendo con esta lei, que establece áreas sanitarias máis amplas, é que podemos ter servizos de total cobertura en todos os comarcais, especialistas que eran unipersoais anteriormente e agora son pertencentes a servizos complexos moito máis amplos e que, dende logo, non vai haber o problema dunha falta de cobertura por unha baixa ou por unhas vacacións, senón que o imos ter así.

Por iso creo que as deficiencias que podía haber non é que se cambian ou non se cambian por unha manifestación, nós estamos co cambio continuo, coa mellora continua en sanidade, e por iso modificamos a lei, e dixemos que era unha modificación, non un cambio radical;

non somos como vostedes que cando chega un goberno queren tirar abaixo todo o dos demais. Nós modificamos o que entendemos que non funciona e que debe funcionar.

As áreas sanitarias como están contempladas neste momento funcionan moito mellor, os distritos van colaborar e van blindar todo o que son os servizos sanitarios destes comarcais, e, dende logo, tamén a investigación, a innovación e a formación están xa integradas nunha lei, non como a anterior.

Mire, falaba do Servizo de Medicina Interna. En ningún momento se diminuíron os efectivos deste servizo, a pesar de que a actividade do mesmo nos últimos anos vai a menos, tanto no que se refire á actividade en ingresos como de consultas. Así, os ingresos totais entre xaneiro e abril desde este ano diminuíron un 11,5 % respecto ao ano 2017, e as consultas externas un 5,4 %.

No Hospital de Verín, ademais, levouse a cabo unha reorganización operativa tras a posta en marcha do Hado, Hospitalización a Domicilio e Paliativos, que xa funcionaba Paliativos anteriormente, e agora está constituído como Hado-Paliativos, unha mellora máis dependente do devandito servizo.

A asistencia de calidade está garantida, pois consta cunha facultativa especialista en Medicina Interna, con formación e experiencia profesional en Hado, ademais dunha enfermeira.

O total de persoas beneficiadas e atendidas en Hado nestes primeiros meses, dende o 1 de marzo, xa co servizo totalmente constituído, foi de quince pacientes, que é un gran éxito dado o escaso número de meses.

A dotación de recursos materiais é adecuada, incluíndo un vehículo para desprazamentos, dez anos non sei se será moi vello ou moi xoven, pero é o que hai. E no Hospital de Verín temos dúas salas de hospitalización na quenda de noite, cando temos a ocupación de trinta camas, e o número de presenza é de dúas enfermeiras por unidade de hospitalización, é dicir, catro enfermeiras ademais de tres auxiliares de enfermería, ¡completo!

E dicir simplemente que o que vostede leva dicindo todos estes días, e en moitos outros plenos, o hospital...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro. Complicásemme a situación. Deixe, deixe. Terminou o seu tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Polo tanto, o substancial dos hospitais non son as camas, senón esta plataforma tecnolóxica de coñecemento, que son os hospitais.

Jordi Sevilla, ex-ministro de Goberno Zapatero...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

Remato, rematou o seu tempo, hoxe tivemos un Pleno complexo, non compliquemos máis. Xa está, xa está. *(Aplausos.)*

**Pregunta de D. Aurelio Alfonso Núñez Centeno e oito deputados/as máis, do G. P. Popular de Galicia, sobre os datos da Consellería de Sanidade referidos aos resultados da aplicación do Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas**

O señor PRESIDENTE: Ten a palabra o señor Núñez Centeno.

O señor NÚÑEZ CENTENO: Grazas, presidente.

Boa tarde, señor conselleiro.

O pasado 10 de novembro publicouse no *Diario Oficial de Galicia* o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas.

A Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, no seu capítulo II refírese aos tempos máximos de acceso e sistema de garantías. Así, no artigo 5 establece que para os procedementos en situacións clínicas que se determinen no seu desenvolvemento regulamentario as persoas que requiren atención sanitaria hospitalaria de carácter programado non urxente terán garantida a atención nuns tempos máximos máis reducidos que os previstos na normativa vixente para a totalidade dos procesos.

Os ata de agora cento oitenta días das normativas estatais e galegas pasan a converterse nun máximo de sesenta para cirurxías e corenta e cinco para consultas externas e probas diagnósticas e/ou terapéuticas, contados en días naturais a partir da data de inclusión no Rexistro de Pacientes en Espera, creado nesta mesma Lei de garantías no artigo 29.

A lei consolida a gravidade dos procesos como criterio de xestión dos tempos de resposta. Durante o debate desa lei, neste Parlamento, os deputados e deputadas deste grupo tivemos que escoitar toda unha serie de falsidades, que se repetiron de forma constante, tentando enganar os galegos e galegas, querendo facer ver unha suposta privatización que nada tiña que ver coa realidade, segundo temos constatado nalgúns avances de datos feitos públicos por vostede, señor conselleiro, o seu director xeral e o propio xerente do Sergas.

Dicía a voceira do BNG, hoxe presente neste hemiciclo: «Hoxe imos asistir aquí, nesta Cámara, á aprobación, por parte do Partido Popular, da que quizais sexa unha das leis de maior transcendencia desta lexislatura, porque é unha lei que lle vai dar cobertura legal á privatización da sanidade neste país. Unha lei privatizadora que vai aumentar as desigualdades». A voceira de AGE naquel momento, agora tamén voceira: «Señorías, hoxe dáse un paso máis cara á privatización da nosa sanidade pública, porque hoxe vai ser aprobada nesta Cámara esta nefasta lei, e porque a partir de hoxe a sanidade privada vai poder competir coa pública, porque imos ter que dedicarlles ás empresas que especulan coa nosa saúde gran parte do noso orzamento sanitario.» Ou a daquela voceira do Partido Socialista, a señora Cuña: «O que está moi claro para nós é que estamos ante unha lei marca PP, privatizadora e perigosa para o sistema público. Privatizadora, pois quere equiparar por lei —xa llo dixeron as deputadas que me precederon no uso da palabra— a sanidade pública coa privada. Ademais é

perigosa, conselleira, porque xera diferenzas entre persoas, e ademais entre as máis puras e as máis clásicas, diferenzas entre ricos e pobres».

Transcorridos xa uns meses dende a publicación deste decreto e da entrada en vigor do mesmo, os deputados queremos preguntarlle: ¿que datos pode facilitar a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia sobre o resultado do cumprimento do Decreto de garantías de tempos máximos de espera no acceso ás prestacións sanitarias públicas?

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Resposta do conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moi boas tardes.

A verdade é que o 10 de xaneiro deste ano —como vostedes saben— entrou en vigor o Decreto 105/2017, do 28 de setembro, polo que se regula o sistema de garantía de tempos máximos de acceso ás prestacións sanitarias públicas. Este texto completa o desenvolvemento da Lei 12/2013, do 9 de decembro, de garantías de prestacións sanitarias, e súmase aos decretos que regulan o dereito á segunda opinión médica e á libre elección de profesionais e centro hospitalario. E ao que regula tamén o funcionamento do Rexistro galego de instrucións previas. É dicir, estamos desenrolando máis dereitos para o cidadán.

A través deste decreto, garántense os seguintes tempos máximos. Por un lado, un prazo máximo de espera de 60 días naturais para as intervencións cirúrxicas programadas e non urxentes, no caso de cancros, patoloxía severa de válvulas cardíacas, de aneurismas cerebrais, obstrución e estenoses de arterias graves, desprendemento de retina ou hidrocefalia. Un prazo máximo de espera de 45 días naturais para as primeiras consultas externas hospitalarias programadas e non urxentes das vías rápidas de cancro. E un prazo máximo de espera de 45 días naturais para as primeiras probas diagnósticas e/ou terapéuticas programadas e non urxentes garantidas, relacionadas coas vías rápidas de cancro.

Con este decreto, desde a Consellería de Sanidade do Servizo Galego de Saúde, adquirimos un novo compromiso cos pacientes, xa que se pasa dunha xestión global de tempos de espera por prioridades para todas as doenzas a un compromiso individual por patoloxía; e patoloxías non só oncolóxicas senón patoloxías graves con compromiso vital.

A selección deste procedemento realízase tendo en conta a gravidade das patoloxías, a efectividade e a oportunidade da atención sanitaria e os protocolos de priorización contrastados coas sociedades científicas. Este decreto selecciona patoloxías oncolóxicas malignas, válvulopatías, patoloxías vasculares arteriais, patoloxías cerebrais benignas e patoloxías oftalmolóxicas.

No que se refire ás doenzas oncolóxicas o decreto fai referencia tanto ao eido das cirurxías —que inclúe neoplasias, tumores neuroendócrinos e carcinomas— como as primeiras consultas e probas diagnósticas e terapéuticas recollidas nas vías rápidas establecidas.

Ademais, é importante sinalar que, cando desde o Servizo Galego de Saúde non se poida ofrecer ao cidadán a atención no tempo máximo establecido, este poderá optar por continuar na lista de espera no centro que lle corresponda ou requirir —e aí está o gran cambio— a atención garantida noutro centro acreditado da comunidade autónoma, ben nun centro público dunha estrutura de xestión integrada, ou ben, en último caso, dun centro concertado.

A día de hoxe, desde que empezamos o 10 de xaneiro de 2018 ao 22 de maio de 2018, rexistráronse 1.198 cirurxías de todas estas patoloxías, e foron todas resoltas en centros públicos do sistema sanitario galego, do Sergas. Polo tanto, creo que gañamos en compromiso, gañamos en dereitos cos cidadáns e botamos por terra aquilo que se dicía por parte da oposición de que era para privatizar a sanidade.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

Réplica, señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, presidente.

E grazas pola resposta, señor conselleiro.

Pensamos no grupo maioritario que agora queda claro que os grupos da oposición non dicían a verdade cando criticaban esta lei. Eu supoño que os voceiros e os grupos pedirán desculpas a toda esa cantidade de xente que vostede nos ten dito agora mesmo que adiantou a súa cirurxía e fíxoa nun prazo moito máis curto grazas ao desenvolvemento desta lei e deste decreto.

Ademais, acaba de dicir vostede —xa o dixera previamente— que todas esas cirurxías foron feitas en hospitais públicos. Estamos acostumados, señor conselleiro. Aquí escoitamos que desapareceran miles e miles de traballadores e resulta que hai 1.500 máis que había no ano 2008; que se recortaron os orzamentos, e os orzamentos son superiores no total e na porcentaxe. Hai un 72 % máis de quirófanos, temos as mellores listas de espera da serie histórica, a prioridade íaténdese nunha media de 18 días. Temos a mellor valoración da sanidade galega dende o ano 2002. Hai algún ao que non lle gusta escoitalo, pero é moito mellor, un punto e pico máis, do que o era nos anos do Bipartito, por exemplo.

O sistema sanitario galego fai máis cirurxías e probas que nunca, e, por suposto, nin se cobra por consultas, nin se cobra polos sillóns do Álvaro Cunqueiro, nin os médicos do Sistema galego de saúde cobramos por dar altas —como se dixo nalgún momento determinado—, nin tampouco este Goberno pechou os hospitais comarcais.

Estes son exemplos das distintas falacias que temos escoitado por parte dos grupos da oposición en relación coa sanidade galega, señor conselleiro. Pero os galegos son moito máis intelixentes do que algúns pensan, e a pesar de campañas, panfletos, plataformas, asociacións, manifestacións, etc., e ademais de falacias múltiples, seguen a confiar no Partido Po-

pular para xestionar a súa sanidade. E outro exemplo en positivo desta sanidade son as cifras que hoxe vostede vén de facer públicas neste hemiciclo.

Pola nosa parte, non hai máis preguntas. Non sei se vostede quere ampliar algún dato máis na súa segunda intervención.

Máis nada e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Peche da pregunta. Conselleiro de Sanidade.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** Moitas grazas, señor presidente.

O avance no recoñecemento de dereitos vén marcado pola aprobación da Lei de garantías, do 9 de decembro, de prestacións sanitarias, que ten por obxecto outorgar as garantías necesarias aos usuarios do sistema público de saúde de Galicia para o exercicio dos dereitos de atención nos prazos establecidos; a libre elección de médico de familia, pediatra e persoal de enfermería, así como de centro hospitalario; a solicitude dunha segunda opinión médica e a formulación das instrucións previas e da información de dereitos, deberes e servizos aprobados no sistema público de saúde.

Os resultados de todo o que é o desenrolo desta lei, a Lei de garantías, é, no primeiro momento, o dereito á libre elección de médico de familia, pediatra e profesional de enfermería en atención primaria, así como do hospital ou complexo hospitalario. Pois se empezamos desde que se iniciou en diferentes datas cada unha destas medidas, ata decembro de 2017 realizáronse 282.636 solicitudes, sendo as máis numerosas as de médico de familia, o cambio de médico de familia e persoal de enfermería e atención primaria. Tamén o punto número 2 é moi importante. O dereito a dispor dunha segunda opinión médica, sobre todo en procedementos graves oncolóxicos, onde esta segunda opinión fai máis consistente o futuro tratamento. Esta garantía é aplicable a enfermidades —como digo— neoplásicas malignas, neurolóxicas inflamatorias e dexenerativas, invalidantes e a confirmación de diagnósticos de enfermidade rara, tendo esta consideración aquela patoloxía con perigo de morte ou invalidez crónica e baixa prevalencia, entendida como aquela inferior a 5 casos por cada 10.000 habitantes. Desde a entrada en vigor da norma, que foi o 17 de maio de 2015, ata decembro de 2017, estimáronse 1.071 solicitudes.

Terceiro. Dereito a manifestar as instrucións previas. Por esta lei garántese tamén o dereito de manifestación das instrucións previas do paciente, que serán tidas en conta polo persoal sanitario no marco establecido na lexislación vixente. Neste momento, ata decembro de 2017 levamos tamén neste rexistro 7.739 persoas.

Señorías, temos unha sanidade innovadora, que investiga e que forma magníficos profesionais. Temos novas normas. Nós si queremos progresar e unha mellora continua — como dixeran ao principio da miña intervención —, e tratamos de modificar as normas que faciliten os dereitos dos traballadores, pero sobre todo dos pacientes, con esta Lei de garantías desenrolada, coa Lei de saúde, a Lei 1/2018, mentres a oposición é unha posición



inmobilista, que precisamente vota en contra de calquera modificación que poida mellorar esta situación.

Desde logo, esta última norma, que desenrola a Lei de garantías e de tempos máximos, vén facer unha axilización e unha priorización moito máis clara, individual, para cada persoa do Servizo Galego de Saúde, co fin de que poida saber en cada momento como se lle pode atender da mellor maneira posible. Grazas, desde logo, a todos os profesionais do Servizo Galego de Saúde...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE SANIDADE (Vázquez Almuíña):** ...que fan que isto sexa posible.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo. Grazas.

**Pregunta de D<sup>a</sup> Paula Vázquez Verao, do G. P. de En Marea, sobre as razóns do Goberno galego para non reforzar con persoal fixo os equipos de valoración e orientación para a discapacidade para rematar coa lista de espera nas valoracións do grao de discapacidade**

**O señor PRESIDENTE:** Pregunta de dona Paula Vázquez Verao, do Grupo Parlamentario de En Marea.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Muller de 49 anos e 2 fillos, diagnóstico de cancro, incapacidade laboral absoluta; un ano agardando pola valoración da discapacidade. «Presentei a solicitude hai un ano. Como pasaban os meses, chamei. Nin me preguntaron o nome nin o número do meu expediente. Dixéronme que os meus papeis estarían no montón e que agora aínda estaban vendo os do 2016. Teño cancro en estadio 4, é o máis grave. O funcionario dime que hai que aguantar e agardar a que chegue a miña quenda; e eu penso, ¿cando será a miña quenda?, ¿cando morra?». Isto foi dito a finais de maio deste ano.

Home de 83 anos. Sete meses despois de solicitar a valoración de grao de discapacidade en Pontevedra, o seu fillo comproba que a valoración non só non está, senón que pode tardar varios anos, ata 3.

Ou un caso do ano pasado, en Poio. Unha nena con discapacidade grave, co certificado de discapacidade caducado, que seguía en tramitación e a súa solicitude de renovación. E, claro, como dicía a súa nai: «*La discapacidad de mi hija no consta oficialmente, y yo no tengo por que exponerme a multas por la tarjeta de estacionamiento ni estar pidiendo favores*».

Ou mesmo podemos ver un certificado dunha muller do concello de Ribadumia, que foi solicitada a valoración do grao de discapacidade a finais de 2014, en decembro, e que lle chega a resolución o 9 de xuño de 2017.

Esta era a situación, e esta situación segue así. Os atrasos na valoración da discapacidade continúan superando con moito os 3 meses que, segundo a normativa, non debían supe-

rar; especialmente no que ten que ver coa provincia de Pontevedra. E falamos de milleiros de persoas que son casos como os que acabamos de relatar, seguro que vostede coñece outros tantos. A tardanza na valoración do grao o que retarda en realidade é o acceso a distintos dereitos e prestacións económicas, dende bonificacións na factura da luz a prazas en transporte ou aparcadoiros, ou becas. E é certo que logo se recoñece con carácter retroactivo ese grao de discapacidade, pero é que hai dereitos que non se recuperan. Falamos, por exemplo, de becas para acceso a tratamentos para nenos e nenas con discapacidade. No caso de familias con dificultades, non acceden a eses tratamentos. E o tempo —por moi pouco que sexa— que nenos e nenas están sen acceder a tratamentos é un tempo que non se recupera. Igual que no caso de prazas de emprego público convocadas no cupo de discapacidade. Hai dereitos e situacións nas que a retroactividade do recoñecemento non vale.

É certo que este Parlamento xa respondeu. Todas as forzas da oposición trouxemos aquí iniciativas para aumentar os equipos de valoración da discapacidade. Foran ninguneadas polo PP, primeiro ninguneounas, logo a Xunta acabou por recoñecer o problema. E primeiro o que fixo foi poñer parches, como contratar de vez en cando a persoal en acúmulo de tarefas, en vez de contratar a equipos de xeito estable. Ou como o famoso convenio co Sergas, que deberían recoñecer xa que foi un auténtico fracaso.

Despois, o que fixo o Parlamento, logo dun acordo que acadou o PSdG —aquela iniciativa tivo máis sorte— o 11 de abril de 2018, foi que non tardou un mes en saír a trampa.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** E a trampa é que os equipos que se van contratar son temporais. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

Resposta do conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Señora Vázquez Verao, este Goberno agradece en moitos casos as iniciativas do Parlamento. Agradéceas porque este Parlamento ten que responder ás necesidades dos galegos e ás necesidades das galegas. E nós non temos ningún inconveniente en recoñecer que hai moitas cousas nas que temos que seguir traballando e que temos que seguir mellorando. Por iso acordamos unanimemente neste Parlamento o 11 de abril un conxunto de medidas para mellorar o procedemento de valoración da discapacidade. Un acordo unánime de todos os grupos deste Parlamento. Creo que esa é a boa dirección. Cando hai un problema, o Goberno ten que recoñecer que existe ese problema, e os diferentes grupos buscar unha solución que despois o Executivo ten que cumprir.

Pois, mire, o acordo do Parlamento é do 11 de abril. O Consello da Xunta de Galicia aproba as medidas establecidas para desenvolver ese acordo o 18 de maio, polo tanto, un mes despois. Eu comparecín no anterior pleno para dicir que todas as medidas que foron acordadas no Parlamento, que foron acordadas polo Consello da Xunta de Galicia, estaban en marcha. E hoxe pódolle dicir que non é que estean en marcha, senón que están todas esas medidas funcionando, medidas de impacto importantísimo no ámbito da discapacidade. En primeiro lugar, a creación xa efectiva de 14 novos equipos de valoración en Galicia: 6 para Pontevedra, 4 para Vigo e 1 novo para A Coruña, 1 para Ferrol, 1 para Lugo e 1 para Ourense. Estes novos equipos de valoración —non estamos falando, señora Vázquez Verao, de ningunha trampa, senón de dar cumprimento ao acordo ao que chegamos neste Parlamento— están contratados inicialmente por un período de 6 meses.

Voulle ler o acordo do Parlamento: «O Parlamento de Galicia insta a Xunta de Galicia a incrementar o número de postos de traballo dos equipos de valoración da discapacidade na comunidade autónoma, co obxectivo de eliminar a lista de espera antes de finais de novembro de 2018 —é dicir, dentro de seis meses—, tanto nas solicitudes como nas revisións de valoración da discapacidade.»

Polo tanto, o que está facendo este goberno é cumprir co acordo. Pero, en todo caso, que lle quede moi claro a vostede e a toda esta Cámara que, con independencia dese acordo, este goberno non vai escatimar nin un só euro público non só para cumprir o acordo, senón, sobre todo, para cumprir os prazos dos galegos e os prazos das galegas. Neste caso, os expedientes, de media, están por debaixo dun ano. Temos que reducir ese prazo a tres meses, e así o faremos, con todos o recursos públicos que sexan necesarios. Polo tanto, imos deixar traballar os equipos, avaliarémolo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...e, dende logo, tomaremos a mellor decisión, non só para este acordo, senón para seguir mantendo...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...os prazos establecidos, que é o noso obxectivo. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Réplica, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** Precisamente a nosa pregunta é como vai garantir os termos do acordo, que en novembro se elimine a lista de agarda deses milleiros de expedientes acumulados, cunha contratación temporal, cando xa se demostrou que isto non resolvía o problema, porque estamos ante unha situación estrutural, especialmente en Pontevedra. Se cada ano entran uns cinco mil expedientes, e se as equipas a pleno rendemento poden sacar 3.000 —e digo a pleno rendemento, porque é certo que tampouco se cobren regularmente as baixas e permisos—, é evidente que se van acumulando unha serie de expedientes. E nós non dicimos que non apliquen estas medidas. Eses equipos e ese reforzo temporal é neces-

sario. Pero é que as profesionais do EVO de Pontevedra pídenlle canto menos dous equipos estables en Pontevedra para poder acometer esta situación de atraso estrutural.

Ademais, hai unha cuestión engadida: a valoración da discapacidade non é un procedemento mecánico, é un procedemento moi complexo e un procedemento que require formación práctica. Entre o tempo que estes novos equipos tardan en formarse, vai acabar o seu contrato, vai ser así. A valoración non é unha cuestión mecánica, require formación na práctica, e é tamén un proceso complexo mesmo no nivel administrativo, por iso se están a mobilizar as profesionais —sobre todo mulleres— do EVO de Pontevedra, que hoxe non poden estar aquí, pero están atentas ao que vostede diga aquí.

Entón a nosa pregunta é moi clara, ¿non considera que para rematar con esa lista de agarda, para cumprir a lei, en definitiva, é necesario establecer equipos estables? Porque é que falamos dunha situación de colapso estrutural. Falamos de que nese EVO de Pontevedra nin sequera se están a garantir os prazos para eses casos máis urxentes, convertendo en papel mollado a Orde do 25 de novembro de 2015, porque falamos de que nin sequera nos casos urxentes, como valoración de menores de idade, maiores de 90 anos, casos de acceso ao emprego, casos de violencia de xénero, nin sequera nestes se consegue reducir a lista de agarda a menos dun ano. Non é certo iso de que a media estea nun ano.

Son as profesionais as que están reclamando unha contratación estable porque xa foi ensaiada a contratación temporal. Por iso lle preguntamos: ¿Vai ser posible —finais de novembro, acordo do Parlamento— cumprir a lei...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...que a finais de novembro estean resoltos os expedientes pendentes...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vázquez Verao.

**A señora VÁZQUEZ VERAO:** ...e que se poidan facer as valoracións como máximo en tres meses? *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Peche desta pregunta, señor conselleiro de Política Social.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías, señora Vázquez Verao, ese, dende logo, quero que saiba vostede e o conxunto da Cámara que é o noso obxectivo. O noso obxectivo é cumprir o acordo do Parlamento. Pero o noso obxectivo, sobre todo, é que os prazos se cumpran cando falamos de algo tan sensible como é a discapacidade. Polo tanto, teña claro que nós imos contratar, xa temos contratado... Mañá empezan non o período de formación, que xa rematou, senón que mañá empezan as valoracións eses 14 novos equipos. Polo tanto, creo que estamos a cumprir nun prazo récord

unha contratación de 51 novos traballadores públicos nos nosos equipos; unha contratación no ámbito social das máis importantes dos últimos anos.

Eu quero agradecer o traballo da Secretaría Xeral da Consellería, da Dirección Xeral da Consellería, de todas as xefaturas territoriais, de todos os equipos, porque realmente estamos cumprindo en dous meses ese mandato que temos do Parlamento.

Mire, vostede falaba dun caso, do caso dunha persoa que ten unha incapacidade de carácter absoluto. Esa persoa, coas medidas que están aprobadas no Consello da Xunta, non tería que pasar polos equipos de valoración. Paréceme inconcibible que a unha persoa que ten recoñecida unha incapacidade permanente pola Seguridade Social a obriguemos a pasar por un equipo de valoración.

Nós, nese paquete de medidas, facémoslle o recoñecemento automático sen pasar por ningún equipo de valoración. É un paquete de medidas que vai máis aló da contratación de persoal; é un paquete de medidas de simplificación administrativa. Polo tanto, esa persoa da que vostede me falaba non ten que pasar polos equipos de valoración. Miles de expedientes non terán que pasar polos equipos de valoración, porque nós queremos, en vez de que pasen polos equipos de valoración, facer o recoñecemento automático porque teñen un dereito. E moitas veces a Administración, cando incrementa a normativa, o que fai é dificultar máis o acceso ao dereito.

Polo tanto, hai un primeiro paquete de medidas que é o incremento de persoal. Pero hai un segundo paquete de medidas —eu pido o traballo conxunto de todos e tamén dos equipos— que é de simplificación.

Mire, este é o documento antigo para pedir a discapacidade. *(O señor conselleiro mostra o documento que se usaba anteriormente.)* Moitas persoas de 80 anos con este documento. Este é o novo documento. *(O señor conselleiro mostra o novo documento.)* *(Aplausos.)* Simplificación administrativa. ¡Simplificación administrativa de verdade!

¿A vostede parécelle normal que a unha persoa... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* ...a Consellería de Política Social lle pida un informe médico? ¿Parécelle normal? Hoxe non vai ser necesario, porque temos as pasarelas automáticas para o Ianus. *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Non pedimos o informe de valoración xeral do médico de cabeceira porque non é necesario. Non pedimos o informe social do traballador social de base...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...porque non é necesario...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...se o concello está incorporado na historia social única. Polo tanto, todo o noso compromiso, de verdade.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** Imos medir o resultado desta política...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, conselleiro, terminou o tempo.

**O señor CONSELLEIRO DE POLÍTICA SOCIAL (Rey Varela):** ...de simplificación administrativa. E o máis importante, non imos escatimar... *(O señor conselleiro pronuncia palabras que non se perciben.)*


**O señor PRESIDENTE:** Terminou o seu tempo, por favor. Grazas. *(Aplausos.)*

Antes de suspender o pleno, quixera trasladarlles unha información importante, e é que como se aveciña o verán e non todo o mundo sabe da importancia que ten protexerse dos efectos nocivos do sol, estamos tratando de facer unha xornada... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* —é moi importante, señor Bará— neste Parlamento, se pode ser o próximo pleno, na que virá o Servizo de Dermatoloxía do Complexo Hospitalario de Santiago para advertirnos a deputados, traballadores, tanto do Consello de Contas como... a todos, e que saibamos da importancia que ten a protección. Van facer consultas para que todo o mundo poida ir alí e visualizar eses lunares e esas manchas para os que pode ser nocivo o efecto do sol neles. Eu o que vou pedir é a colaboración de todos vostedes, porque todos vostedes son representantes da sociedade, para trasladarlle á sociedade a mensaxe da importancia de protexerse contra os efectos nocivos do sol. Non é malo que o Parlamento faga iso.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

Remata a sesión.

*Remata a sesión ás seis e trinta e dous minutos da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25